



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 153

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 11 de maio de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en pleno

4.6 49595 (09/PNP-003618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás
demencias e, en concreto, á enfermidade de Alzheimer en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

4.7 49717 (09/PNP-003628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as
probos de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as deman-
das que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

4.8 49773 (09/PNP-003637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés, e Rodríguez Barreira, María Julia
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-
76, entre Ourense e León

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 45918 (09/INT-001748)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 03.02.2016

5.2 47971 (09/INT-001843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e dous deputados/as máis
Sobre a oferta de solo industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

5.3 49348 (09/INT-001903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre a política de loita contra a pobreza que está a levar a cabo
o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Punto 6.reguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 50134 (09/POPX-000185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a incidencia da política económica do Goberno galego na
resolución dos problemas sociolaborais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

6.2 50165 (09/POPX-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns da renuncia do Goberno galego a solicitar a
modificación do sistema de financiamento autonómico para
mellorar o financiamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

6.3 50193 (09/POPX-000187)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do
agro e do medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 49521 (09/POP-004827)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o persoal que vai atender as persoas do colectivo LGTBI
nos centros de información ás mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.2 50194 (09/PUP-000273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Angel

Sobre a valoración do Goberno galego da recente viaxe do Sr.
presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.3 49194 (09/POP-004772)

Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo, e Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao
Goberno central da inclusión da situación periférica, a dispersión
e o avellentamento poboacional de Galicia como criterios para a
repartición de fondos en concepto de participación dos concellos
nos ingresos do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

7.4 45601 (09/POP-004200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e tres deputados/as máis
Sobre a decisión da Xunta de Galicia en relación co remate da
execución do proxecto do Centro de Interpretación de Parques
Naturais de Galicia en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

7.5 49525 (09/POP-004829)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Goldar Güimil, Jesús Antonio, e sete deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a execución do Plan
de reforzo de firmes das estradas de titularidade autonómica
anunciado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.6 50169 (09/PUP-000271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o
pagamento, pola empresa concesionaria do servizo de limpeza
de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, das
mensualidades debidas aos seus traballadores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.7 49612 (09/POP-004836)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción, e seis deputados/as máis
Sobre as razóns da demora do Goberno galego na apertura do
Servizo de Medicina Nuclear comprometido no Hospital Universi-
tario Lucus Agustí de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

7.8 50187 (09/PUP-000272)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis

Sobre os resultados do modelo sanitario da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 639, do 04.05.2016

7.9 49062 (09/POP-004750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a posición defendida polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para garantir a viabilidade da frota contixentada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 631, do 14.04.2016

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada do señor Rodas Chapela (BNG). (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia da política económica do Goberno galego na resolución dos problemas sociolaborais de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 11.)

Réplica do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da renuncia do Goberno galego a solicitar a modificación do sistema de financiamento autonómico para mellorar o financiamento de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica do autor : Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do agro e do medio rural de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)

Réplica do autor : Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias, e, en concreto, á enfermidade de Alzheimer en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 20.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ferreiro Vidarte (S)*. (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 23.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 34.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 25.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 26.)

A señora Ferreiro Vidarte (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 30.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 31.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 32.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 33.)

Nova intervención do señor Pombo Rodríguez (BNG). (Páx. 34.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e Dª María Julia Rodríguez Barreira, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 38.) e *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 40.) e *Sr. Fernández Fernández (S)*. (Páx. 41.)

O señor Blanco Paradelo (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 42.)

O señor Beiras Torrado (AGE) solicita a palabra por unha cuestión de orde. (Páx. 43.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de Dª Mónica Fernández Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a actuación que debe levar a cabo para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso do galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a liquidación pola Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e tres deputados/as máis, sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, diante das autoridades estatais e comunitarias, da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión dos recursos no marco da política agraria común, co fin de resolver a situación xerada pola aplicación do principio de estabilidade relativa: *aprobada por 39 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias e, en concreto, á enfermidade de Alzheimer en Galicia: *aprobada por unanimidade, con 70 votos a favor.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3^o e 6^o de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e D^a María Julia Rodríguez Barreira, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León: *aprobada por 56 votos a favor, 3 en contra e 11 abstencións.* (Páx. 45.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional sobre o pobo Palestino. (Páx. 46.)

Debate das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (Continuación.)

Intervención dos GG. PP. para posicionarse sobre as propostas de resolución: Sra. Martínez García (M) (Páx. 46.), Sr. Sánchez García (AGE) (Páx. 49.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 51.), Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 52.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 55.)

Votación das propostas de resolución

Votación da proposta de resolución número 1, do G.P. Mixto (doc. núm. 48142), sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que pretende o rexeitamento do plan: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación conxunta das propostas de resolución transaccionadas sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *aprobadas por unanimidade, con 68 votos a favor.* (Páx. 57.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. Mixto sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *rexeitadas por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *rexeitadas por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *rexeitadas por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *rexeitadas por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. Popular de Galicia sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020: *aprobadas por 38 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia lingüística. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 58.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 64.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a oferta de solo industrial. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 71.)

Interpelación de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de loita contra a pobreza que está a levar a cabo o Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 78.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o persoal que vai atender as persoas do colectivo LGTBI nos centros de información ás mulleres. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 81.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da recente viaxe do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da inclusión da situación periférica, a dispersión e o alentamento poboacional de Galicia como criterios para a repartición de fondos en concepto de participación dos concellos nos ingresos do Estado. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a decisión da Xunta de Galicia en relación co remate da execución do proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia en Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a execución do Plan de reforzo de firmes das estradas de titularidade autonómica anunciado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 94.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o pagamento, pola empresa concesionaria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, das mensualidades debidas aos seus traballadores. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 97.)

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e seis deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora do Goberno galego na apertura do Servizo de Medicina Nuclear comprometido no Hospital Universitario Lucus Agustí de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 100.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os resultados do modelo sanitario da Xunta de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 103.)

Remata a sesión ás sete e dezasete minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Bos días outra vez.

Quixera, en primeiro lugar, desculpar a asistencia do deputado Daniel Rodas Chapela por un problema familiar que desexamos teña unha evolución favorable.

Comezamos co turno de preguntas con resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia da política económica do Goberno galego na resolución dos problemas sociolaborais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don José Luis Méndez Romeu, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, aplaudimos os novos contratos en Navantía, e aínda aplaudiríamos máis se os contratos de Navantía non se produciran só en vésperas electorais, *(Murmurios.)* os traballadores estarían moito máis contentos. En todo caso, o relevante é que con estas contratacións vostedes comezan a aproximarse ás cifras de emprego no sector naval do ano 2008.

A lexislatura remata e vostede en Ourense foi sincero, na compañía de Baltar anunciou máis do mesmo, ningunha idea nova, ningunha esperanza. Mesmo o señor Rajoy considerou oportuno escusarse da foto –asunto de compañías, claro–.

Balance do seu, 150.000 ocupados menos, 67.000 parados máis. Con vostede o paro medrou o 42 % –datos da EPA–, deles un terzo con máis de dous anos de paro. ¿Ofrécelle vostede algunha esperanza a ese cuarto de millón de persoas en idade de traballar que non teñen ningunha oportunidade e que a este paso nunca a van ter? Somos un país con 900.000 activos no momento actual e un cuarto de millón de persoas que queren traballar e non atopan oportunidades, e con vostede parece que poden abandonar toda esperanza. A décima parte dos empregos indefinidos desapareceu, a sexta

parte dos empregos a tempo completo desapareceu, a quinta parte dos empregos temporais desapareceu, a metade dos parados non recibe prestación. E vostede coa súa insensibilidade característica ofrece seguir así, máis do mesmo.

Póñalle cara ao problema, señor presidente, xa sei que a vostede non lle gusta a xente real, falar coa xente que ten problemas. Se vostede fixera o que facemos a maior parte das persoas, por exemplo, ir á compra, sorprenderíase... *(Murmurios.)* –xa vexo que nesas filas hai xente que ten servizo e está exenta da vida doméstica. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Señor Feijóo, se vostede na súa vida habitual entrara... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...nun hipermercado ou nun supermercado sorprenderíase de que as caras no lineal de caixas varían en cada visita. *(Murmurios.)* Non é porque haxa ningunha praga bíblica, é porque se están asinando contratos leoninos, contratos de 40 horas distribuibles no mes, contratos de 18 horas para facer intensivas na fin de semana, contratos dun día, contratos dunha semana. Esas persoas, señor presidente, logo non van xerar pensións, porque non van ter o tempo mínimo de cotización, e serán sempre persoas suxeitas a esa dependencia. Está ocorrendo no comercio e na hostalería por salarios de 200, 300 e 400 euros.

Se vostede pisara a rúa atoparía xoves ás veces titulados que encadean 90 contratos cada ano –90 contratos, señor presidente– e que se son mulleres non teñen nin dereito á baixa por maternidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Vostede está aquí divagando sobre a natalidade, pero a súa política laboral é totalmente contraria á capacidade das mulleres de comprometerse coa maternidade.

¿E vostede o que nos está ofrecendo é multiplicar esas situacións de explotación laboral máis tempo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Méndez Romeu, trasladareille a súa queixa á Armada australiana por facer campaña en favor do Partido Popular de Galicia. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señor Méndez Romeu, señor candidato, señoría, hai uns meses que preguntaba vostede pola política económica do Goberno. Hoxe parece que reconece que si hai unha política económica, aínda que non lle gusta, algo temos avanzado. O que si sería necesario é saber cal é a súa política económica, é dicir, cal é a política económica do Partido Socialista de Galicia. Porque ata o de agora do Partido Socialista de Galicia só coñecemos unha proposta: non, pero non un non xeneralizado, senón un non selectivo: non á maioría de Galicia que representa este grupo. Porque cando se trata doutros partidos non dubida vostede en cualificar as súas políticas como malas, incluso os seus superiores dentro do Partido Socialista de Galicia as cualifican como pésimas, como as peores; e, sen embargo, vostedes apóianas. Señor Méndez Romeu, están vostedes a piques de perder as ideas.

Señor Méndez Romeu, o Partido Socialista en Galicia está a piques de perder as ideas e, sobre todo, de perder a memoria. Agora resulta que lle molesta que o PIB —é dicir, a economía galega— creza máis que dende o ano 2008 e máis que a inmensa maioría dos países de Europa; moléstalle, señoría, que no último ano o paro en Galicia baixara 47.800 persoas; moléstalle que no último ano as afiliacións á Seguridade Social subiran máis de 33.000 persoas; moléstalle, en definitiva, que hoxe teñamos menos paro, case catro puntos menos que hai un ano.

Pero digo que están vostedes sen memoria porque parece que vostede non lembra que foi membro do Goberno do bipartito. Ese Goberno do que vostede formaba parte supuxo que a caída da economía galega no último ano do seu Goberno fora do 3,6 %, que o paro no último ano do seu Goberno subira 54.000 persoas e que as afiliacións á Seguridade Social no último ano do seu Goberno baixaran máis de 50.000 persoas.

Mire, señoría, cando vostede me fala de datos, vostede traía o que lle pete, ¡se lle dá igual!, se vostede vén aquí non

preguntarme a min, senón a que o escoite o seu grupo; pero iso, como é natural, é administrador dos seus propios tempos.

Pero mire, señoría, cando eu me presentei ás eleccións nese ano 2012, no primeiro trimestre que fun presidente da Xunta, fronte a este primeiro trimestre do ano 2016, hoxe hai 60.000 parados menos que cando comecei a lexislatura. Hoxe hai 62.300 parados menos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡si!— nas oficinas de rexistro, e segundo a EPA 60.000 parados menos; *(Murmurios.)* segundo a EPA, 34.500 afiliacións á Seguridade Social máis.

Señor Méndez Romeu, vixíe quen lle fai os números no seu grupo, non vaia ser que estean traballando para outro candidato. *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, estes son os números, *(Aplausos.)* estes son os números que eu acabo de reflectir. *(Aplausos.)* Polo tanto, señoría, sei que o primeiro problema de Galicia é o paro. Pero tamén teño constancia fehaciente de que coas políticas económicas do Partido Socialista Obreiro Español neste momento, señor Méndez Romeu, o paro non sería o problema, o paro sería a situación da inmensa maioría da poboación ocupada en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente da Xunta de Galicia, xa que fala das eleccións, pode ir dando ordes aos seus esbirros para que deixen de facer dosieres. *(Murmurios.)* ¿Ou pensa repetir a suxa campaña electoral do ano 2009? *(Murmurios.)*

Fala vostede con todo desparpajo das cifras de emprego, EPA, EPA, que a fai o seu Goberno. Vostede ten 150.000 persoas menos traballando en Galicia e 67.000 parados máis

que o día que chegou, ese é o seu balance. E seguramente o están enganando os seus conselleiros cando lle fan a vostede de os papeis, pode cesalos que ninguén o vai lamentar neste país.

E un dato máis, señor presidente, 40.000 fogares galegos sen ningún tipo de ingreso, esa é a herdanza súa, e vostede ofrecendo máis do mesmo. Permítame que lle diga algún dato máis. ¿Coñece vostede, señor presidente, que hai titulados universitarios con dous idiomas e sobrados de experiencia con contratos de obra e servizo para facer simultaneamente de peón, de administrativo e de técnico?, persoas que saben que os horarios ademais de flexibles son extensibles tanto como faga falta e sen dereito a nada. ¿Ese é o modelo laboral para os máis cualificados?

Un informe recente dunha entidade desas que lemos todos, de gran prestixio, fala de Galicia e di: “menor investimento que a media de España, menor confianza empresarial, peor confianza dos consumidores”. Datos da semana pasada, señor presidente, son indicadores da preocupación xeral dos cidadáns, que consideran que non imos na dirección correcta, e que cando en España comeza a recuperación non só do PIB, senón tamén do emprego, en Galicia non estamos nin nesa senda de crecemento, nin nesa senda de emprego, o paro está enquistado.

Vostede gastou 70.000 millóns de euros con prioridades distintas non para loitar contra o paro, nin para promover o investimento. Vostede mantivo intacto o gasto corrente, pero recortou a sanidade, recortou as prestacións sociais, recortou a dependencia, recortou o ensino e, mesmo, recortou as políticas de atención ao emprego. ¿Ese é o seu modelo?

Vostede o que fixo foi suprimir...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...milleiros de postos de traballo nas áreas onde a xente ten máis necesidade; hoxe temos a maior desigualdade de España e a maior distancia coa media española. ¿É vostede consciente de que isto é un fracaso? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Señor Méndez Romeu, estará de acordo comigo en que aquí ninguén prende a xente. Esbirro é un alguacil encargado de prender a xente, (*Murmurios.*) e falou de esbirro. (*Protestas.*) ¡Si, si! ¡Si!

Resposta do señor presidente. Turno de peche. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, voulle dar os datos que debe vostede solicitar no grupo. No primeiro trimestre do ano 2013 –esta segunda lexislatura– a EPA sinalaba o paro en 287.000, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) agora 227.000, 60.000 menos. Hai algúns que falan de ocupados, afiliacións á Seguridade Social, 908.000 persoas; hoxe 943.000 persoas, é dicir, 34.500 ocupados afiliados á Seguridade Social máis.

Señor Méndez Romeu, se quere vostede seguir falando da calidade do emprego, o 75 % dos asalariados en Galicia teñen emprego indefinido –o 75 %–. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, o contrato indefinido subiu en Galicia no último ano... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...máis de 6.800 persoas. Os contratos a tempo completo subiron en Galicia no último ano 48.000 persoas. Señor Méndez Romeu, faga mirar quen lle fai os datos, créame, téñolle un aprecio especial, pero como sigamos traballando así dáme a sensación de que non están traballando para vostede. (*Aplausos.*) Pero, en fin, esa é unha cuestión (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) que a vostede lle corresponde plantexar. (*Aplausos.*)

Mire, señor Méndez Romeu, ¿cal é a súa proposta en materia de emprego? Mire, en Andalucía a taxa de paro é 10 puntos máis que en Galicia; en Extremadura a taxa de paro é de 9,9 puntos máis que en Galicia; en Castela-A Mancha, 7,3 puntos máis que en Galicia; incluso en Valencia, que están no Mediterráneo, case 4 puntos máis que en Galicia. (*Murmurios.*) En todos estes sitios goberna o Partido Socialista Obrero Español. (*Murmurios.*) ¿Isto é o que nos propoñen, señor Méndez Romeu? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor. Señor Gallego, silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Méndez Romeu, fixemos un control responsable das contas públicas, ¿sabe para que?, para mellorar os servizos públicos, para incrementar a sanidade, para incrementar a dependencia, para incrementar os servizos sociais e para incrementar a educación. *(Aplausos.)* O que recortamos, señoría, foron os despachos, os coches, os asesores; diso vostede sabe bastante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)*

Señor Méndez Romeu, onte o conselleiro de Facenda compareceu na Cámara, *(Interrupcións.)* plantexou un plan estratéxico..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...quere dicirse, temos política económica dende o ano 2009 ao ano 2016, e deixamos escrita a política económica ata o ano 2020. Hoxe economistas de prestixio acaban de dicir que é o mellor plan estratéxico da economía galega que nunca fixo un goberno, espero que tome proposta e que tome ideas deses economistas.

Señor Méndez Romeu, mire, os resultados da nosa política económica é que en Galicia estamos crescendo, que en Galicia baixa o paro, que en Galicia soben as afiliacións á Seguridade Social, que soben as exportacións, que sobe a industria, que sobe a confianza dos consumidores, que sobe a produción industrial e que baixamos os impostos e incluso eliminamos os impostos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Con esta política económica voume presentar como candidato a presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se a miña política económica fora de que baixaran as afiliacións e de que subira o paro, entón presentaríame ás primarias do Partido Socialista Obreiro Español. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Señor Méndez Romeu...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, nós deixamos unha Galicia estable, unha Galicia con confianza e unha Galicia con certezas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe por que, señoría? Porque temos máis futuro e, ademais, porque temos máis recursos adicionais.

Señoría, Galicia ten un superávit de responsabilidade que imos investir no futuro de Galicia, no futuro dos nenos e das nenas galegas, no futuro da educación galega, que é o futuro da democracia, no futuro da sanidade pública, *(Murmurios.)* no futuro das persoas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio, por favor. Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e no futuro do país.

Señoría, ese superávit de responsabilidade ímolo investir en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E mañá no Consello da Xunta empezamos a distribuír o superávit de responsabilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da renuncia do Goberno galego a solicitar a modificación do sistema de financiamento autonómico para mellorar o financiamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Francisco Xesús Jorquera Caselas, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, na miña opinión, un síntoma das moitas anomalías que existen no noso país é que unha cuestión chave para Galiza, como é o sistema de financiamento autonómico, estea practicamente ausente do debate político, pero, sobre todo, señor Feijóo, é unha anomalía que estea ausente da axenda do seu Goberno, porque o sistema de financiamento autonómico é unha cuestión esencial. Do mesmo depende o financiamento dos servizos e das competencias que temos transferidas, o financiamento, en definitiva, do ensino, da sanidade, dos servizos sociais, deses servizos que o seu Goberno tanto se empeñou en recortar.

Como sabe, o actual sistema tiña que ser revisado antes de decembro de 2014, pero o Goberno Rajoy decidiu incumprir a lei, e mentres outras comunidades puxeron o berro no ceo reclamando a súa revisión, o seu Goberno, como é costume, limitouse a aceptar os ditados do Goberno español.

Mire, o Grupo Parlamentario do BNG propuxo crear unha comisión de estudo; vostede dixo que non. Emprazamos o seu Goberno a que presentase as súas propostas ante este Parlamento, a que establecese un diálogo con todos os grupos, a ver se era posíbel concretar unha posición de país, e vostedes dixeron que non. O seu Goberno, en definitiva, nin opina nin dialoga nin concreta as súas propostas. Nun debate crucial para o país, Galiza está ausente por boca do actual Goberno.

Como está ausente tamén no debate do financiamento local, señor Feijóo. Os concellos galegos están á cola na participación nos ingresos do Estado. Reciben por habitante case un 20 % menos que a media dos concellos das comunidades de réxime común. Pero o seu Goberno non fixo nada para exixir a revisión do sistema de financiamento local. A última desculpa é que agora o Goberno central está en funcións.

Pero, señor Feijóo, o que está en funcións, o que leva sete anos en funcións en materia de autogoberno é o Goberno que vostede preside. En sete anos, cero competencias reclamadas, cero traspasos conseguidos. Vai camiño de completar a segunda lexislatura en branco en materia de autogoberno. Nunca na historia da nosa Autonomía houbo un balance máis desastroso para o noso autogoberno, señor Feijóo.

E non existe autogoberno sen un modelo de financiamento que asegure a nosa autonomía e a nosa suficiencia financeira. Por iso, señor Feijóo: ¿por que renunciou a solicitar a modificación do sistema de financiamento autonómico para mellorar o financiamento de Galiza?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, a reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas é, sen dúbida, unha reforma que hai que afrontar. Non o dicimos agora, é que nós sempre estivemos en contra do actual modelo de financiamento das comunidades autónomas, como vostede recorda ben. ¿Por que? Porque ten dúas eivas principais:

A primeira no seu deseño, porque o sistema de financiamento actual das comunidades autónomas non se rexeu polo principio de cubrir os custos reais dos servizos públicos, non, rexeuse para intentar manter o Goberno do señor Rodríguez Zapatero e o Tripartito catalán daquela. Vostede recordará que chegaron a un acordo entre Esquerra Republicana de Catalunya, Iniciativa per Catalunya, Partido Socialista de Catalunya e Partido Socialista Obreiro Español en Madrid; recórdao moi ben, eu tamén.

Señoría, ademais de que foi simplemente un pacto político para manter un Goberno tripartito cos independentistas cataláns, pois a evolución dese sistema non foi unha evolución correcta en función das cifras acadadas e das expectativas cumpridas. Amosouse claramente un sistema exclusivamente político para solventar un acordo co independentismo catalán e poder estar o Partido Socialista gobernando Cataluña.

¿Cal foi a postura do Goberno da Xunta? Mire, señoría, sabe vostede que se nós non asinamos ese acordo como o resto das comunidades autónomas nos plantexaban dúas penalizacións: a primeira, que tiñamos que devolver nun só ano os 2.200 millóns de euros que nos deixou de pufo o Bipartito en

Galicia e, a segunda, que os recursos adicionais para a dependencia non virían para Galicia nin para ningunha outra comunidade autónoma que non asignara o modelo.

Polo tanto, señoría, non podo estar máis de acordo con vostede: é un modelo incorrecto, é un modelo inxusto, é un modelo que non financia o custo real dos servizos e, en consecuencia, é un modelo que hai que rectificar. Mire, señoría, non conta cun mapa de servizos, nin co custo efectivo dos servizos que prestamos. E nós lonxe de dicir o que vostede comenta de que nada fixemos, ao contrario, temos todo preparado para concretar cal é a postura da Comunidade Autónoma; pero non é unha postura política, que tamén, senón é unha postura técnica e sólida.

Señoría, sabemos cal é o impacto da sanidade, sabemos cales son os custos da sanidade dos maiores de 65, pero tamén hai que empezar a ver cal é o custo da sanidade dos maiores de 85, e tamén hai que valorar cal é o custo da sanidade dos maiores de 95 anos.

Todo isto é o que temos que falar, señoría, e por iso nós non imos falar de independencia, nós imos falar de persoas. E non queremos un sistema de financiamento para un territorio, queremos un sistema de financiamento para os galegos e as galegas en pé de igualdade que os cataláns e que o resto das cidades e das persoas de España. *(Aplausos.)*

Señoría, nós non estivemos parados, créame que non; analizamos continuamente a evolución do sistema. O Consello de Política Fiscal e Financeira ten os nosos cálculos dende o punto de vista técnico sólidos. Participamos e estamos participando no Consello de Política Fiscal e Financeira, que está tendo reunións preparatorias para o novo sistema.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, por suposto, ¿sabe o que temos que facer, señor Jorquera? Establecer contactos con outras comunidades autónomas, porque isto xa sabemos de que vai. Se algúns se fan co Goberno de España van facer o que xa fixeron: pactar cos ricos e desprezar o resto de España.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, vou proporcionarlle uns datos:

Autogoberno. No seu programa das autonómicas de 2009 criticaba o anterior Goberno porque –cito textualmente– “apenas pode exhibir doce traspasos malia ficar temas pendentes que exigen un esforzo adicional”. Sete anos despois ese esforzo adicional do que falaba consistiu en demandar cero traspasos.

Financiamento local. O actual sistema ten unha incidencia directa en que os veciños dos concellos galegos teñan peores servizos, en que o gasto público por habitante das nosas institucións locais sexa de 817 euros, fronte aos 1.048 da media estatal. Este Parlamento, por iniciativa do BNG, acordou instar a Xunta a exixir a súa revisión e concretou unha proposta de país, señor Feijóo. Foi en abril de 2015, hai máis dun ano, moito antes de que o actual Goberno central estivese en funcións. Pero a Xunta incumpriu o acordo e os nosos veciños seguen padecendo esta discriminación.

Pero falemos agora de financiamento autonómico, señor Feijóo. Efectivamente, teño memoria, cando se aprobou a actual revisión era voceiro do BNG no Congreso dos Deputados, xa llo teño dito nesta cámara. Cando se votou esa revisión, ¿sabe cantos deputados galegos no Congreso votaron en contra? Dous, os dous do Bloque Nacionalista Galego, *(Aplausos.)* o Partido Popular achantou, señor Feijóo.

Mire, ¿sabe canto diñeiro leva perdido Galiza dende a entrada en vigor do actual sistema, señor Feijóo? Uns 8.464 millóns de euros, o equivalente ao gasto non financeiro dun exercicio orzamentario, ou os recortes acumulados polo seu Goberno dende o ano 2009. Por suposto que en parte se debe á caída da recadación por mor da crise, pero sobre todo débese, señor Feijóo, a un sistema de financiamento ruinoso para Galiza, que non asegura a nosa suficiencia financeira nin a nosa autonomía, e fainos dependentes dunhas transferencias do Estado raquícticas.

E vostede nesta cuestión nin está nin se lle espera. Mire, ¿por que non exixiu a revisión? É que non está contestando

a esa pregunta. ¿Por que non exixiu a súa revisión? Vostede di que teñen todo preparado ¿E é normal nunha cuestión central para o país que diga que teñen todo preparado e siga sen expoñer as súas propostas a esta cámara nunha cuestión de país e sometelas a diálogo con todos os grupos?

Señor Feijóo, vostede acaba de ser proclamado candidato enarborando a bandeira do galeguismo, pero en materia de autogoberno, como dixo un xornalista, evocando unha canción...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor JORQUERA CASELAS: ...de Carlos Puebla: “Chegou vostede e mandou parar”. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Jorquera, cancións á parte, non creo que sexa moi intelixente iniciar un novo sistema de financiamento cando están en caída libre os ingresos das administracións públicas. Supoño que vostede, que é unha persoa sensata, non plantexaría (*Murmurios.*) empezar a negociar unha cuestión no momento en que diminúe a recadación dunha forma notable do IVE e do imposto da renda das persoas físicas. E por iso a prudencia aconsellaba non iniciar ese proceso, e moito menos inicialo cando hai nada máis e nada menos que unha ameaza independentista de que se non lles damos o diñeiro que piden se van.

Señor Jorquera, ¿vostede poderíame dicir canto diñeiro lle debemos a Cataluña? Exactamente, ¿canto ten que transferir Galicia ás arcas da Generalitat para que non se vaian? Dígoo, señoría, porque vostedes foron en campaña electoral con Esquerra Republicana de Catalunya. E Esquerra Republicana de Catalunya foi a que asinou o acordo do Tripartito catalán co señor Rodríguez Zapatero, con ese ao que vostede se opoñía tanto a partir do ano 2009, que xa non era necesario o PSOE en Galicia porque perderon as eleccións, pero, sen embargo, era o mesmo ao que vostedes votaban sempre dende o ano 2005 ao ano 2009 porque aquí traballaban e gobernaban xuntos.

Pero iso os galegos sabémolo ben, temos recordo do BNG. O BNG tivo distintas fases na súa historia, señor Jorquera. A fase do señor Rodríguez Zapatero non foi a mellor da historia do BNG, e por iso neste momento hai algunhas dificultades, que espero que solventen.

Señor Jorquera, cando eu entrei na Xunta debíámoslle ao Goberno de España 2.200 millóns de euros, que había que pagar en cinco anos. O primeiro ano descontáronnos 450 millóns de euros. Esa foi a herdanza, señoría. Non só conseguimos que se aprazara a dez anos, senón que despois conseguimos que esa débeda se aprazara a vinte anos, e agora conseguimos non pagar esa débeda. Por iso, señor Jorquera, eu esperaba non unha felicitación, pero si polo menos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, señoría, non é unha broma. Porque se Galicia tivera que pagar os 450 millóns de euros cada ano, hoxe non teríamos as posibilidades que temos na sanidade, na educación e nos servizos sociais.

Por iso, señor Jorquera, créame que isto non é unha broma. Falar de cartos non é broma, señorías. E eu négome a iniciar un proceso de financiamento coa ameaza independentista de Cataluña, coa ameaza independentista de Navarra e agora con esas confluencias, afluentes ou non sei que falan do Senado entre os de Podemos e o Partido Socialista Obrero Español.

Señor Jorquera, non nos vai tremer a man. É posible que na próxima lexislatura o Partido Popular e o BNG poidan conseguir bastantes acordos no ámbito do financiamento. Teño moitas máis esperanzas en conseguir acordos co BNG que en conseguir acordos coas Mareas de Podemos e co Partido Socialista Obrero Español.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do •G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do agro e do medio rural de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Si, señor Feijóo, pois paréceme moi ben que non teña esa esperanza, porque non quero que teña unha frustración; evidentemente, non imos ter acordos con vostede.

Falaba vostede de pufos, pufo do Bipartito –dicía vostede–. Pufo é o que deixa vostede, señor Feijóo. Cando vostede chegou ao Goberno, a débeda da Xunta de Galicia, a débeda pública da Xunta de Galicia significaba 1.200 euros por galego e galega e vostede vai deixar o Goberno cargándolle 3.600 euros a cada galego e galega de débeda pública, posto que supera xa os 10.000 millóns de euros. Iso si que é un pufo, señor Feijóo. E se servise para, polo menos, desenvolver sectores produtivos, emprego de calidade e evitar que a xente teña que marchar do país, estaría ben utilizado, pero nada diso foi certo.

Os datos de partida deste novo Plan estratéxico o que nos indican é que non hai ningún dato que sexa hoxe mellor que cando vostedes fixeron o anterior, no ano 2010. Todos son peores. Por non falar dos erros clamorosos das súas previsións, que convén ter en conta e que a cidadanía teña en conta cando chegue a campaña electoral e volvan facer promesas e profecías fantásticas.

E no rural tamén todos os indicadores son peores, señor Feijóo. Sete anos despois da xestión *made in* Feijóo, a realidade, pero sobre todo as expectativas, son moito peores, e vostedes insisten en aplicar as mesmas receitas que produciron abandono, envellecemento e desertización do rural, destrución dos sectores primarios.

Dende que vostede chegou, señor Feijóo, destruíu un de cada tres empregos do sector agrogandeiro e forestal. Había 70.600 ocupados, e a finais de 2015 hai 45.000. O 70 % das explotacións lácteas que pechan son galegas. Os gandeiros galegos levan máis de dous anos percibindo o leite máis barato do Estado e por debaixo dos custos de produción, etc., etc. Non hai ningún dato positivo, señor Feijóo. A superficie agraria útil, a industrialización do agro, todo é un conxunto de fracasos.

E hai uns días ocorreron uns feitos tráxicos neste país. Houbo tres casos en Friol, Chantada e Boiro onde ou se deixaron morrer as vacas ou case. Nun país onde este animal é

un animal totémico, xente que levaba moitos anos vivindo de coidar as vacas, que dependía o seu sustento de coidar ben as vacas, deixáronas morrer ou case. E estes feitos, por moito que vostedes teimen en descontextualizalos, mostran a desesperación desta xente, mostran a dureza da situación que están a vivir. As mortes das vacas, segundo vostedes, son feitos illados, igual que os casos de corrupción do Partido Popular. Nós non dicimos que isto vaia ser xeneralizado, nin que estea sendo xeneralizado. É moi complicado que alguén chegue a estes extremos de deixar morrer as vacas de fame, é moi difícil, sabémolo. Pero o que é indiscutible é que son feitos significativos e que representan unha realidade do noso rural e dos nosos gandeiros. E sabemos que vostede non é campión da empatía, pero faga un esforzo dunha vez por poñerse na pel destas persoas e tome decisións para que deixen de estar na desesperación absoluta.

Finalmente, fágolle dúas preguntas desta colección das que quedarán sen contestación, seguramente. ¿Acontecerían estes casos, señor Feijóo, se, en vez de dous anos seguidos cobrando por debaixo dos custos de produción, fose ao revés e estes gandeiros tivesen cobrado estes dous anos prezos dignos polo seu leite? ¿Sería o mesmo, señor Feijóo? ¿Creo vostede? E ¿que dato positivo arroxa o balance da súa xestión no rural galego?

Agardo que non pasen a ser da colección das preguntas que vostede non se digna a contestar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Queda claro, señorías, que a xente de Podemos non está en ningún caso a favor de pactar unha proposta conxunta de Galicia para o novo sistema de financiamento. *(Aplausos.)* É lóxico, señorías, é lóxico, porque para que vostedes poidan pactar algo en Galicia hai que falar co profesor Iglesias.

Señoría, falar de débeda pública por parte de Podemos na Cámara é algo sorprendente. Cando fixemos o presuposto este ano, querían incrementar a débeda pública da

Comunidade Autónoma en 200 millóns de euros, e agora di que implementamos a débeda. Mire, señoría, nós temos menos débeda pública que o resto das comunidades autónomas, case 5,7 puntos por debaixo da media das comunidades autónomas. Se tiveramos a mesma débeda pública que o resto das comunidades autónomas, teríamos 3.000 millóns de euros máis de débeda pública. Iso supoñería 85 millóns de euros máis de intereses ao ano. Pois eses 85 millóns de euros o que queremos é gastalos, investilos, no medio rural.

Mire, eu estou acostumado a case todo. Pero o de Podemos empeza xa a superar os límites. Na anterior sesión de investidura acusaban o Goberno de homicidas, e agora tamén de ser os culpables de que algún gandeiro deixe morrer as súas vacas. Mire, alá vostede, señoría. Como pode vostede comprobar, os de Podemos saben tanto do rural que estamos preocupados. O señor Pablo Iglesias coñece tanto o rural galego, bueno, mellor dito, o señor Pablo Iglesias, o único verde que viu foi o céspede da Complutense e non sabe que é o rural galego. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, dáme exactamente igual o que vostede dende o seu partido me diga. Mire, señoría, nós o que fixemos foi manter os fondos da política agraria común. Nós o que fixemos foron novas leis para o ámbito rural. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós o que fixemos é cobrarlles menos impostos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, non vai con vostede. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...aos gandeiros e aos labregos. Nós o que fixemos foi investir máis en innovación. Nós o que fixemos foi investir máis en modernización das explotacións.

Señoría, cando vostede me di se podo dar algún dato positivo, pois mire, neste momento, é o ano que máis xóvenes están pedindo incorporarse ao medio rural. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor García, señor García, silencio. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, en segundo lugar, señoría, este é o ano onde máis solicitudes temos para facer investimentos...

O señor PRESIDENTE: Señor García, chámoo á orde. A pregunta é do señor Sánchez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...na industria agrogandeira.

Creo que son dous datos positivos. Temos 757 solicitudes de xóvenes para incorporarse ao medio rural e máis de 2.200 solicitudes para mellorar as explotacións gandeiras.

Temos neste momento 155 millóns de euros de investimentos no sector agrogandeiro, que estamos avaliando para obter as posibilidades de axuda conforme a lexislación europea.

Mire, señoría, cando vostede me fala do sector rural, quero dicirlle que nós si estamos preocupados polo sector rural, sen dúbida, como estabamos preocupados polo sector naval, como estabamos preocupados polo sector da automoción, e como estou convencido de que, do mesmo xeito que superamos os atrancos no sector naval e no sector da automoción, tamén superaremos os atrancos no sector lácteo.

Máis nada. Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, xa vexo que vostede, señor Feijóo, é un covarde, e pasarán dúas preguntas máis sen contestar á colección das que o presidente da Xunta non é capaz de contestar, porque non ten resposta. É un covarde e un incapaz.

Vostede non está aquí para facer promesas, señor Feijóo, leva dúas lexislaturas, o que se lle pregunta é o balance das súas políticas xa feitas, as súas promesas non valen nada. As promesas xa as fixo en 2009-2012, e xa vemos a realidade.

As súas promesas non valen nada, non ten credibilidade, señor Feijóo. É como aquel condutor que vai pola autopista en dirección contraria e di que son os demais os que van en dirección contraria. É o único que non ve a situación desesperada dos gandeiros no rural galego, señor Feijóo. A súa palabra non vale nada.

E non frivolice, non frivolice cando fala destas situacións, e non empece a falar de Podemos nin de Pablo Iglesias. Non está falando con Pablo Iglesias nin con Podemos. Está falando con Antón Sánchez, que coñece o rural, que vive do rural e que ten... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Por favor, señor presidente, aplique o mesmo criterio para eles.

Non frivolice coa situación do sector rural, señor Feijóo. Sería superarse a si mesmo. Sería superar o nivel de indignidade, que xa ten moi alto, señor Feijóo. Non frivolice e conteste ao que se lle pregunta. Dígame un dato no que o rural galego e o agro estea mellor que cando vostede chegou. Dígame se estes casos que aconteceron, e que son a punta do iceberg da desesperación do sector, acontecerían se os prezos do leite foran prezos dignos que cubrisen, polo menos, os custos de produción, e polos que vostedes non fixeron nada, foron incapaces e non tiveron vontade de rescatalos.

Vostede fálame de incorporación de mozos. Señor Feijóo, os últimos datos dinnos que o 4,68 % dos titulares de explotacións agrarias teñen menos de 40 anos, menos do 5 % son mozos agricultores e o 60 % da poboación agraria ten 60 ou máis anos. ¿Non é unha situación de emerxencia, señor Feijóo? ¿Non está exterminando vostede o sector agrario nin os sectores primarios, señor Feijóo? Deixe de frivolizar, non diga máis promesas, fale do seu balance, que é o que lle toca agora. Vostede non acaba de chegar e as súas promesas non valen nada, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non lle permito que frivolice con estes casos dramáticos de xente que está sufrindo pola súa incapacidade cando eles fixeron os deberes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e vostedes deixáronos na estacada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, cando vostede di que non cumprimos os compromisos co sector rural, nós asumimos o compromiso de que non haxa impostos no ámbito rural, e dende o 1 de xaneiro do ano 2016, por primeira vez na historia de Galicia, ninguén paga un euro por mercar nin por vender, nin por permutar unha soa leira, unha soa finca (*Aplausos.*), un só monte, unha soa propiedade no rural; nin unha, señoría.

Cando vostede me fala de que se están perdendo explotacións en Galicia, efectivamente, perdemos o 4,9. Pero vostede oculta que en Castela e León perderon case o 6 %. E vostede oculta que, por exemplo, en Cataluña perderon máis do 5,3 %. Señoría, cando vostede me fala de que se están perdendo explotacións, o que vostede oculta é que durante os catro anos do Bipartito a media de explotacións que pechaban eran 1.700 explotacións ao ano, 1.700 explotacións ao ano. E nós levamos unha lexislatura onde se pecharon un 70 % menos.

Cando vostede me fala, señoría, quere ocultar a realidade do agro, simplemente porque vostedes o único que queren é tinxir de negro o país.

Señoría, estamos producindo un 15 % máis de leite nestes últimos anos, e temos a produción láctea máis alta da historia do país. ¿Como pode dicir vostede que estamos producindo menos leite, señoría? (*Aplausos.*) ¿Como pode dicir isto e quedar tranquilo?

Mire, señoría, cando vostede me fala dos prezos –poño á disposición do presidente da Cámara os prezos–, estes son os prezos, señoría. Os prezos que eu me atopei cando cheguei á Xunta de Galicia eran de 25 céntimos o litro, 25 céntimos o litro. Voulle dar exactamente o prezo. En abril, cando tomei posesión, 25,9. Agora os prezos están baixos, pero están en 28 céntimos o litro (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, señoría, xa sei que non queren escoitar, porque o non escoitar forma parte das súas técnicas democráticas.

Mire, temos 1.186 millóns de euros para o rural galego, conseguimos negociar en Bruxelas, e ter case 1.200 millóns de euros para o rural galego.

Por iso, señoría, cando vostede me fala do rural e me di que Pablo Iglesias non é o seu xefe, ¿a quen intenta convencer? Eu digo que Podemos non ten ningunha proposta en política agraria en Galicia, nin coñece (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Galicia nin lle interesa Galicia, nin nunca...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...traballou nin vai traballar por Galicia, ¡home! (*Aplausos.*) Nunca traballou nin vai traballar por Galicia. Nunca, señoría, nunca vai traballar por Galicia.

E por iso, señoría, mire, durante moito tempo tivemos que escoitar que o Partido Popular era o partido do rural. Si, señor, somos o partido do rural galego. A maioría de nós nacemos nas aldeas do rural de Galicia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), sentímonos orgullosos de ser do partido do rural galego. Si, señoría, si, si...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non teña vostede ningunha dúbida.

Mire, para a Xunta o rural é prioritario...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e do mesmo xeito que loitamos contra o naval, que vostedes dicían que ían afundir todos os estaleiros (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e que tamén loitamos coa automoción, a pesar de que vostedes non queren que se amplíen PSA Peugeot Citroën... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, con todos os respectos, a medida que nos imos coñecendo, empezamos a comprobar que as únicas leiras que lles preocupan a vostedes son as leiras onde se plantan escanos. Señoría, están vostedes permanentemente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...movendo os marcos das leiras, entre Podemos, Izquierda Unida, Mareas, Anova, AGE, etc., etc. Deixen de plantar escanos e falemos en serio do rural, señoría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Continuamos co punto 4 da orde do día, de proposicións non de lei.

(*O señor Fajardo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*)

Señor Fajardo, señor Fajardo, tamén llo digo a vostede, ¡silencio!

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias, e, en concreto, á enfermidade de Alzheimer en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G.P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49595).*)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar con urxencia e con información suficiente para garantir a validez dos seus resultados un estudo da situación real das demencias, e en concreto do Alzheimer en Galicia.

- Incentivar os esforzos e a coordinación sanitaria e social para que os diagnósticos se realicen o máis rápido posible.

- Propoñer un novo modelo de atención sociosanitaria centrado nas persoas”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Bo día, presidente.

Grazas, presidente, e bo día señorías.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento.

Hai moito barullo aquí. Por favor, vaise debater un tema sobre o Alzheimer, pido un pouco de respecto. Silencio, por favor.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidente.

Traemos aquí un serio problema, evidentemente, un grave problema sociosanitario. O tema do Alzheimer, e das demencias en xeral, non é un tema dunha enfermidade que se cura e punto, o tema do Alzheimer é un tema no que interveñen factores sanitarios e tamén factores sociais.

As persoas, en xeral, que teñen unha demencia son persoas que van pouco a pouco discapacitándose, que van pouco a pouco perdendo a memoria, que van pouco a pouco perdendo autonomía, que van deixando de recoñecer á familia de toda a vida. Persoas que teñen poucos recursos en xeral, persoas que normalmente viven soas, a parella, ou pais e fillos. Persoas que viven, nalgúns casos, cunha pensión mínima. Persoas, ao mellor, que o coidador

ten 80 anos e o enfermo ten 82. Persoas que por razóns de traballo, ou por razón de que as familias xa non son tan longas, non teñen quen os coide.

Neste sentido, o Goberno galego do PP fixo bastante pouco e ten toda a tarefa por facer, por iso nos parece que é un tema moi serio, que é un reto sociosanitario e que hai que poñer todos os puntos de vista no tratamento desta enfermidade.

Non hai nin sequera datos fiables en canto ás persoas que están afectadas. En Galiza fálase de máis de 100.000 persoas, en xeral, con demencias neurovexetativas. En todo caso, si que máis do 40 % das demencias en xeral son enfermos de Alzheimer. En toda España son máis de tres millóns e medio, e no mundo son máis de 44 millóns de persoas as que padecen Alzheimer. No ano 2050 van ser 115 millóns de persoas. Nacen menos nenos e as persoas viven mellor e duran máis tempo. Polo tanto, canto máis tempo vivamos, máis enfermos e enfermas de Alzheimer vai haber.

Non hai datos, como dicía, e non son fiables. Os únicos datos dos que dispoñemos poden ser de asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer ou da Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía. Por certo, esta sociedade di que as persoas diagnosticadas de Alzheimer levan, como mínimo, máis de 1 ano padecendo a enfermidade. É moi tarde cando se diagnostica a estas persoas. Ao principio aparecen síntomas moi leves, que van aumentando, pero é moi difícil diagnosticalos. Chámanlle a enfermidade silenciosa, e ata que están os síntomas non se sabe como é esta enfermidade.

Esta enfermidade non ten cura, e ademais, no dispositivo da Seguridade Social, non hai profesionais. Hai aínda hospitais que non teñen Servizo de Xeriatría, hai aínda centros de saúde ou centros de especialidade que non teñen servizos de xeriatría, polo tanto, exíxense un conxunto de medidas para que se poidan diagnosticar o antes posible.

Hai moitas investigacións neste tema, moitas investigacións que están pretendendo avanzar no diagnóstico para que se faga o antes posible, para que polo menos as investigacións levan a medicamentos que poidan atrasar a aparición da enfermidade.

O Goberno galego, neste sentido, presentou hai pouco un estudo no que vai participar, onde dicía concretamente aos

periódicos que Galicia lideraba a investigación de Alzhéimer.

Mire, a min parécese moi ben que se investigue, e é sumamente necesario, pero hai que ver cal é o máis prioritario. Se realmente este estudo fose tan transcendente, ao mellor valía a pena investir os cartos que se invisten, pero como esta investigación hainas a centos en toda España e no estranxeiro. Polo tanto, tería que valorar este Goberno galego, do pouco que ten feito con respecto á enfermidade de Alzhéimer, se eses máis de 7 millóns de euros se poden dedicar a poñer en marcha os servizos mínimos que necesitan os enfermos de Alzhéimer.

O Goberno do PP demostrou que non está á altura do que chaman a epidemia do século XXI: non ten plans, non ten recursos, non ten nada. Realmente, non ten nada máis que boas declaracións con respecto a estas persoas. Se non fora polas asociacións de familiares de enfermos de Alzhéimer, estes enfermos estarían totalmente abandonados. Están vostedes descargando toda a responsabilidade nas asociacións de familiares.

Para empezar, non só as familias coidan os enfermos, senón que ademais poñen en marcha programas, poñen en marcha servizos e poñen en marcha recursos dos que realmente se tería que encargar o Goberno galego.

O Galego galego non ten servizos públicos destinados, o que fai é repartir catro subvencións para que as propias asociacións creen servizos e poñan en marcha programas. Poñer en marcha servizos é unha tarefa única e exclusivamente do Goberno galego, e non o está facendo; está facendo deixación de funcións neste campo e está utilizando as asociacións de familiares como man de obra barata.

Eu creo que non hai dereito a isto. Se tanto se fixo por baixar o déficit, a min gustaríame saber que din os familiares e os enfermos –se puideran falar en moitos casos– de que non teñamos déficit pero que estean desatendidos ou mal atendidos a maior parte dos enfermos de Alzhéimer.

Mire, non hai un servizo público onde se poida estimular a estas persoas que empezan cos primeiros deterioros. O custo directo dos enfermos de Alzhéimer en España é un 22 % dos custos totais, e os indirectos supoñen un 80 %; e neste 80 % están os cuidadores dos enfermos de Alzhéimer.

¿Que pasa noutros países? Pois noutros países pasa que o custo directo é tres veces máis que en España. E nas horas dedicadas pola familia aos enfermos, España triplica a Francia e a Alemaña. ¿Por que pasa isto? Porque, evidentemente, o Goberno galego está aforrando todo un montón de presuposto cargando ás familias con esta atención.

Eu quería destacar e recoñecer o amplísimo e importante labor das asociacións de familiares de Alzhéimer, non só como apoio, senón tamén como xestores de servizos. Como dicía antes, se non fora por elas, realmente estarían abandonados.

Defendemos que hai que potenciar as asociacións de familiares, pero a función destas asociacións é promover políticas que favorezan ao número maior de persoas afectadas. Sen embargo, esta comunidade autónoma é onde as familias atenden máis aos enfermos de Alzhéimer que a poñer en marcha outros servizos.

Temos as familias cuidadoras dos enfermos de Alzhéimer esgotadas; temos as familias que non teñen boa saúde, e dentro de pouco imos ter realmente persoas que van estar enfermas os dous membros da parella ou varios membros da familia. Esperemos a ver que pasa dentro duns anos se vostedes non toman medidas.

Por todo isto, este grupo plantexa, o primeiro de todo, que se faga con urxencia un estudo da situación real das demencias, e en concreto do Alzhéimer. Creo que o primeiro que debe saber este goberno é as persoas que están afectadas, e preparar un plan de atención para a coordinación sanitaria e social no diagnóstico, e tamén esforzarse para que a coordinación nos diagnósticos sexa tanto da atención primaria como dos servizos sociais.

E por último, un punto moi importante ao cal penso que non podemos renunciar, é propoñer un novo modelo de atención sociosanitaria centrado nas persoas. Neste momento, todos os recursos que existen están centrados na estrutura. Son centros onde se meten os enfermos, ben centros de día, ben centros residenciais, onde o que importa é a estrutura xeral, e non se contempla a integración dos servizos sociais e dos servizos sanitarios.

O modelo que propoñemos é un modelo interdisciplinar, onde conxuntamente se atenda ás persoas como persoas

individuais, se atendan as necesidades sociais e as necesidades sanitarias.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERREIRO VIDARTE: Este é o modelo que nos parece fundamental para non renunciar.

Eu espero que todos membros do Goberno e os membros do Parlamento teñan en conta, teñan un pouquiño de sensibilidade, para poder atender realmente as necesidades deste colectivo, que nos afecta a todos. Hoxe podemos ser nosoutros e outro día van ser outros. O que máis e o que menos ten algún familiar cerca, e non todos teñen a posibilidade –como ten o señor Rajoy– de cargar os gastos dos cuidadores do seu pai nos presupostos xerais do Estado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Ferreiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Señora Ferreiro, estou de acordo practicamente con moitas cousas do seu discurso, creo que lle sobrou a alusión ao señor Rajoy. E tamén hai unha cousa que me sorprende extraordinariamente: aquí se está a falar de que hai que facer investigación pública en Galicia, e cando empezamos unha investigación pública en Galicia, a vostede parécelle mal. Eu creo que iso non é exactamente moi coherente co que se fala aquí. *(Aplausos.)*

Falamos da enfermidade de Alzheimer, e a enfermidade de Alzheimer segue a ser unha grande descoñecida pola cantidade de incógnitas que plantexa. Non se coñece a súa orixe; a clínica é moi variable e difícil de distinguir das outras demencias. Non ten, a día de hoxe, un diagnóstico de certeza. Non hai un só tratamento que cure ou atrase a aparición da enfermidade.

Vostede fala de estudos epidemiolóxicos, que son absolutamente variables segundo quen os faga. Un que eu manehei, di que hai 7,5 millóns en Europa, co cal faise difícil crer que haxa 3,5 millóns en España. Efectivamente, a Federación de Asociacións de Familiares fala de 70.000 en Galicia. Habería que velo.

O que si é verdade é que unha avaliación neuropsicolóxica detallada pode chegar a revelar dificultades cognitivas leves ata 8 anos antes do diagnóstico da enfermidade. E plantexan os expertos, ¿iso é o inicio do Alzheimer, ou son cadros clínicos distintos? Por iso a Asociación de Xeriatría fala dun ano, e probablemente sexa maior o tempo. Iso parece lóxico, coñecendo a historia natural da enfermidade.

Compartimos, dende o Grupo Popular, a importancia dos cuidadores e das asociacións de familiares como apoio aos enfermos e ás súas familias. O que xa non me parece xusto é que veñan vostedes a afirmar que o Goberno de Galicia o que está a facer é utilizar as asociacións como man de obra barata. Afirmación que é moi na liña do que vimos escoitando habitualmente neste Parlamento por parte de grupos da oposición, querendo transmitir á poboación unha irreal situación apocalíptica en Galicia para desgastar o Goberno e, sobre todo, desgastar o presidente.

Iso que vostede di non é certo. Eu teño que dicir que dende a Consellería de Política Social se fixo unha aposta importante e decidida por un novo modelo de atención ás persoas con Alzheimer, visibilizando o colectivo e especializando a resposta que levara ás súas necesidades.

O Goberno do Partido Popular de Galicia foi quen de aprobar unha carteira de servizos específicos para as persoas con Alzheimer que define distintos servizos de atención: diurna, nocturna, residencial, de axuda no fogar e de promoción da autonomía persoal, específicos para estas persoas.

É unha carteira singular e elaborouse en colaboración directa, e de forma consensuada, coa Federación de Asociacións de Enfermos de Alzheimer de Galicia. Na actualidade, 424 prazas públicas de atención diurna para este colectivo, representando un 81 % máis que no ano 2009. Dez dos trece centros que contan con prazas públicas de atención diurna en Galicia son de titularidade da Xunta de Galicia, e destes, sete están a ser xestionados a través de concesión administrativa

por asociacións de Alzheimer en distintas localidades de Galicia.

Todo iso sen esquecer o apoio económico, directo, a través de convenios de colaboración con esas entidades, do ano 2016 ao ano 2015 o convenio con Fagal aumentouse nun 260 %, ou a sinatura, tamén, dun convenio anual para a formación de persoas cuidadoras. Todo iso amosa o firme apoio do Goberno do Partido Popular ás asociacións relacionadas coa enfermidade do Alzheimer.

E en relación coa parte propositiva, presentamos unha emenda que pensamos que complementa mellor o seu texto. No punto primeiro, “realizar un estudo urxente das demencias”, engadimos a frase, “e con información suficiente para garantir a validez dos seus resultados”. Eu o dos estudos urxentes persoalmente non os comparto, creo que a urxencia nunca debe delimitar a calidade do estudo, que ten que ser amplo e ben deseñado polos técnicos correspondentes. O segundo punto non o modificamos, aínda que somos conscientes da dificultade de diagnóstico que ten o Alzheimer polo abano de síntomas que ten distintos e porque non hai nin unha soa proba –nin analítica nin de imaxe– que confirme o diagnóstico.

Pero falou vostede de que o Sergas coordina un proxecto de investigación, o Proxecto PANA, liderado polos doutores Castillo e Sobrino. É o primeiro proxecto europeo do hospital 2020 dun consorcio no que participa a universidade, onde participa o Instituto de Ciencias de la Salud de Castilla-León e institucións de Portugal, Bélxica, Holanda, Finlandia, Suecia e Lituania en busca de novas ferramentas para avanzar na precocidade, no diagnóstico e no tratamento desta enfermidade.

Nun artigo que apareceu nunha revista médica recente, o doutor Castillo di que o problema desta enfermidade é que se diagnostica moi tarde. Cando hai síntomas hai un 70 % de afectación cerebral e probablemente os tratamentos non funcionen por esa avanzada. Hai que identificar marcadores para cando a enfermidade está no 20 ou no 30 % e se poida empezar a tratar. Este proxecto, efectivamente, ten unha dotación total de 7,8 millóns de euros.

E con respecto ao último punto, queremos suprimir as dúas últimas frases. Estamos absolutamente de acordo con

que hai ir ao modelo de atención sociosanitaria centrado nas persoas, incidindo de xeito especial no fomento da autonomía persoal como capacidade e como dereito directo ou indirecto, non esquecendo nunca que os doentes de Alzheimer seguen a ser persoas. Pero non fai falla deostar o que se fixo ata o de agora por este Goberno e por todos os anteriores, que foi un modelo válido, aínda que mellorable no futuro, que axudou a moitos enfermos e familiares a soportar as dificultades que ocasiona esta doenza.

Con respecto á última frase, parécenos repetitivo citar novamente a coordinación entre o sistema sanitario e os servizos sociais referido xa no parágrafo anterior, aínda que recoñecemos –como non pode ser doutro xeito– a súa importancia.

Esperamos que acepten a emenda. E quedo aberto a falar con vostede, señora Ferreiro, para transaccionar un texto definitivo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día, señorías.

Bo día, presidente. Moitas grazas.

Vivimos nun país, que é Galiza, no que concorren unha serie de características que fan deste problema algo moi importante no noso país, porque o aumento da esperanza de vida e o envellecemento da poboación galega fan de Galiza un sitio proclive á proliferación e aumento das doenzas neurodegenerativas, como son as demencias senís e, en concreto, o Alzheimer.

Detéctanse uns 4.000 casos ao ano, e a día de hoxe estas enfermidades afectan acerca de 100.000 –segundo os datos que eu consultei– diagnosticados, porque hai máis, hai moitos que están sen diagnosticar, polo que se fan necesarios –segundo estes datos e estas cifras– estudos epidemiolóxicos a fin de desenvolver un mapa galego de demencias neurodegenerativas, con especial atención ao rural, co fin de elaborar un plan efectivo contra esta enfermidade.

Unha das vías nas que incidir a curto prazo sería a detección precoz –como ben vostede dixo– do Alzhéimer, así como conseguir estabilizar a enfermidade e facela crónica para ralentizala. Pero os recortes aplicados á investigación polo Goberno do Partido Popular –é algo que non se pode negar, vostedes mesmos asumen que recortaron, polo que sexa, pero asúmeno– non favorecen este proceso.

A enfermidade do Alzhéimer e outras demencias senís son un problema social e tamén sanitario de dimensión pública que non afecta tan só as enfermas e o seu círculo familiar, senón que ademais produce un impacto sobre o conxunto da sociedade. É preciso que as administracións, os axentes económicos e sociais e a cidadanía en xeral, se involucren no deseño de plans de atención específica para estas pacientes. E tampouco, por suposto, se fai nada se non se destinan recursos e se realizan proxectos para paliar as necesidades das pacientes e das súas coidadoras.

O enfermo de Alzhéimer non é só un doente, hai unha familia afectada, polo tanto, toda a sociedade está afectada. Se se aplican recortes na Lei de dependencia, estase a recortar na calidade de vida dunha sociedade enteira. O coidado dun enfermo de Alzhéimer conleva unha importantísima –e aquí sabémolo moitas e moitos– carga física e emocional que repercute na saúde da persoa coidadora, normalmente unha muller, que ademais é unha persoa que non está cualificada e que conta con moitas limitacións.

A esta realidade hai que lle engadir o feito de que as necesidades do paciente –do enfermo ou enferma de Alzhéimer ou de demencia senil– medran segundo avanza a enfermidade coa deterioración. Pese a esta realidade as familias afectadas atópanse desprotexidas, de feito asóciense porque non hai protección por parte do Estado, nin das administracións; non dispoñen de medios, nin do apoio necesario, para coidar as súas familiares que padecen esta terrible enfermidade.

Faltan residencias, centros de día especializados e servizos de atención domiciliaria; tamén faltan medidas de carácter xurídico –e isto considero que é moi importante– e socio-laboral para dar resposta a circunstancias urxentes moi importantes, como é a de que as familiares que teñan que abandonar os seus postos de traballo para atender as súas enfermas contan cunha especie de protección que lles per-

mita abandonar o traballo sen que iso repercuta na súa economía.

Así que esta PNL vai contar co voto favorable do Grupo Mixto.

Moitas grazas e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, a este grupo si lle parece importante e imprescindible a investigación en calquera asunto sanitario, e en materia de Alzhéimer, obviamente, tamén tan importante como a atención prestada ás persoas enfermas. O problema é que, precisamente, a investigación a estas alturas ten que estar financiada por laboratorios privados, porque se non fora porque Roche financia parte desa investigación –e precisamente co compromiso de explotar os resultados finais–, probablemente non se puidera dar esta investigación. E tamén os fondos europeos; é dicir, practicamente non hai fondo propio por parte da Xunta de Galicia. A realidade é, precisamente, que son os investigadores e investigadoras os que teñen que buscarse a vida para sacar cousas tan importantes como pode ser esta.

E, efectivamente, segundo os datos da Organización Mundial da Saúde –que son os que manexan, extrapolando as porcentaxes de poboación, as asociacións de familiares e de enfermos e enfermas de Alzhéimer– en torno a 96.000-98.000 galegos e galegas padecen algún tipo de demencia, dos que o 70 % sería Alzhéimer; en xeral, é o tanto por cento que se aplica á poboación.

E a iniciativa, tal e como denuncia a OMS, trata o Alzhéimer como unha auténtica epidemia, e certamente o seu avance é significativo, porque a nosa poboación está envellecendo e porque, obviamente, a esperanza de vida nas últimas décadas –aínda que na última volveu cara a atrás– pois, en xeral, incrementou. O avellentamento en Galicia dinos que en torno ao 2050 en torno ao 40 % da poboación terá 65 ou máis anos, e é evidente que este problema vai seguir incrementándose.

Polo tanto, parece bastante razoable ese punto primeiro no que se lle solicita ao Goberno que se realice un estudo de como están as demencias no noso país, e en concreto o Alzhéimer. Non sei se un estudo ou polo menos un informe, porque a verdade é que parece incomprendible que cando o Partido Popular defende continuamente esa dixitalización da historia clínica –que a nós nos parece moi ben, o único que non nos parece ben é que estea en mans de Indra–, pois esa dixitalización non se poida utilizar para con eses datos facer informes de como está a situación de diversas enfermidades, neste caso o Alzhéimer.

E segundo os datos da Organización Mundial da Saúde estímase que a prevalencia da nosa poboación é do 10 % en maiores de 65 anos e dun 40 % nos maiores de 85 anos.

Falaba antes o señor presidente, o candidato Feijóo, do custo que tiña a sanidade nos maiores de 85. Parecería, polo tanto, imprescindible mellorar os recursos sanitarios e socio-sanitarios. Polo tanto, apoio tamén a ese segundo punto; a sanidade pública ten menos medios para un diagnóstico precoz –esa é unha realidade– ou, polo menos, para poder pasar máis tempo nesas consultas con eses doentes, porque a atención primaria está esquilada e a especializada non goza de moi boa saúde, cunhas listas de espera que todas e todos coñecemos. E con ausencia dos suficientes servizos de absolutamente de todo: rehabilitación ou inexistencia de servizos que son moi importantes tamén, como pode ser a terapia ocupacional, neste caso, para frear esa evolución da enfermidade.

Igualmente os servizos sociais –e niso apoiamos tamén este terceiro punto, que pide un modelo novo de atención sociosanitaria–, non pode ser que o 80 % dos cuidadores e as cuidadoras sexan familiares –a maioría, obviamente, mulleres– e non teñamos servizos sociais suficientes. Temos, ademais, un problema, porque Afaña advertía, e xa está pasando, efectivamente –como dicía a proponente–, que o 27 % das persoas cuidadoras teñen 65 anos ou máis.

É dicir, temos persoas maiores cuidando de persoas maiores con demencia, e iso, obviamente, é un problema gravísimo que non se está a atender por parte da Consellería de Sanidade e que incide en síndromes e noutros problemas nesas persoas cuidadoras. Sen medios e sen axuda estes cuidadores e cuidadoras pasarán a enfermar. ¿Que fixo o Partido Popular? Aumentar os copagos nos últimos anos dos ser-

vizos sociais, non só dende a consellería, agora de Política Social, senón, obviamente, tamén dende o ministerio.

Denuncian as familias que teñen gastos de ata 25.000 euros anuais, insostible para unha familia cunha pensión baixa e con membros en paro, que é unha escena bastante habitual no noso país. ¿E que fixo tamén? Retirar as cotizacións das persoas cuidadoras. A iso súmase a ausencia de servizos sociais suficientes.

A estas horas está en San Caetano o Comité de Centros da Coruña de Política Social rexistrando un informe da lamentable situación dos servizos da Consellería de Política Social, de como están as residencias, de como están os centros de día e da precariedade na que están e da diminución da calidade deses servizos. E, polo tanto, mañá tamén manifestación en Vigo pola sanidade pública.

E atendendo a todo isto, podemos concluír que non existe un traballo feito por parte da Consellería de Sanidade –remato xa– e da de Política Social en torno a unha abordaxe global do que teñen que ser as demencias e o Alzhéimer nun contexto no que, ademais, a nosa poboación está incrementando; non hai planificación por ningunha parte.

E, obviamente, atendendo a eses termos imos apoiar esta proposición non de lei. Dúas lexislaturas despois entendemos que xa é hora de que se tome algún tipo de medida de planificación na Consellería de Sanidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, estamos a tratar un asunto que non é menor, , en xeral, e é de grande importancia en Galiza. Galiza ten unha prevalencia especial, é evidente; temos un país moi envellecido, e é unha doenza –a do Alzhéimer– cunha maior prevalencia a máis idade, e é evidente que isto precisa que se faga unha estratexia e que esta sexa transversal, ¿non?

O 23 % da poboación en Galicia é maior de 65 anos, falouse desa prevalencia, é maior de 65 anos, e, efectivamente, señor Núñez Centeno, necesítanse datos, os datos que se manexan son extrapolacións, porque non existen datos. Hai a extrapolación dos datos da Organización Mundial da Saúde, que, extrapolada a información que eles teñen á poboación e ao tipo de poboación que temos en Galiza, pois dá que nese 23 % da poboación maior de 65 anos calcúlase que pode haber..., ou sexa, hai 640.000 persoas en Galiza de máis de 65 anos, e desas, o noventa e pico, case cen mil, extrapolando eses datos, poden ter algún tipo de demencia e o 60 % calcúlase que é Alzheimer.

Efectivamente, son datos que hai que extrapolar, e é obvio que tendo unha poboación como a que temos, un país como o que temos, é preciso que unha administración e o Goberno galego pois actúe, e o primeiro que ten que facer é un estudo para saber cal é a situación, ¿non?, porque non estamos falando dunha cuestión que afecte un número moi pequeno de persoas.

E outra cuestión que é, ao xeito de ver do BNG, grave é que se calcula que probablemente o 50 % destas persoas estean sen diagnosticar, sen diagnosticar, ¿iso que significa? Pois, ademais de que a enfermidade vai a maiores, significa unha desprotección desta persoa.

¿Que outro dato nos preocupa no BNG? Que, efectivamente, é unha doenza que basicamente se atende no ámbito familiar, sacando xa as fases agudas. E ¿quen cuida? Pois entre o 70 % e o 80 % das persoas cuidadoras son mulleres. É dicir, estamos falando dunha doenza cunha moi alta prevalencia e estamos falando de que a responsabilidade do cuidado destas persoas afectadas, entre o 70 e o 80 %, recae en mulleres. ¿E isto que significa? Pois en moitos casos significa abandonaren a vida laboral estas mulleres para dedicarse ao cuidado, porque sobre todo nas fases media e avanzada requiren unha atención continua, unha vixilancia continua. ¿E que significa? Pois o abandono das expectativas de moitas desas mulleres que, desde o momento en que teñen que ser cuidadoras, na maioría dos casos en exclusiva, destas persoas, todas as súas expectativas persoais, laborais e de igualdade se ven tiradas pois directamente polo desagüe.

Esta tamén é unha realidade tremenda, ¿non?, ademais do que xa se dixo de que dentro deses cuidadores o 27 %

pois son de maiores de 65 anos, é dicir, persoas maiores, en moitos casos incluso persoas con tamén procesos dexenerativos e dementes cuidando outras persoas. É dicir, que o panorama desde logo é para que se tome en serio e para que se fagan cuestións máis alá da declaración de intencións.

A Federación de Asociacións de Enfermos con Alzheimer compareceu neste Parlamento xa hai máis de ano e medio, en setembro do ano 2014, e, desde logo, deixounos moitas inquietudes e moitas demandas. O primeiro é que dentro do sistema sanitario debe haber prioridade para a atención a esta enfermidade crónica, que hai que desenrolar unha estratexia transversal, que hai que facer todo o posible para unha detección precoz, que hai que ter protocolos de detección en atención primaria, que hai que recoñecer os tratamentos non farmacolóxicos para a ralentización dos procesos de deterioración, que hai que formar os familiares, que hai que formar os profesionais, que hai que establecer protocolos en emerxencias –como pode ser policía, servizos de urxencias ou transporte, para que saiban como atender estas persoas cando non van acompañadas–, que é necesario realizar estudos epidemiolóxicos –efectivamente, que é fundamental–, que é necesaria a creación de recursos de proximidade para establecer recursos acaídos a cada contexto e que, efectivamente, é fundamental a investigación, é fundamental a investigación para poder desde logo fundamentalmente ir á detección precoz e logo ir a tratamentos transversais.

Porque hai unha cuestión que é obvia, que en Galiza hai un cóctel que é: temos avellentamento da poboación, temos unha gran dispersión desa poboación e temos un nivel de renda baixo. Entón, con eses tres elementos, o que temos é que as familias non teñen excedente nin recursos para poder abordar en condicións a atención a estas persoas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...co cal, ¿que queda? Pois que a Administración poña as pilas e faga algo.

Co cal imos apoiar esta iniciativa, que nos parece que é unha iniciativa de mínimos, non é unha iniciativa desde logo que vaia supoñer un gran salto, é unha de mínimos, é introducir o debate e, desde logo, que a Administración empece a facer algo, que non sexa que maioritariamente as familias sexan as que teñen que facerse cargo destas persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Bo día de novo.

Bueno, agradezo ao Grupo do BNG, ao Grupo Mixto e ao Grupo de AGE o apoio e tamén as aportacións que realmente fixeron neste tema. Eu creo que o Goberno do Partido Popular ten neste Parlamento un grupo de xente que perfectamente coñece o problema e perfectamente pode avanzar en propostas que ao PP lle poden vir perfectamente.

Segundo. Non imos aceptar a emenda do Partido Popular, e voulle explicar, señor Núñez Centeno, por que. Primeiro, porque as poucas cousas que aceptan da oposición logo non as cumpren; entón, non son fiables; síntoo moito, pero desgraciadamente é así. Iso por unha parte. E, segundo, cortan vostedes unha das propostas, a última, que me parece fundamental. E voulle explicar, porque non se repite o sistema de coordinación do sistema sanitario e de servizos sociais. É un sistema en que teñen que estar coordinados e teñen que estar coordinados e desempeñando o seu traballo nos propios centros. Non me refería, neste punto, á coordinación en xeral, que é fundamental, senón que nos propios centros, nos propios servizos que se crean para atender estes enfermos, teñen que estar alí presentes o persoal de servizos sociais e o persoal sanitario.

Por outra parte, eu non minusvaloro o sistema que se estaba facendo ata agora, é simplemente un diagnóstico. O sistema asistencialista é o que hai, é o que houbo, pero iso non quere dicir que eu desprece ou minusvalore este sistema, senón que simplemente fago constancia aquí para que se vexa que pretendemos poñer outro modelo en marcha, e esoutro modelo en marcha significa de verdade a coordinación e que a persoa sexa o centro da atención por esa parte.

Polo tanto, eu creo que vostedes, se teñen de verdade vontade de dar unha alternativa a estes enfermos, eu creo que deben de aproveitar e teñen unha ocasión magnífica para demostrar que, efectivamente, non están utilizando as familias como man de obra barata, senón que están poñendo en marcha todos os servizos necesarios para afrontar esta epidemia do século XXI.

Hai un tema que quero deixar claro, e é a falta nas persoas que están iniciando, que están practicamente diagnosticadas, a falla de estimulación cognitiva. Creo que é moi importante, porque as persoas que non teñen recursos non teñen tampouco acceso a moitos dos centros onde se poida facer este estímulo, que atrasaría dalgunha maneira a aparición da enfermidade.

E sigo pensando o mesmo despois da súa exposición, señor Núñez Centeno. Teñen prazas públicas, pero realmente quen xestiona todo isto son as asociacións de familiares de enfermos; están vostedes descargándose moitísimo neles, e eles a maior preocupación que senten é esa falla de resposta por parte da Administración autonómica. Polo tanto, teñen unha ocasión estupenda para poder demostrarlles que están con elas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

A seguinte proposición é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señoras e señores deputados, xente que nos acompaña desde a tribuna, moi bo día.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego máis unha vez trae a este Parlamento unha proposición non de lei contra a imposición da LOMCE e das reválidas, nomeadamente a de 6º de primaria, probas que comezan hoxe, en aplicación da LOMCE, esa lei tan corrosiva para o ensino público galego.

A LOMCE, que, na opinión do BNG, desde logo é un auténtico cancro para o sistema educativo galego. E co permiso de Manuel María, hoxe, a seis días do 17 de Maio, vou falar como el falaba, que dicía que hai un cancro que nos roe, hai un cancro roedor, un tumor maligno e feo que nos enche de terror; ese terror que hoxe van atravesar moitos menores de 11 anos, porque a Consellería de Educación non foi quen de paralizar a proba final de primaria que hoxe comeza.

O BNG, por iso, hoxe fai un apelo a este Parlamento para instar o Goberno galego, en primeiro lugar, a que escoite a comunidade educativa galega, que reclama máis unha vez hoxe diante do Parlamento, que se está a manifestar en contra da LOMCE e das reválidas, instar o Goberno galego, primeiro, a paralizar urxentemente a LOMCE e, consecuentemente, as reválidas, e, en segundo lugar, instar o Goberno do Estado á derogación desa lei, –xa digo– un auténtico cancro para o sistema educativo galego.

Porque a reválida final de primaria que se impón hoxe, mañá e pasado foi rexeitada con rotundidade pola comunidade educativa galega, comunidade tanto do alumnado como do profesorado como das ANPA. A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público está a esta hora diante de San Caetano petando na conciencia do conselleiro –que debe de estar alá, porque aquí non o vexo– para que rematen cunha lei tan prexudicial para o noso sistema educativo.

O BNG, que fai parte desta Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, considera que o lóxico e o normal sería que a Consellería paralizase a realización desta proba, como fan outras comunidades autónomas. A maioría da comunidade galega non a quere. Xa o manifestou así o ano pasado, cando se puxo en marcha a avaliación de terceiro. Pero tampouco o profesorado a quere. Non quere esta reválida porque consideran que é unha aberración desde o punto de vista pedagóxico someter o alumnado de 11 e 12 anos a unha presión innecesaria mediante probas que non consideran a educación como un proceso no que hai que considerar

as circunstancias persoais, socioeconómicas e as capacidades e actitudes do alumnado, unha proba que só intenta medir as competencias lingüísticas e matemáticas, neste caso en 6º tamén ciencia e tecnoloxía, como se as outras competencias fosen menos importantes que estas.

Un profesorado que entende que se despreza a avaliación continua e a opinión dos titores e titoras dos equipos docentes, que son desde logo quen mellor coñece as carencias, potencialidades e capacidades do alumnado, así como os medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

As ANPA galegas tamén rexeitan con rotundidade esta proba de fin de primaria, porque provoca –xa o dixen antes– un estado de tensión totalmente innecesario nos escolares de 6º, neste caso de primaria, porque discriminan ademais o alumnado con necesidades educativas especiais, que di que poden facer a proba mais os resultados non se computarán; ou sexa, que hai unha parte do alumnado que parece que non é importante que faga a proba.

Tamén as ANPA rechazan esta proba porque non se ten en conta as propias familias no proceso educativo e porque vai supoñer un gasto inútil, un gasto inútil de millóns de euros, cando levamos sete anos de recortes continuados no sistema educativo galego, e porque ademais, segundo as ANPA, saben que hai moitas comunidades que non van facer esta proba de 6º.

Efectivamente, a inmensa maioría das comunidades autónomas non a queren, e así o manifestaron cando se debateu o decreto, o proxecto de Real decreto de reválidas –por certo que están aínda en suspense, comezando polas comunidades de Euskadi e de Cataluña e dez máis que representan a inmensa maioría do alumnado do Estado–, manifestáronse sempre en contra. Repito e resumo, a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público considera que o lóxico, o normal, o responsable, sería que a consellería paralizase a realización desta proba porque a maioría da comunidade educativa, dende logo, non a quere; porque ademais se a non realización das probas –verbas da propia consellería– non vai ter consecuencias, dende logo, entendemos nós que cumpriría liberar o alumnado dun calvario de tres días, no caso de sexto, e dous, no caso de primeiro.

Señorías, a aplicación da LOMCE está a ser un desatino absoluto. A Consellería de Educación, en lugar de defender as competencias educativas que ten –como fan outras comunidades: País Vasco, Cataluña e seis máis que se negan a impoñer o modelo que está establecendo o Partido Popular, submissa aos mandados das políticas de Madrid, desouvindo a maioría da comunidade educativa galega, segue coa firme decisión de impoñer a proba final de primaria, en sexto de primaria. Por certo, preludio esta proba das reválidas que virán para cuarto da ESO e segundo de bac, reválidas impropias, por suposto, dos tempos actuais que nos lembran o franquismo e que terán, ademais, unhas consecuencias aínda máis graves e discriminatorias, xa que, da superación desas reválidas de ESO e de bac depende a adquisición dos títulos de secundaria e de bacharelato.

A Consellería de Educación comeza hoxe coas probas de avaliación, de sexto, a 22.000 alumnos e continuarán mañá e pasado e o vindeiro 24 e 25 para outros 22.000 alumnos galegos de terceiro. O Grupo Parlamentario do BNG xa se manifestou o pasado curso en contra destas probas, xa reclamou a retirada da LOMCE por resultar negativa para a calidade do sistema educativo e porque pretende a selección e etiquetamento do alumnado en base a unhas probas avaliadoras externas, deseñadas dende lonxe da realidade do alumnado, probas tan pouco respectuosas cos factores diferenciais das persoas e das comunidades dun estado plurinacional, probas que camiñan cara a introdución dos principios neoliberais no sistema educativo e mesmo que desconfían do profesorado e do seu papel avaliador continuo.

Señorías, hoxe atopámonos, de facto, diante da implantación dun novo chanzo da LOMCE: a reválida de sexto, de primaria, xusto cando se acaba de instar ao Goberno do Estado á paralización da propia LOMCE pola inmensa maioría das forzas presentes no Congreso dos Deputados. O Grupo Parlamentario do BNG entende que non é de recibo que a Consellería de Educación pretenda seguir adiante coa aplicación da LOMCE e da reválida cando se sabe que ten os días contados despois, como dixen antes, de que o Congreso dos Deputados, por unha ampla maioría, veña de reclamar a súa paralización. O Grupo Parlamentario do BNG entende que non é de recibo que a Consellería de Educación pretenda seguir adiante coa aplicación da LOMCE cando sabe que unha ampla maioría da comunidade educativa galega a

rexeita: rexéitaa o profesorado, rexéitaa o alumnado e rexéitana as propias ANPA galegas.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentario do BNG presenta hoxe, e chama a que todos os grupos parlamentarios deste Parlamento o apoiem, esta proposición non de lei que clama, unha vez máis, para paralizar a aplicación da LOMCE, nomeadamente as probas que comezan hoxe e que terán lugar ao longo de todo este mes de maio e, ademais, chama tamén a apoiar este Parlamento para instar á Xunta, ao Goberno galego, para que se dirixa ao Goberno do Estado en demanda de paralización e posterior derogación da LOMCE porque, dende logo, nin a comunidade educativa galega nin o BNG queremos unha LOMCE nin as reválidas tal e como as plantexa esta LOMCE.

Agardo o apoio de todos os grupos parlamentarios. Máis nada, de momento, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Na exposición de motivos e no discurso que acabamos de escoitar do deputado do BNG, o señor Pombo, queda clarísima e sustentadísima a argumentación e a necesidade de paralizar o sistema de reválidas e a derogación da debatida e rexeitada LOMCE, que polo visto só ten contenta a empresa adjudicataria da elaboración das probas que se está poñendo as botas. Moito me temo que o Partido Popular volva rexeitar esta iniciativa do mesmo xeito que o fixo sempre, sempre, en numerosísimas ocasións. Pero si, señor Pombo, esta PNL vai contar co apoio do Grupo Mixto.

Quero aproveitar, de todos os xeitos, esta intervención para facer fincapé no que unha nena ou neno de sexto de primaria ten que facer durante os meses de maio e xuño. Non esquezamos, señorías, que falo de nenas e nenos de once ou, como moito, doce anos. Despois de todo un curso de estudo, tarefas, traballos, exames e en moitas, moitísimas ocasións, múltiples actividades escolares, nos últimos dous meses, cando xa o cansazo asoma e están de sobra avaliadas polos seus profesores, vense sometidas a un maratón de probas: exames da terceira avaliación, de final de curso, de final de

ciclo, recuperacións, presentación de traballos e, agora, as tristemente e famosas reválidas. Todo isto, a parte das tarefas escolares que seguen a facer estas alumnas e alumnos aínda que sexan tempos de avaliación. A este maratón de exames hai que lle sumar unha intensa actividade extraescolar no que se refire a excursións, festivais escolares, competicións. ¿Non lles parece un programa un pouco cargado para persoas de once ou doce anos? Segundo o meu criterio, si, está cargadísimo. Pero si o alumnado padece esta estresante etapa de fin de curso, o profesorado non corre mellor sorte: programacións e corrección de exames, recuperacións e corrección de recuperacións, actas, informes, recollida e organización de libros, memorias, reunións de avaliación, organizacións de festivais, acompañamento de organización de excursións, atención ás familias, claustros e, por se fora pouco, un sin fin de trámites burocráticos infernais.

Apoiamos esta iniciativa e animo os responsables educativos a unha seria reflexión sobre a necesidade de establecer as modificacións pertinentes, sobre todo na educación primaria, para evitar que este último tramo do curso escolar non se transforme nun auténtico pesadelo.

Grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

O certo é que podería semellar, mesmo poderíamos afirmar, que hoxe é un día triste para a comunidade educativa do noso país, de Galicia. Hoxe o Goberno galego vai intentar someter a 44.000 nenos –22.000 nunha primeira fase de sexto de primaria, dende os 8 e 9 anos ata os 11 e 12 anos– a unhas reválidas que son absolutamente inxustas, tremendamente inútiles, pero sobre todo lesivas para os dereitos dos nenos e das nenas. Nunca un goberno, nunca un goberno, insisto, fixo tanto dano aos nenos e ás nenas do noso país en materia educativa como o Goberno do Partido Popular. Pero non, non é un día triste. Lonxe de ser un día triste é un día de esperanza, como son todos os días de loita. Todos os

días de loita, son días de esperanza, son días de compromiso cívico, son días, tamén, de desobediencia ante leis inxustas, e hoxe é un día deses. Porque as familias rexeitan, de xeito masivo, as reválidas do Partido Popular; porque o profesorado rexeita, de xeito maioritario, as reválidas do Partido Popular; porque os representantes dos traballadores rexeitan as reválidas e porque os grupos da oposición, de xeito maioritario, rexeitan as reválidas LOMCE. E vostedes, señores do Partido Popular, quédanse só coa súas reválidas que son, de feito, o último extertor dunha LOMCE que xa agoniza, agoniza dun xeito evidente e o que é máis grave é que vostedes o saben.

As ANPA prevén unha insumisión de máis do 60 % ás reválidas. Estas son as previsións que fixeron públicas as confederacións de nais e pais. Nun deses exercicios de civismo máis exemplares, dende o meu punto de vista, dos últimos anos, as familias van exercer o seu dereito á desobediencia diante dunhas reválidas, como dicía, inxustas, innecesarias e lesivas para os dereitos educativos dos seus fillos. De nada servirá a campaña de difamación iniciada polo Goberno galego; de nada servirán as cartas de extorsión remitidas ás familias, unhas cartas remitidas nas que se verten auténticas falacias e mentiras entorno a estas probas; de nada servirán as coaccións ás que se están a someter a todos os pais e a todas as nais do noso país porque xa non colan as mentiras do Goberno. Os centros xa están a avaliar, avalían todos os días, e as familias saben que os seus fillos e as súas fillas teñen a sorte de contar cun profesorado que asume un modelo de avaliación formativa, inicial, continua e final, realizada de xeito sistemático, informando puntualmente ás familias, non só nos boletíns trimestrais, senón tamén en todas aquelas entrevistas personalizadas que se realizan ao longo de todo o curso.

Saben as familias que as reválidas non serven para outra cousa que para clasificar os rapaces someténdoo a probas estandarizadas cun fin meramente estatístico. Esta é a realidade que coñecen as familias, evidentemente. Saben tamén, as familias, que as reválidas non formarán parte do expediente académico dos alumnos, polo tanto, saben que é algo inútil, pero tamén saben que si formará parte dos expedientes da Xunta. Saben que a Xunta vai crear un ficheiro cos seus resultados, e saben tamén que eses ficheiros van a contar e a conter datos absolutamente persoais; sábeno. Saben que non forman parte do plan xeral de avaliación estas revá-

lidas e, polo tanto, teñen moi claro que non poden ser obrigadas, as familias, a someter os seus fillos a este estrés absolutamente innecesario. Saben que o Goberno minte, saben que poden exercer o seu dereito e a súa patria potestade na defensa, dende logo, dos intereses dos seus fillos, non dos intereses deste goberno e saben tamén outra cousa as familias, e é que o Goberno vai dedicar máis de 300.000 euros en aplicar unhas reválidas mentres somete os centros a un recorte absoluto de recursos para atender a diversidade, de recursos para prever o fracaso escolar e os problemas de aprendizaxe e de recursos, evidentemente, para ter profesorado de apoio, que este si é fundamental para prever as dificultades de aprendizaxe.

Polo tanto, nós cremos que hoxe é un día moi importante e por iso imos apoiar esta iniciativa porque as familias, dende logo, van dicir, señores do Goberno do Partido Popular, nós non participamos das súas reválidas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben. Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

No pasado pleno, era o Grupo Socialista quen defendía aquí unha proposición non de lei similar a que hoxe trae aquí o BNG, e por iso xa lle digo de entrada, señor Pombo, que imos apoiar a súa iniciativa. O Grupo Socialista segue rexeitando a LOMCE e facémolo porque pensamos que recollemos un amplo sentido da comunidade educativa galega, aínda que tamén sabemos que estamos diante, señor Fariñas, dunha rocha, unha rocha que se chama Partido Popular, que segue erre que erre defendendo unha lei que fixeron en solitario e defenden na máis absoluta soidade política e social.

Hai uns días, este deputado que lles fala comparecera publicamente nunha rolda de prensa para pedirllas por enésima vez a Nuñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran de maneira inmediata o temerario calendario da

LOMCE, e hoxe pídoos de novo aquí, aproveitando a iniciativa que trae o señor Pombo.

Comparecera días atrás para pedirllas a Nuñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran a reválida de 6º de primaria, tal e como estaba demandando masivamente o conxunto da comunidade educativa galega, pero hoxe teñen vostedes 22.000 nenos e nenas de Galicia facendo unha reválida que non serve absolutamente para nada

Doulle un dato, señor Fariñas, que me chega agora mesmo por *whatsapp*, dun colexio de Arteixo, Ponte dos Brozos, onde se examinan 27 alumnos de 125 que cursan 6º de primaria. Como ve, o quórum nin sequera é razoable. E mentres fan iso, están vostedes baixando o investimento educativo a niveis nunca vistos. Colleron ese investimento no 5 % do PIB e teñen comprometido por escrito coa Comisión Europea levalo ao 3,7 % en 2019.

Señorías, o Grupo Socialista é un grupo responsable, e por iso cómpre de novo aclararlle á sociedade galega o que nós queremos facer e na orde que queremos facelo: paralizar, en primeiro lugar, a LOMCE, e, en segundo lugar, elaborar unha nova Lei de educación, consensuada co conxunto da comunidade educativa, e con capacidade real de durar no tempo. E, en terceiro lugar, feito o anterior –nese momento si–, derrogar a LOMCE.

Agardo que lles quede claro a todos vostedes, en especial ás señorías do Grupo Popular, para que deixen de enredar e de manipular a opinión pública, poñendo na nosa boca cousas que nós nin dixemos nin queremos facer.

É certo que o Partido Socialista ten sido moi crítico durante o proceso de elaboración e posta en marcha da LOMCE, tanto no conxunto de España como aquí en Galicia. Entendiamos no seu momento e seguimos entendendo a día de hoxe que este país perdera, por motivos sectarios e claramente partidarios, unha nova oportunidade de dotar de estabilidade o sistema educativo; unha estabilidade que leva demandando con grande insistencia o conxunto da comunidade educativa do país, pero, lamentablemente, sen éxito.

O Grupo Socialista dixo sempre que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado tiveran demasiada présa por implantar a LOMCE porque sabían que era un lei que

duraría o que durara o Goberno do señor Rajoy na Moncloa. E dixemos tamén que, chegado ese momento, os socialistas abordaríamos a elaboración dunha lei educativa con amplo consenso social e político e con capacidade real de durar no tempo. Dixemos que, chegado ese momento, iniciariamos paulatinamente o camiño para alcanzar en oito anos un investimento educativo do 7 % do PIB –si, ese investimento que vostedes queren levar ao 3,7 % en 2019–, que empezariamos a recuperar paulatinamente as enormes cantidades de recursos recortados na nosa educación –preto de 400 millóns de euros tan só aquí en Galicia– e que empezariamos a reponer progresivamente as condicións laborais e profesionais arrebatadas ao profesorado e as cantidades adicadas ás becas dos nosos estudantes. Eu sempre sostiven, e tamén sosteño hoxe, que en educación non hai receitas máxicas. A educación necesita estabilidade, necesita recursos, ¡claro que si!, pero por enriba de todo necesita coidar e respectar o profesorado, pois sen eles non hai reforma milagreira que mellore o sistema educativo de ningún país do mundo.

A LOMCE supuxo un ataque directo á escola pública deste país, e para os socialistas esa era claramente unha liña vermella que o Partido Popular traspasou sen complexos, utilizando a súa maioría absolutista.

Os pasos que nós queremos dar, se temos a oportunidade de gobernar España, son moi clariños e non admiten manipulación: en primeiro lugar, paralizar o calendario da LOMCE, elaborar consensuadamente unha nova lei educativa con capacidade real de durar no tempo e, terceiro, nese momento, derrogar a LOMCE.

Estamos aínda a tempo de paralizar este calendario de implantación da LOMCE en Galicia, en consonancia co que están pedindo en España 12 das 17 comunidades autónomas. Teñen vostedes hoxe aquí unha nova oportunidade de escoitar ese sentir xeneralizado ou de seguir optando pola súa aposta en solitario pola LOMCE e polo seu lamentable calendario de implantación.

Donas e cabaleiros do Grupo Popular, vostedes decidiron mellorar o sistema educativo facendo reválidas e baixando o investimento educativo a niveis nunca vistos, e teñen que saber que para esa viaxe nunca poderán contar co Grupo Parlamentario Socialista.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quero empezar aludindo a algo ao que non aludiu ningún dos voceiros, porque parece ser que non é relevante, señor presidente. Pero antonte de noite, á última hora, produciuse na Universidade Nebrija, de Madrid, un acordo entre o Partido Popular, o Partido Socialista, Podemos e Ciudadanos para asinar un preacordo e firmar a folla de ruta do consenso educativo que aquí hoxe negaron todos os portavoces integrantes de todos os partidos que firmaron en Madrid. *(Aplausos.) ¡La república independiente de Galicia, señora Quintas!*, ou de Ourense, a república independente de onde vostede queira. *(A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero esa é a realidade.

A realidade é que en Galicia son unha república independente que traballa en contra dos intereses xerais e do interese educativo de Galicia, *(Aplausos.)* manipulando os pais e mandando cartas. Si, señor Vázquez, e *whatsapps*. Pero eses son os encargados de presionar, de coaccionar os pais e as ANPA, de mandarlles *whatsapps* e cartas coercitivas para que non manden os seus alumnos a unhas probas de avaliación individualizada, que niso si que xa hai consenso. *(Aplausos.)* Niso si que xa hai consenso, señora Quintas. Porque hoxe ata o BNG na súa iniciativa xa lle chama probas de avaliación, xa non son reválidas. ¡Menos mal!, a ver se hai consenso niso, señor Pombo, a ver se hai consenso niso.

O que si está claro é que aquí vostedes non queren consenso, señor Docasar, non o queren. Non o quixeron coa LOMCE, que non derrogou a LOE, simplemente modificou a LOE naqueles aspectos que eran mellorables substancialmente, coma vostede sabe ben –¡mellorables substancialmente!–, o 41 %, xa llo dixen no pleno anterior. Respectouse o 60 % da arquitectura educativa desa lei.

Incorporouse o 70 % do Pacto social e político pola educación que sacou o ministro de Educación socialista, o señor Gabilondo. Pero non lles vale, veñen aquí simplemente a

empregar, a utilizar politicamente, a educación como ariete político contra as políticas do Partido Popular, que, por certo, señorías, non é ningunha imposición, é unha lei democrática. A democracia, nos países democráticos –valla a redundancia–, está nos parlamentos, que son as cámaras lexislativas, aquelas que toman decisións por maioría, que é a democracia pura e dura, e nunca as minorías son as que adoptan as decisións democráticas.

En calquera caso, é certo que hoxe están vostedes na rúa pedindo que se incumpra unha lei. Mesmo unha candidata á Xunta de Galicia do Bloque Nacionalista Galego está encabeizando hoxe unha manifestación para pedir que se incumpra o que se aproba nas cámaras que ela quere presidir, que son as cámaras lexislativas. Hoxe non hai problema con utilizar menores de idade nas manifestacións, señor Pombo. *(Aplausos.)* Hoxe non hai problema, o problema é cando os emprega o Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡Claro, claro!

E sos, señor Vázquez, nunca; sos están vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós somos a maioría democrática, a maioría social de Galicia, a que máis se parece aos galegos e ás galegas e a que representa xenuinamente os seus intereses, e así é recoñecido unha tras outra elección, porque as gañamos todas, ¡todas!... *(Aplausos.)* E as seguintes tamén as imos gañar de novo. E mire, sos, vostedes; sos van quedar vostedes, que é onde teñen que estar.

Como dicía Mourinho nas semifinais da Champions cando veu á Coruña: “*Los veo un poco creciditos*”. Si, pero despois quedaron eliminados; o Deportivo quedou eliminado. Estaban *creciditos*. A vostedes véxoos... ¿como era?, ¿como dicía o ilustre secretario xeral? “Aí andamos; aí, aí”. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, bueno, pois, aí, aí. Sos, señor Vázquez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, señora Quintas, silencio. ¡Tranquilidade!

O señor FARIÑAS SOBRINO: Toda Europa... *(A señora Quintas Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa sei que non, señora Quintas.

Toda Europa fai as probas de secundaria, todas, externas ademais. Máis da metade dos países fan as probas de prima-

ria; 24 dos 34 países da OCDE fan probas exactamente iguais. Os que están sos son vostedes, os que pelexan e fan dano á educación e ao país son vostedes.

E voulle dicir algo que dixo vostede: “A lei que máis dano fixo”. Mentira, a lei que máis dano fixo foi aquela que, incumprindo unha das máximas da Constitución, da igualdade de oportunidades, mandou un millón e medio de persoas á rúa, sen titulación ningunha nin posibilidade de obtela, sen ningunha capacitación profesional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...e destinados a ser man de obra barata e sen cualificar.

Esa foi a súa lei. ¿Queren volver? ¡Alá vostedes! Entón, si que volverán sos, pero nós o pacto LOMCE si, LOMCE non, superado. Se seguen atrasados, sigan. Nós, pacto si, pacto non. Nós estamos dispostos a traballar polo consenso, vostedes non. E se é que si, demóstrenlo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Pombo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Moitas grazas.

Quero agradecer o apoio do Grupo Mixto, da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Socialista por esta loita longa e dura contra a LOMCE, ese cancro do sistema educativo galego.

Volvo coller prestadas verbas de Manuel María, que di: “Hai un cancro moi activo/ que semella non ter cura:/ causa mágoa, causa dores,/ causa bágoas e tristuras!”.

Bágoas e tristuras ao alumnado, ás familias e ao mesmo profesorado, porque o Partido Popular, tamén no Parlamento galego, é o único –¡o único!– que segue facendo unha política educativa –por certo– que vai a prol da LOMCE e

das reválidas, auténtico cancro que non ten cura para o sistema educativo galego.

Reválidas, señor Fariñas, que pretenden promocionar un sistema educativo segregacionista, totalmente clasista, que pretende excluír o alumando socialmente desfavorecido do dereito á educación. Reválidas e LOMCE –ou Lei Wert– que só pretenden privatizar, mercantilizar, recentralizar o sistema educativo, desbotando a configuración plurinacional, pluricultural e plurilingüe do Estado español, apostando incluso por primar o descoñecemento da propia lingua galega.

O Grupo Parlamentar do BNG, dende logo, vai seguir loitando contra as reválidas e contra a LOMCE. Agardamos de todos os grupos da oposición que, cando menos, teñan o mesmo compromiso na vindeira lexislatura.

Dende logo que no BNG mantemos a mesma postura de cando se debateu o proxecto de decreto de reválidas; reválidas totalmente negativas, como antes dixen, que supoñen un menosprezo do noso profesorado e da súa profesionalidade, dada a perda de valor da avaliación continua que viña resultando fundamental á hora da avaliación e da evolución do alumnado.

Nós estamos coa inmensa maioría da comunidade educativa galega, que hoxe, efectivamente, se está a manifestar diante de San Caetano, que non quere nin LOMCE nin reválidas.

Volvo rematar con verbas de Manuel María: “Hai un cancro moi terríbel,/ purulento e “wert-gonzoso”./ ¡Hai un cancro moi noxento,/que aniquila ao pobo noso.”

Dende logo, o Grupo Parlamentar do BNG quere o noso pobo con outra lei educativa diferente, non con esta lei; unha lei que defenda o ensino galego, público, de calidade, laico e democrático. Nesa loita, dende logo, o BNG estará sempre.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e D^a María Julia Rodríguez Barreira, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas; unha do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, (Esquerda Unida-Anova), por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso e a través do seu portavoz, Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que impulse e orzamente, de forma concreta, a mellora das comunicacións na zona leste de Ourense, así como, a iniciar un proceso de participación social, o máis amplo posible, co obxectivo de que a futura A-76 garanta a preservación de tódolos espazos naturais e comunitarios, a protección da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade e a preservación dos valores naturais e paisaxísticos.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Tereixa Paz Franco, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a adoptar as seguintes medidas en relación con trazado da Autovía A-76 Ponferrada-Ourense:

1.- Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de demandarlle o inmediato cumprimento dos reiterados compromisos

asumidos pola Ministra de Fomento e outros cargos do Goberno de someter a un novo proceso de información pública o trazado debido ao tremendo impacto ambiental e territorial que ten o escollido polo Ministerio.

2.- Realizar un estudo no que se analicen as necesidades de mobilidade das comarcas do sur da provincia de Lugo e da zona oriental e norte de Ourense coa finalidade de verificar se esta infraestrutura resolve os problemas de mobilidade e responde ás súas necesidades de vertebración territorial e económica.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Antes de comezar a defender esta iniciativa, que elaboramos e que firmo coa miña compañeira Xulia, de Monforte, quero saudar tamén a veciños e veciñas de Valdeorras que hoxe quixeron estar aquí para escoitar esta iniciativa, moi importante.

Señorías, hai uns días remataba nas Cortes Xerais a undécima lexislatura, que pasará á historia con máis pena que gloria, na que nin tempo deu sequera para ter actividade lexislativa. Pero, iso si, tempo suficiente para ver algúns debates sobre iniciativas cun claro obxecto revisionista do pasado inmediato e de paso visualizar diferentes actitudes e chamativas postas en escena. Unha lexislatura cativa que tamén serviu para comprobar como algúns dos partidos, coalicións ou confluencias que se presentaran en Galicia prometendo que terían voz propia e grupo propio finalmente non foi así.

Pero o certo é que nas poucas oportunidades que os da nova casta política tiveron para manifestar o seu posicionamento o fixeron en contra de Galicia; e moi especialmente das infraestruturas de comunicación, que tanta unanimidade concitan en comarcas como a de Valdeorras, Lemos, Ourense ou mesmo na veciña comarca do Bierzo. Porque, señorías, en Valdeorras –e no Barco, concretamente–, ademais das bondades do botelo ou do recoñecemento do Camiño de Inverno como ruta xacobeá, a autovía 76 é outro dos asuntos que suscita unanimidade tanto no ámbito político como no social nos concellos de diferente signo político, entidades ou

veciños en xeral; unanimidade que tamén temos que dicir que existía nesta Cámara. Quero lembrar que o día 6 de febreiro de 2014 debatíamos unha proposición non de lei defendida por este deputado na que demandabamos á Xunta que instase o Ministerio de Fomento para a licitación dos proxectos construtivos e o trazado da futura autovía 76. Era apoiada por todos os grupos. E o mesmo sucedeu no Congreso dos Deputados o 15 de decembro de 2010, onde con outra proposta do Grupo Popular resultou apoiada por unanimidade; ou tamén no Senado, en novembro de 2008. Polo tanto, unanimidade no Parlamento galego, unanimidade nas Cortes Xerais, nas comarcas e nas vilas implicadas, ata que hai ben pouco o Grupo Parlamentario da AGE na Comisión 2ª o pasado 4 de marzo solicitou neste Parlamento a paralización inmediata deste proxecto, sendo apoiado polo BNG e polo Grupo Mixto. Ou cando o pasado 13 de abril no Congreso dos Deputados, a proposta dunha proposición do Grupo Popular, o Grupo En Marea-Podemos foi o único grupo –repito, foi o único– que votou en contra de continuar impulsando o proxecto da autovía A-76, chegando incluso a dicir que non era necesaria a súa construción.

Polo tanto, señorías, a pregunta que nos facemos desde o Grupo Popular é: ¿que pasou? ¿Por que agora, que avanza de verdade e se están a licitar as redaccións de varios proxectos, mudan de postura? ¿Con quen falan?, ¿con que alcaldes, con que alcaldesas, concelleiros, entidades e cidadáns falan para opoñerse á execución deste proxecto e solicitar a súa paralización? Déixenme que lles diga que penso que están trabucados. ¿Saben por que había unanimidade? Valdeorras é unha comarca considerada a porta de Galicia, que desgraciadamente se viu marxina e illada das grandes e modernas infraestruturas de comunicación. Así pois, unha primeira conexión coa Meseta pola autovía fíxose pola parte norte coa A-6 e anos máis tarde a segunda polo sur coa A-52, cando a entrada por Valdeorras –como ben dispuxeron os romanos, dos que non dubidamos da súa intelixencia– era a vía natural de acceso á *Gallaecia*. Unha ruta central directa entre Braga e Astorga, cuxa apertura viñan demandando tanto pola riqueza mineira destas bisbarras interiores como pola necesidade de culturizar os seus moradores. E, deste xeito, coa chegada da dinastía Flavia no ano 69, constrúese unha das arterias principais para o noroeste peninsular, a chamada Vía Nova. Máis tarde, utilizaríase como camiño medieval, camiño real, camiño de peregrinación, camiño de entrada para as tropas francesas na guerra da Independencia,

vía de entrada de arrieiros e maragatos, camiño de segadores, ao que lle seguiu o primeiro trazado da liña férrea para entrar en Galicia, a liña Palencia-A Coruña, inaugurada en 1883. Polo tanto, antecedentes históricos habería dabondo para que a autovía 76 tivera sido a primeira infraestrutura de vertebración en Galicia e a primeira de comunicación co resto de territorios do Estado, pero, lamentablemente, a realidade foi outra ben distinta.

Pero, señorías, ademais dos antecedentes, ¿por que dicimos que é necesaria? O oriente ourensán ten unha gran actividade industrial e mineira –ese paralelismo que dicía antes cos romanos e coa Vía Nova– que supón o sustento principal das súas familias. Entre a zona do Bierzo e Valdeorras traballan en torno a 4.000 persoas, que se desprazan diariamente en decenas de autobuses, furgonetas, coches, etc., cunha produción de en torno a 450.000 toneladas ao ano, que a maioría saen desde Valdeorras ao resto do mundo por estrada e por mar a través dos portos de Vigo e Xixón. E toda esta actividade faise por unhas estradas moi deficientes.

Polo tanto, a autovía 76 é unha actuación máis que necesaria desde o punto de vista socioeconómico e tamén para a vertebración da Galicia interior, comunicando Valdeorras, Monforte, Ourense e mesmo a cidade de Ponferrada e constituíndo un terceiro acceso de gran capacidade desde Galicia cara a Castela-León, unha vez que a N-120 está superada, sobre todo en determinados tramos complicados, con moitas dificultades para realizar adiantamentos e soportando un tráfico pesado moi importante.

Señorías, despois de dez anos de traballo, non entendemos esta postura, esta nova postura –que dicía– da nova casta política, convencidos de que con eles comeza todo, obviando o traballo feito polos executivos socialista e do Partido Popular, tanto na Xunta como no Goberno central, o traballo feito polos concellos, os informes, os prazos, os procedementos, etc. E resulta que agora non serviu para nada, hai que paralizalo ou buscar novos trazados. Pois non, permítanme que lles lembre os pasos dados ata o de agora: en decembro de 2005, contrato e redacción do estudo informativo da autovía 76; en xullo de 2008, a aprobación provisional do estudo informativo, e sométese á información pública; o 16 de marzo de 2010 un informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza considera viables esas actuacións, coa única excepción do tramo correspondente en Bio-

bra, serra da Enciña da Lastra, no concello de Rubiá, propoñendo a reconsideración deste paso por este tramo. Mantéñense diferentes reunións e traballos técnicos para solventalo e, a consecuencia disto, en novembro de 2010 a Demarcación de Carreteras del Estado presenta un novo documento, *Documentación ambiental complementaria al estudio informativo de referencia tras el proceso de información pública para el tramo Biobra-serra da Enciña da Lastra*. En xullo de 2011 a Dirección Xeral de Conservación da Natureza emite un informe coa análise das dúas alternativas, decantándose pola alternativa 2 para evitar afectar as zonas de reserva e o uso restrinxido do parque natural. En agosto de 2013 o BOE publica a declaración de impacto ambiental. En febreiro do 2014 o BOE publica a aprobación definitiva do estudo informativo da autovía 76, 125 quilómetros, cun orzamento de 1.200 millóns de euros.

Na pasada lexislatura a A-76 foi considerada unha infraestrutura estratéxica polo Ministerio de Fomento, que dirixe Ana Pastor, sendo incluída no Plan de infraestruturas, transporte e vivenda –o Pitvi– 2012-2024, recibindo un forte impulso. Nestes intres temos dous treitos con proxecto en redacción e un terceiro en fase de licitación, o treito Villamartín de la Abadía-Requejo, o treito A Veiga de Cascallá-O Barco e o proxecto do treito Requejo-A Veiga de Cascallá. Para o segundo dos subtreitos entre O Barco e Monforte os orzamentos xerais do Estado para o 2016 contemplan a licitación do proxecto da variante de Monforte de Lemos. A propia conselleira Ethel Vázquez confirmou que se pactou co ministerio unha solución viable para a primeira fase dos accesos á plataforma loxística ata a N-120 e asegurou que o proxecto será compatible coa declaración de ben de interese cultural da Ribeira Sacra, compromiso que tamén manifestou a ministra en funcións, Ana Pastor, sobre o estudo deste tramo.

Polo tanto –e remato–, non entendemos, señorías, a que vén agora poñer en cuestión esta infraestrutura de comunicación; non entendemos que se estea a pedir a paralización deste proxecto. Polo que fago un chamamento de novo ao consenso cunha iniciativa que non vai en contra de nada nin en contra de ninguén senón a favor do futuro das comunicacións da Galicia interior. Ante o cambio de posicionamento e para despegar calquera dúbida teñen hoxe unha nova oportunidade para volver posicionarse e que vexamos se foi un erro pasaxeiro ou táctico ou, pola contra, se pretenden algúns de vostedes persistir no erro e votar en contra.

Polo tanto, a nosa proposta é que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que continúe impulsando a construción da autovía 76 entre Ourense e Ponferrada, manteña o esforzo investidor e siga traballando para facer realidade esta infraestrutura de modo compatible coa protección do medio ambiente e coa declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi bo día a todos e a todas.

A verdade é que eu non sei moi ben que lles deron aos do Partido Popular no congreso do sábado ou do domingo; algo que non lles sentou moi ben, porque pasaron vostedes de ser o grupo maioritario que sostén o Goberno en Galicia e no Estado a ser o grupo maioritario cuxo único obxectivo é vir aquí facerlles oposición a aqueles que pensan que van ser a alternativa, neste caso As Mareas, AGE e os que cremos en mudar a orde social deste país. Sei que lles molesta esa realidade, pero é o que está acontecendo. O medo está instalado nas filas do Partido Popular ante a posibilidade de perder os seus espazos de caciqueo atemporais no país.

É tanto así que vostedes chegan e terxiversan os planteamentos desta organización. E nós poñemos enriba da mesa unha realidade: nosoutros defendemos as infraestruturas, pero non a calquera prezo. E hai que recoñecer que existe un déficit moi importante de infraestruturas no leste de Ourense por responsabilidade daqueles que gobernaron historicamente neste país, que foi precisamente o Partido Popular, excepto seis anos que gobernou o conxunto da historia democrática do pasado século e deste século en Galicia. Polo tanto, son vostedes os únicos responsables da deixadez que tiveron con esa comarca e cos seus veciños. Iso non pode obviar a necesidade de que os trazados se fagan respectando non só o medio ambiente senón a historia de cada un dos lugares, porque, se non, se poden cometer erros históricos que non teñan retorno e que, polo tanto, sexan incal-

culables en termos económicos. Por exemplo, ¿alguén se puxo a pensar cal sería o custo en termos económicos, sociais e incluso turísticos e de imaxe do noso país se non se producira a denominación de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra por mor dunha infraestrutura? Eu creo que esa análise hai que facela. Polo tanto, nós o que facemos é unha análise de: infraestruturas necesarias, si; comunicar O Barco e a súa contorna, si; unha saída central para a Meseta, posiblemente tamén; pero claramente non a calquera prezo e non a calquera custo.

E fai moi ben o portavoz do Partido Popular en lembrar os romanos. É certo, os romanos fixeron por esa vía un acceso a Galicia, pero fixérono porque eran máis intelixentes que o Partido Popular, porque fixeron unha análise de custo-beneficio inicial e, polo tanto, fixeron unha infraestrutura para acceder a algo que lles parecía importante, que era o ouro deste país. Pero o Partido Popular ás veces fai infraestruturas sen facer unha análise custo-beneficio e sobre todo porque o único que quere en moitos casos é o caso das infraestruturas que se fan. Esa é a diferenza.

Pero tamén, se lembramos a historia, temos que lembrar a historia do que significa que existan por aí moitos xacementos e, polo tanto, unha importancia a preservar e o risco de que perdamos esa referencia histórica a través do impacto que podería supoñer algunha das partes desa infraestrutura. Polo tanto, nosoutros na nosa iniciativa presentamos unha emenda, e a emenda cambia bastante significativamente o que plantexa o PP. Nós non queremos que sexa compatible, queremos que respecte o medio ambiente e os valores históricos e sociais. E non é o mesmo ser compatible que respectar, e non é o mesmo respectar que preservar; e preservar supón anticiparse a un dano futuro, cando a compatibilidade di que en todo caso poderán pervivir as dúas cousas, pero, evidentemente, as dúas cousas poden perder unha parte dos seus valores: a infraestrutura, unha parte da súa capacidade de darlle unha dinamización económica á contorna; pero tamén a contorna, unha parte dos seus valores naturais e paisaxísticos. E estamos falando de valores naturais e paisaxísticos únicos, moi fráxiles e que, dende logo, poden ser impactados dunha forma moi importante por esta posición.

E tan equivocada non debe de estar AGE cando a propia ministra de Fomento plantexou a necesidade de restablecer o plantexamento público para que entre todos definamos cal

debe ser o trazado definitivo para evitar que se ataquen, por exemplo, zonas de protección de aves; ou o que significaría a perda desa denominación de Patrimonio da Humanidade para a Ribeira Sacra. Polo tanto, nós coincidimos na necesidade dunha comunicación áxil e máis moderna entre Ourense e Ponferrada, é evidente, todos o entendemos, pero nós dicimos que as comunicacións non se poden facer a calquera prezo.

E non nos serve esa maneira da historia do Partido Popular de que todas teñen informe de impacto medioambiental. É certo, todas as aberracións que se fixeron neste país –salvo algunha, por exemplo, os depósitos de Ferrazo no meu pobo e demais– tiñan informe de impacto ambiental favorable. E iso non quitou que foran ás veces navalladas históricas ao noso patrimonio, navalladas á nosa xeografía, que non foron capaces de ser resoltas ao longo do tempo.

Polo tanto, ¿é necesario reactivar o modelo de infraestruturas de comunicación do leste de Ourense? Si, seguro, niso estamos todos de acordo. Pero, dende logo, as fórmulas son ben distintas, entre as fórmulas que preservan o noso patrimonio histórico, e sobre todo o natural, e aquelas que pretenden facer a infraestrutura a calquera prezo, e, se é posible, ao maior prezo posible, mellor, que é o que pretende o Partido Popular. Esas infraestruturas sobredimensionadas en custos que o único que fan é que despois se demostren cousas como o 3 % nalgunhas comunidades como a valenciana.

Polo tanto, nós presentamos unha iniciativa que se se atende por parte do Partido Popular contará co noso voto favorable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados, veciños e veciñas da comarca de Valdeorras.

É curioso como unha infraestrutura da que levamos falando, fundamentalmente en Ourense, máis de dez anos

con diferentes controversias, e sobre todo unha infraestrutura que a teor da intervención do señor Blanco Paradelo ten a importancia que ten –e, efectivamente, ten moita importancia establecer mecanismos para vertebrar a provincia de Ourense, para comunicar Valdeorras non só con Ourense, senón tamén co resto de Galiza–, unha infraestrutura que, segundo os cálculos, nos vai custar a todos os cidadáns e cidadás máis de 1.221 millóns de euros, para o Partido Popular sexa unicamente unha preocupación, como se viu na intervención do señor Blanco Paradelo, unha intervención ou unha preocupación unicamente de índole electoral, unha preocupación e unha intervención que valeu única e exclusivamente para intentar meterlle o dedo nos ollos ao resto das organizacións políticas.

Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, presentamos unha emenda a esta iniciativa que se fundamenta en dúas cuestións. Primeiro, señor Blanco Paradelo, sabe vostede perfectamente –o resto das señorías seguramente tamén, pero vostede de primeira man– que o trazado desta autovía ten resultado altamente controvertido en Ourense, porque hai comarcas, hai persoas que pensan que suscitaron o debate acerca de se o seu trazado era o adecuado para vertebrar adecuadamente todo o que podemos considerar o oriente da provincia ourensá.

E xa que estamos aquí postos na política curtopracista e un pouco barriobajera, eu tamén vou baixar un pouco á lama. Porque eu recordo o señor Baltar dicindo o 5 de febreiro do ano 2007 que se o trazado ía definitivamente por Monforte era unha navallada para a Ribeira Sacra. E recordo, señor Blanco Paradelo, en setembro de 2008 o señor Baltar Pumar dicindo que era un pau que o Ministerio decidira definitivamente que fose por Monforte e non por Trives. E, señor Blanco Paradelo, vostede era deputado provincial ao tempo, ¿verdade? E o señor Baltar era presidente co seu voto, ¿verdade, señor Blanco Paradelo? Daquela, señor Blanco Paradelo, creo que é moito máis legal desde o punto de vista dos cidadáns se todos e todas somos serios abordando o tema das infraestruturas, tanto polo custo que supoñen como polo suposto beneficio que teñen que supoñer para a cidadanía.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda que ten dous puntos:

No primeiro punto o que dicimos é o seguinte: o trazado foi controvertido no pasado, mesmo o Partido Popular de

Ourense defendía un trazado diferente do que hai actualmente. O trazado que hai actualmente está resultando controvertido, non só polo impacto ambiental que ten na comarca de Valdeorras, na serra da Enciña da Lastra, senón tamén polo impacto ambiental, paisaxístico e de todo tipo que ten na comarca de Ourense e no conxunto da Ribeira Sacra. Tan controvertido que a propia ministra de Fomento –iso si, curiosamente sempre é en vésperas dalgún tipo de proceso electoral–, nas vésperas das eleccións europeas, e o ano pasado nas vésperas das eleccións municipais, comprometeuse a abrir un novo prazo para someter novamente o trazado a información pública para introducir as melloras que fosen necesarias para evitar ese impacto ambiental e paisaxístico.

Por iso, señor Blanco Paradelo, no primeiro punto, nós dámoslle a oportunidade ao Partido Popular de ser por unha vez na vida decentes e de cumprir con aquilo que prometen, con aquilo co que se comprometen nas campañas electorais. E, polo tanto, ofrecémoslle a oportunidade de que desde aquí lle digamos á ministra de Fomento que ten que dunha vez por todas, despois de máis de dous anos, desde febreiro de 2014, que se comprometeu por primeira vez, sacar a información pública novamente ese trazado.

E poñemos un punto segundo, porque o déficit de infraestruturas que padece a comarca de Valdeorras, a comarca de Trives, o sur da provincia de Lugo, todo o interior da provincia de Ourense, o Macizo Central, a Ribeira Sacra e toda a parte nororiental de Ourense e a parte sur de Lugo cremos que non se resolve unicamente con esta infraestrutura. E por iso poñemos un segundo punto na nosa moción, na que lle dicimos á Xunta de Galiza que ten que facer un estudo das necesidades de mobilidade, tanto desde o punto de vista social, económico e demográfico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...desas zonas do interior de Galiza, de Ourense e de Lugo, para ver se realmente con esta infraestrutura, con este trazado e con esta concepción da infraestrutura, da súa permeabilidade nas distintas comarcas cumpre para dar resolto esas necesidades que ten a poboación, que ten a cidadanía e que ten o desenvolvemento económico.

E despois, señor Blanco, en función dese estudo falaremos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Se unicamente o que temos que pedirlle ao Ministerio é que se faga esa infraestrutura e que se faga canto antes, ou se temos que pedir algunha cousa máis en relación non só coa permeabilidade desa infraestrutura nas diferentes comarcas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...senón con como vertebramos o resto das comarcas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Esa é e foi, por certo, desde o ano 2005, sempre a posición do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz. Moitas grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, presidente.

Construirán a autovía A-76 e terá un custo de polo menos 1.221 millóns de euros, case 10 millóns de euros de media por cada un dos 125 quilómetros de autovía. Unha infraestrutura innecesaria en función do tráfico actual, cunha media de 4.580 vehículos, cando a cantidade de tráfico recomendada pola Unión Europea para realizar un desdoblamento da estrada de dous a catro carrís é de 10.000 a 15.000 unidades.

Construirán a autovía pese ao informe da Comisión multidisciplinar coordinada pola valedora do pobo e encargada da realización do estudo técnico que permite a candidatura da Ribeira Sacra de 'patrimonio da humanidade' á Unesco, para o que as deputacións de Lugo e Ourense achegaron 100.000 euros. O devandito informe destes expertos asegura que a proposta do trazado da A-76 é incompatible coa declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade.

Pero vostedes construírán a autovía, pese a que o informe di textualmente que o trazado e as súas obras van supor unha afectación significativa de espazos e hábitats que gozan de diferentes status de protección, tales como espazos naturais protexidos ou hábitats de interese comunitario.

Construírán a autovía pese á advertencia destes expertos técnicos de que se verá afectado de xeito grave e permanente o patrimonio paisaxístico da Ribeira Sacra, un patrimonio de especial fragilidade en canto ao que suporía danar un aspecto central na proposta da zona como patrimonio da humanidade.

Construírán a autovía pese ao impacto medioambiental paisaxístico na zona, que implicaría a destrución do tecido social, cultural e económico, non só da Ribeira Sacra, senón tamén do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra, a zona de maior diversidade tanto animal como vexetal de todo o territorio galego, segundo Adegas.

Construírán a autovía pero non explicarán á cidadanía que recortes nos servizos públicos –en educación, sanidade e pensións– van acometer para financiar esta obra.

Construírán a autovía, pero non no noso nome. Construírán a autovía pero non no nome das tres deputadas, das tres mulleres que conformamos o Grupo Mixto, que non dará o seu apoio a esta electoralista proposición non de lei do Partido Popular.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Hai pouco máis dun mes, na Comisión 2ª, os grupos parlamentarios tivemos a oportunidade de debater unha Proposición non de lei, por iniciativa naquel momento da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a A-76, a autovía Ponferrada-

Ourense. Dende entón xa se debateu tamén a mesma cuestión no Parlamento español.

Os socialistas cremos que con esta iniciativa o Grupo Popular só quere escenificar a posición dos grupos e darlles corda aos seus incumprimentos con respecto á A-76. Pero o que fai en realidade é poñer de manifesto, ao descuberto, as debilidades dos gobernos do Partido Popular coa A-76, coa autovía Ponferrada-Ourense. A proposta de acordo amosa estas debilidades: que o Goberno do Partido Popular en España non cumpriu cos prazos e cos orzamentos da A-76; que o Parlamento galego ten que empurrar o Executivo galego para que abandone a pasividade e sexa máis proactivo na construción da A-76, e mesmo que o Grupo Popular tenta xustificar a inanición e inmovilidade do Goberno do señor Rajoy coa compracencia do señor Feijóo, e mesmo poñerlle deberes a un goberno que no día de hoxe non existe. En fin, como vimos vendo toda a mañá, é o Partido Popular en campaña electoral pura e dura: facer que se fai, nada de nada, demora tras demora.

Estamos a falar das Terras de Lemos, da bisbarra de Valdeorras e mesmo do Bierzo. Valdeorras é un dos espazos territoriais máis dinámicos da Galicia interior, con precarias vías de comunicación que dificultan a súa presenza nos centros de maior actividade de Galicia. Ten a xusta aspiración polo tanto a integrarse na rede viaria galega e deixar de ser a autodenominada “quinta provincia” de Galicia. Esta autodenominación das valdeorras e valdeorreses ten moito que ver co estrutural illamento coas demais provincias galegas pola falla de infraestruturas viarias e ferroviarias modernas e competitivas.

Valdeorras e as Terras de Lemos séntense máis ligadas na súa actividade e nas súas relacións con Castela e León que a Galicia; non por afinidade, senón por proximidade; non por desapego, senón por necesidade; non por mellores comunicacións, senón por menores distancias. Diso é consciente O Bierzo, Valdeorras, Terra de Lemos e a poboación asentada na franxa da influencia dos 125 quilómetros de percorrido da futura A-76.

Por iso, a futura A-76, a autovía Ponferrada-Ourense, resulta ser dunha transcendencia capital para a vertebración da Galicia interior. Será un elemento crucial de competitividade e un valor engadido á actividade económica actual e un

nicho de novas oportunidades nestes territorios. Oportunidades palpables en diferentes sectores: sector da pizarra, sector vitivinícola, sector agroforestal, sector turístico, sector monumental e cultural, etc., etc. Todos estes sectores necesitan das infraestruturas de comunicación axeitadas para poder competir e para poder desenrolar todo o seu potencial. Estes territorios e estes sectores necesitan da A-76 para sobrevivir e mesmo para pervivir. Mesmo resulta imprescindible para abordar proxectos conxuntos entre territorios diferentes que aspiren a complementarse. A A-76 aportará permeabilidade e porá en valor recursos humanos e materiais de forma conxunta.

Debe ser, polo tanto, un imprescindible soporte de crecemento nas relacións sociais, empresariais, produtivas, formativas, sectoriais, un polo de crecemento que supere os individualismos e localismos, nun contexto de promover sinerxías.

Imos, polo tanto, apoiar esta iniciativa, coas irrenunciabíles cautelas contempladas tamén nesta proposta por primeira vez reflexadas polo Grupo Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, señor presidente.

Bueno, señor Fernández, non creo que neste momento político actual, e sobre todo ante a incerteza dos posibles futuros gobernos, estea de máis ratificar este acordo. O que si lle digo é que se nalgún momento o Partido Socialista chega a algún acordo, algún pacto de goberno, con Podemos, que non permitan vostedes que esta infraestrutura veña abaixo.

Respecto ao Grupo Mixto, quero dicirlle, simplemente, que lamento que unha ourensá defenda con esa vehemencia a paralización desta infraestrutura tan importante, e dicirlles tamén que parece ser que só os técnicos e os informes que se acercan ás súas teses son os que valen; os técnicos da Xunta de Galicia, os técnicos do Ministerio, eses informes non lles gustan para nada.

Quero dicirlle ao señor Fajardo, respecto ás contradicións das que falaba, que se terxiversan, eu pensaba que Alexandra Fernández tiña quedado con vostedes. Alexandra Fernández dixo no Congreso dos Deputados que esta autovía non era necesaria e, ademais, dixo que era prexudicial. Polo tanto, eu saúdo o seu novo posicionamento e saúdo que non pida a paralización do proxecto.

Pero, desde logo, os que están cheos de contradicións son vostedes, e son os que queren obviar todo o traballo feito ata o de agora por todos *(Interrupcións.) (Murmurios.)* os partidos políticos, e con vostedes comeza o adanismo... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Oia!, ¡oia! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*
¡Oia, señor Beiras! ¡Señor Beiras!...

O señor BLANCO PARADELO: Acabamos de ver un novo exemplo democrático...

O señor PRESIDENTE: Chámoo á orde e xa sabe cal é o artigo 108, coñéceo ben. Coñéceo ben, non me poña nesa tesitura.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, a sus órdenes non, o respecto ao Parlamento. Si. Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se non quere estar, váiase, e se non, ten que... Non, non, por suposto, ¡eh!, respecto a quen está no Parlamento, e non me poña en tesituras difíciles. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non.

Silencio.

Prosiga, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Señor presidente, eu o que lle digo é que non vou permitir que os da nova casta política me chamen fascista. *(Aplausos.)*

Quero lembrar: *PP, PSOE, Ciudadanos apoyan en el Congreso la autovía 76, En Marea-Podemos votó en contra*

de su construción y afirmou que bastaría con mejorar la actual N-120. Podemos do Barco e Riada Cidadá, as súas marcas afíns, están a favor. Polo tanto, vostedes teñen que aclararse. ¿Que van levar no seu programa electoral? ¿Autovía 76 si ou autovía 76 non? Terían vostedes que aclararse.

Quero dicirlle tamén, sobre as emendas, que desde logo non as imos aceptar. Señora Paz, con todo o respecto, se seguimos facendo novos estudos e debatendo sobre os trazados, vostede sabe que nunca vai realizarse esta infraestrutura, e vostede dixo que levamos máis de dez anos. Polo tanto, súmense ao acordo.

Eu quería recordar, sen que se sinta neste caso aludido, pero o señor Jorquera no debate no Congreso dos Deputados el avogaba por que esta iniciativa tivera un voto unánime, e quero pedirlle tamén desde logo que lle faga caso ao señor Jorquera.

E respecto a AGE –e remato xa– dígolle, sobre as súas emendas: vostedes queren ademais que se especifique e que se orce. Voulle recordar: treito Villamartín de la Abadía-Requejo, 7,6 quilómetros de lonxitude, orzamento 35,26 millóns, e agárdase a redacción que estea finalizada este ano; treito A Veiga de Cascallá-O Barco, 8,4 quilómetros de lonxitude, orzamento 26,35 millóns, e agárdase...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...que a súa redacción estea finalizada este ano. O proxecto do treito Requejo-A Veiga de Cascallá foi licitado o 2 de abril de 2016, o prazo de presentación das ofertas remata o 25 de maio de 2016, ten unha lonxitude de 10,7 quilómetros e un orzamento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: ...de 223 millóns. Polo tanto, súmense ao acordo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(O señor Beiras Torrado pide a palabra.)*

Si, ten a palabra, señor Beiras. Supoño que será para retirar o ter insultado ao deputado chamándolle fascista.

O señor BEIRAS TORRADO: Para unha cuestión de orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, ¿cal é?

O señor BEIRAS TORRADO: Se é correcto, respecto dos grupos parlamentarios, que o Grupo Popular pretenda marcar e impoñerlles a estes grupos –sexamos nós, sexa o PSOE– cal debe ser a súa actuación nos acordos con outras forzas políticas...

O señor PRESIDENTE: Non, pero iso non é a cuestión. Non, non, perdoe, perdoe.

Agora, metido xa en alusións, ¿vostede retira a expresión de “fascista”?

O señor BEIRAS TORRADO: Si, retíroa, claro que si.

O señor PRESIDENTE: ¿Retíraa?

O señor BEIRAS TORRADO: Si.

O señor PRESIDENTE: Así me gusta. Perfecto.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

O señor BEIRAS TORRADO: ¿Recorda vostede a Galileo? *Eppur si muove. (O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Retirada queda.

Votamos, en primeiro lugar, a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que

debe levar a cabo a Xunta de Galicia e as demandas que realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos. ¿Si? (*Murmurios.*)

Non sei se o Grupo Mixto acepta a votación por puntos. Non a acepta. Votamos tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun proxecto de lei que regule a publicidade institucional e a actuación que debe levar a cabo para a concesión de subvencións aos medios de comunicación polo uso do galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a liquidación pola

Xunta de Galicia do concurso eólico e a implantación dunha nova normativa que permita desenvolver un modelo enerxético de produción baseado nas enerxías renovables con xeración distribuída e autoconsumo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Hai unha suxestión da vicepresidenta segunda —e téñoa en conta porque sempre o fago e hoxe despisteime—, que vai sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e tres deputados/as máis, sobre a modificación polo Goberno galego da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa incorporación do solo de núcleo rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a defensa pola Xunta de Galicia diante das autoridades estatais e comunitarias da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión de recursos no marco da política agraria común.

Xa manifestou o señor Balseiro que non aceptaba as emendas presentadas polos grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, diante das autoridades estatais e comunitarias, da revisión do actual sistema de repartición de cotas pesqueiras e a xestión dos recursos no marco da política agraria común, co fin de resolver a situación xerada pola aplicación do principio de estabilidade relativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do grupo Parlamentario Socialista de Galicia sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias e, en concreto, á enfermidade de Alzhéimer en Galicia.

Xa manifestou que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, diagnóstico e atención sociosanitaria ás demencias e, en concreto, á enfermidade de Alzhéimer en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da LOMCE en Galicia, nomeadamente as probas de avaliación de 3º e 6º de primaria, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a Proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León.

Non foron aceptadas as emendas presentadas polos grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e D^a María Julia Rodríguez Barreira, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa construción da autovía A-76, entre Ourense e León.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 3; abstencións, 11.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Fanme chegar os grupos unha declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o pobo palestino que paso a ler a continuación.

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 10 de maio de 2016, sobre o pobo palestino

“Co gallo do aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino, o próximo 15 de maio, o Parlamento de Galicia reclama da comunidade internacional que exixa a Israel o seguinte:

O cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.

O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.”

(Murmurios.) –Silencio, por favor, é un tema serio.–

“O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.

O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas das que foron expulsadas.

Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienábeis da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana.

O Parlamento de Galicia non escatimará esforzos en contribuír desde Galicia a construír unha orde internacional xusta, baixo o respaldo da legalidade internacional, un mundo no que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.

Santiago de Compostela, 11 de maio do 2016.”

Debate das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao debate das propostas de resolución formuladas ao Plan estratéxico de Galicia.

Tal como falamos o outro día, as propostas son: do Grupo Parlamentario Mixto, 35; Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 23; Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 17; Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 29; e Grupo Parlamentario Popular de Galicia, 4.

Continuamos o debate e votación segundo o acordado na Xunta de Portavoces o pasado día 3 de maio. Ábrese unha rolda de intervencións dos grupos parlamentarios para posicionarse respecto das propostas de resolución dos demais grupos por un tempo máximo de 10 minutos por grupo parlamentario, logo da súa ordenación por esta presidencia.

Comezamos, polo tanto, co Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Grupo Mixto apoiará todas as resolucións presentadas polos grupos da oposición, pois, se ben é certo que algunhas delas poden dar lugar a un debate, maioritariamente son coincidentes nos seus obxectivos coas presentadas polo Grupo Mixto, e no seu conxunto recollen iniciativas que considero imprescindible acometer.

Tamén quero lamentar a falta de disposición do Partido Popular para chegar a acordos nun plan que vai moito máis aló desta lexislatura, que xa está na súa recta final.

En canto ás propostas de transacción, votaremos en favor das mesmas, xa que melloran o texto orixinal.

Pero no tempo que me queda, destacarei algunha das cuestións que me parecen máis salientables.

Respecto da sanidade, o Partido Popular transacciona con AGE unha proposta que queda redactada da seguinte forma: “Elaborar unha nova estratexia de saúde mental coa maior participación e consenso posible”. Pero, sen embargo, rexeita todas as resolucións que incidían na recuperación dos cadros de persoal da sanidade pública e a convocatoria de prazas públicas de psicoloxía clínica. Non van conxuntas. Se

imos mellorar a saúde mental, evidentemente haberá que falar de aumentar os cadros de persoal e de incorporar persoal de psicoloxía clínica.

Tamén en temas tan importantes como o I+D+i ou vivenda o Partido Popular non foi quen de aceptar ningunha das propostas da oposición, nin sequera de acadar unha transaccional, salvo na recuperación dos cascos históricos.

En educación, o Partido Popular acepta a resolución 6 b) do Partido Socialista, para garantir unha política de bolsas suficientes para o acceso a estudos superiores, o cal paréceunos moi ben. Pero contradí esta aceptación co rexeitamento da proposta 7.5 do mesmo grupo, que ten por obxectivo pór en marcha novas bolsas que garantan a igualdade ao acceso á educación superior. Entón, por un lado dicimos que si, pero por outro lado dicimos que non aos mecanismos para garantir aquilo ao que dixemos que si.

En canto a emprego, non se chegou a ningún acordo nas resolucións que instan a mellorar as condicións salariais e laborais da clase traballadora galega, nin unha soa foi aceptada. Así, a pesar de que o Partido Popular, ante esta realidade, aceptou a proposta 22 c) de AGE, que fala de “reducir a fenda salarial de xénero”, despois rexeita todas as propostas que establecen medidas para acadar o dito fin, como a proposta número 10 do Grupo Mixto, que insta a que a igualdade de salarios e dereitos entre homes e mulleres no ámbito da empresa sexa un dos criterios á hora de adxudicar contratos públicos.

En canto á lingua, eu cheguei á conclusión de que, mentres o goberno do Partido Popular sexa quen está nesta Cámara, a nosa lingua estará condenada ao ostracismo, non respectan a lingua galega. Dá a impresión de que para o Partido Popular o galego non pasa dunha lingua de andar por casa, unha lingua á que se nega a darlle prestixio e recoñecemento. Así, por exemplo, non admitiron unha das propostas de resolución do Grupo Mixto que falaba de potenciar a edición en galego de todo tipo de textos, incluídos textos científicos e históricos, algo fundamental. Non hai literatura científica en galego; polo tanto, debería ser unha aposta do Goberno para darlle precisamente ese prestixio á lingua. Igual que tamén rexeitan outras propostas do Grupo Mixto que incidían en potenciar o galego como lingua de comunicación no ensino e como lingua de comunicación da Admi-

nistración cos seus administrados. Tamén foi rexeitada, non entendemos por que. Vostedes quedan na propaganda co idioma; polo tanto, están vostedes condenando o noso idioma á desaparición.

Aquí tamén o Partido Popular, por unha banda, transacciona co BNG, no tema de territorio, unha resolución para acadar o saneamento integral das rías galegas a través dunha planificación do desenvolvemento das actuacións precisas. Moi ben, pero rexeita a resolución 34 do Grupo Mixto, que instaba a incluír no Plan estratéxico de Galicia un plan de desindustrialización da liña de costa das ribeiras dos ríos.

Mentres teñamos a industria na beira do río, mentres teñamos a industria a pé de costa, evidentemente a contaminación vai seguir. Hai que ter un plan, e non se di se nun ano ou en sete, pero evidentemente hai que sacar a industria das costas e das beiras dos ríos.

Tamén en canto aos sectores produtivos de mar, acepta a resolución 17 do Partido Socialista para mellorar a calidade das zonas produtivas e fomentar a investigación para evitar a morte de bivalvos e de parasitos que afectan tamén outras especies. Pero tamén rexeita a resolución 26 do Grupo Mixto, que di que non se autoricen máis instalacións de acuícultura mentres non se dispoña dun diagnóstico de por que se está nesta situación de morte de bivalvos e de contaminación das rías que afecta, por toxinas, outras especies.

Resulta imposible non dedicarlle un minuto ao comentario polo que o Partido Popular non acepta a resolución 18.2 do Partido Socialista, que propón a posta en marcha de mecanismos que eviten que as xentes do mar saian a pescar en condicións climatolóxicas adversas. O Partido Popular xustifica a non aceptación dicindo que non procede porque xa se puxo en marcha un seguro deste tipo e non tivo acollida entre o sector. E, como non tivo acollida, agora que se aguanten. É dicir, se non tivo acollida o plan anterior, haberá que falar co sector para ver en qué fallaba ese seguro, qué é o que necesita o sector e en qué condicións haberá que establecer esa seguridade. Como non aceptaron o que eu lles dei, agora non lles dou nada. É que non ten ningún tipo de sentido, cando estamos falando de mortes todos os anos porque os mariñeiros se ven obrigados a saír ao mar con temporal porque non teñen ingresos. Polo tanto, é unha medida imprescindible que vostedes non aceptaron.

E en canto ao tema forestal, chegouse a unha transacción sobre as especies caducifolias e autóctonas que, dende logo, imos apoiar, pero quedanos aí pendente o que pasa co eucalipto *nitens* e a súa proliferación en Galiza, se se vai facer ou non se vai facer algo.

E tamén hai que destacar a imposibilidade de chegar a un acordo sobre prevención e extinción de incendios, non foi aceptada ningunha das propostas da oposición.

En canto ao sector lácteo, cabe destacar que tampouco foron aceptadas as resolucións presentadas pola oposición, que requirían un plan de industrialización ao redor do sector lácteo galego, defendido nesta Cámara por todos os grupos da oposición, para xerar riqueza no noso rural, e para tamén dar valor ao noso leite con produtos que se fabriquen con leite galego. Non foi posible, e ese é o apoio que vostedes lle dan ao sector lácteo unha vez máis, e ao medio rural.

En canto á cohesión social, lamentablemente ningunha das resolucións presentadas pola oposición que establecen medidas para reducir a desigualdade social, protexer as persoas máis vulnerables ou reducir os índices de pobreza foron aceptadas polo Partido Popular. Non se aceptou ningunha das que incidían en garantir a vivenda, en garantir o acceso á enerxía, en garantir o acceso á auga potable, tres cuestións vitais sen as que ninguén pode vivir en condicións dignas. E o Partido Popular rexeita todas as que van encamiñadas a establecer estes dereitos como dereitos fundamentais da cidadanía.

Pero tamén na transacción que se fai coa proposta número 12 de AGE, para estudar a ampliación da carteira sanitaria en odontoloxía, óptica, optometría, audioloxía e podoloxía, chegouse a esa transacción para estudar a ampliación, ou sexa, en catro anos o que se vai facer é estudar. Ese é o obxectivo, estudar a ampliación, o cal contradí a proposición non de lei do Grupo Mixto aprobada no pleno do 12 de abril, onde si se aprobaba a ampliación da carteira en odontoloxía.

Tamén hai transacción coa número 3 do Partido Socialista, para apostar pola igualdade salarial entre homes e mulleres no ámbito laboral, e, sen embargo, rexeitan a proposta número 12 do Grupo Mixto. A número 10 dicía que para os contratos coa Administración pública se tiveran en conta e que se valoraran máis aquelas empresas que teñen establecida a igualdade real de salarios entre homes e mulleres. Non

foi aceptada, co cal as contratacións públicas poden ir a empresas que aplican a discriminación salarial. E tampouco foi aceptado que se tiveran en conta, tamén como algo a valorar á hora da contratación pública, aquelas empresas que teñen desenroladas políticas de prevención e de loita contra a violencia de xénero dentro do ámbito laboral, dúas cuestións que me parecen fundamentais en igualdade e que vostedes rexeitan avaliar e valorar para a contratación pública.

Tamén está a transacción que presentan coa número 7 do Partido Socialista, para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar da poboación, que di “mediante servizos complementarios”. A min fáltame aí engadir a racionalización dos horarios, que creo que tamén é un dos grandísimos problemas que ten este país para conciliar a vida laboral e persoal, non só laboral e familiar.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Vou rematando, si, grazas presidenta.

Non é só a parte familiar, senón que tamén todos temos unha vida laboral, e fundamentalmente o que hai que cambiar son os horarios laborais.

E, xa para rematar, na transacción coa número 18 de AGE e a número 2 do Grupo Mixto, para o plan de acollida e integración de persoas refuxiadas, eu estou totalmente de acordo. Presentámolo moitísimas veces e eu vou aprobar esa transacción. O único que quero deixar claro aquí é que ese plan non se coñece, imos votar a favor dun plan que non coñecemos, que o Goberno di que existe pero que ninguén coñece, que non se debateu neste Parlamento. E a min —e vólvollo reiterar— gustaríame que viñera a este Parlamento ese plan para poder coñecelo e facer achegas dende a oposición para intentar melloralo.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Bos días, señor conselleiro.

Nós cremos que o Plan estratéxico, ademais do que xa comentei onte de que non compartimos o procedemento de elaboración –pero non vou volver sobre iso–, xa falla na definición do obxectivo estratéxico. Para nós ao obxectivo estratéxico de consolidar a recuperación económica actual fáltalle ser estratéxico, eu creo que é en exceso conxuntural. E hai outras definicións que son, en cambio, en exceso xenéricas, nas que intercambiando o nome de Galicia por outra comunidade autónoma valerían tamén.

Na nosa proposta propoñemos un obxectivo estratéxico para avanzar nun proceso de redución do saldo actual exterior da economía galega, porque nós cremos que situaría a Galicia nunha situación menos vulnerable ante os cambios económicos do contexto europeo e mundial. E ese obxectivo estratéxico ademais é medible, pode medirse en función do PIB de Galicia. No 2012 o IGE sinalaba un saldo negativo por valor do 2,6 % do noso PIB, mentres Alemaña ou Cataluña teñen uns saldos positivos, de 5,9 % e Cataluña dun 10 %. É un obxectivo estratéxico, medible, e nós cremos que é acaído para o noso país, para ter unha economía menos vulnerable. E para iso tamén propoñemos moitas das nosas aportacións.

Primeiro, para reducir a dependencia nós apostamos por actuar na dependencia enerxética, mudar o marco normativo e as políticas, tomar decisións políticas, para a redución da dependencia enerxética. O 90 % da enerxía primaria que se consome en Galicia para producir electricidade vén de fora. Hai xeitos de reducir esa dependencia enerxética. Nós propoñémonos –é a nosa proposta– mudar o marco normativo, que é a decisión política que hai que tomar para reducir a dependencia enerxética, en cambio, contéstasenos –como xa lle dixen onte– con que o que se require é sosego normativo. Despois dos catro anos do ministro Soria –o de Panamá, o exemplo político para todos os españois e españolas–, resulta que sosego normativo é o que nos pide o Partido Popular, que lle deu a volta polo forro a toda a normativa eléctrica do Estado español. Agora pídennos sosego normativo porque xa conseguiron ter un marco normativo favorable ás grandes empresas eléctricas. E agora non o queren cambiar para facer un marco normativo favorable a Galicia, aos galegos e

ás galegas. Iso sería un obxectivo ambicioso tamén para Galicia, para a creación de emprego e de riqueza con base no desenvolvemento de enerxías renovables.

Modelo territorial de Galicia. Nós consideramos que, se non se afronta con seriedade esta cuestión, Galicia non poderá desenvolver proxectos económicos endóxeos no seu rural, se non conta con escalas administrativo-políticas axeitadas. Apostamos pola comarcalización. Xa temos explicado que a fusión voluntaria de concellos non serve para eses obxectivos, serve para alongar a agonía destes concellos pero non resolve a causa estrutural da anemia destes concellos, que é a insuficiencia financeira e de capacidade de músculo para desenvolver políticas propias. Comarcalización no rural e áreas metropolitanas nas rexións urbanas. As empresas inmobiliarias, as empresas a nivel industrial, cando buscan solo, xa hai moitos anos que funcionan a unha escala diferente da dos concellos. En cambio, a Administración pública do Partido Popular condénanos a traballar a escala de concellos.

Propoñemos tamén, nesta reordenación administrativa que cremos necesaria, a supresión das deputacións provinciais. Si, vostedes acaban de aceptar unha proposta no Parlamento galego do Bloque Nacionalista Galego en canto a financiamento local onde se solicita –ademais, apoiada por nós– que as transferencias do Estado para os concellos pasen pola Xunta de Galicia e que sexa a Xunta de Galicia a que reparta os fondos dun xeito obxectivo e racional aos concellos, porque é quen mellor coñece a realidade galega e non o Estado. Nós apoiamos iso. Entón ¿que sentido terían as deputacións se conseguimos que as transferencias do Estado pasen pola Xunta? Ningún.

Tamén falamos de comercio e de distribución. E aquí non hai políticas equidistantes nin neutras, aquí houbo políticas que favoreceron a gran distribución e a introdución da distribución estranxeira en Galicia, que masacraron o pequeno e medio comercio e que non crearon distribuidoras galegas potentes que puideran competir cos franceses ou cos alemáns. Iso son decisións políticas, fiscais, de ordenación do territorio, etc. Iso son decisións políticas.

Tamén se pode ter un obxectivo moi ambicioso en corrixir a negativa balanza alimentaria deste país. Galicia non é Grenlandia, non é Alasca, non ten por que estar gastando

millóns e millóns de euros anuais en comprar alimentos de fóra e mentres tanto ter terras produtivísimas abandonadas por unha deficiente política de ordenación territorial. Ese é un obxectivo realista, ambicioso e estamos falando de moitos millóns de euros que teñen que pagar os nosos gandeiros, sobre todo, pero tamén que temos que pagar por non ter unha produción ordenada neste país. Propoñemos para iso moitas medidas –que non me dá tempo concretar–, propoñemos o imposto ás grandes superficies, medidas de fomento do comercio local, compra pública responsable con estes criterios. É moi significativa a contestación que se nos dá a nós cando dicimos que a Administración pública ten que comprar a provedores locais que ofrezan emprego digno e de cercanía –algo así–. E vostedes contestan que esa non é a filosofía do plan. Exactamente, esa non é a filosofía do plan. Promover o emprego digno e o comercio local non é a filosofía do plan.

En vivenda, modificar politicamente a normativa da vivenda, enfocar a política de vivenda como un dereito e non como un negocio da especulación. E para iso tampouco hai neutralidade, hai que limitar a expansión especulativa urbanística e hai que priorizar a rehabilitación e a rexeneración urbana. Hai que crear un parque público de alugueiro e hai que regular o mercado privado de alugueiro. E a ver se me aclara vostede isto de que nós propoñemos que se regule o mercado privado do alugueiro e vostedes nos contestan que o mercado privado non é regulable. Se mo pode explicar, agradeceríallo. Polo tanto, parque público de alugueiro que mereza tal nome, que se acerque ás medias dos países europeos. Non hai outro xeito, ou se está dun lado ou se está do outro, non hai medias tintas. Coas receitas que vostedes aplicaron nos últimos anos dende a lei de Aznar, o que se produce é a exclusión do dereito á vivenda de millóns de persoas; neste caso, en Galicia, de miles de persoas, como estamos vendo.

Favorecer a competencia dos intermediarios financeiros. Vostedes din que xa non é competencia súa, responsabilidade súa. Vostedes perderon a oportunidade por decisións políticas de ter caixas de aforros galegas, ou unha caixa de aforros galega. E agora vostedes xa din que non son capaces de afrontar unha cuestión tan importante como é o financiamento deste país, xa renuncian. Pero vostedes perderon esa situación.

Definir tamén unha estratexia galega que fixe no país as rendas dos recursos naturais enerxéticos hidráulicos, eólicos

e biomasa. E vostedes, cando nós pedimos rescatar as concesións hidráulicas para o público, contéstannos que non é o obxectivo rescatar concesións hidráulicas obsoletas. Pois esas concesións hidráulicas obsoletas son as que lle dan ao señor Villar Mir beneficios do 400 % e 500 %, porque non son obsoletas, hai que cambiar “obsoletas” por “amortizadas”. Déanme para min todas esas concesións obsoletas, déanllas ao público e non llelas regalen aos amigos.

Outra mostra tamén da falta de ambición e da falta dun goberno dun país é cando nós falamos de mobilidade, do obxectivo estratéxico de vertebrar o país co ferrocarril, de conectar as principais cidades que non están conectadas por ferrocarril e o tren de proximidade. ¿Sabe qué nos contesta, señor conselleiro? Que Galicia non ten competencias para iso. ¿E vostede cre que se pode facer un plan estratéxico sen falar da conexión ferroviaria das cidades e do tren de proximidade? ¿Vostede cre que isto é estratéxico? ¿Vostede cre que nos temos que limitar a ver este país como estamos hoxe e que non temos que aspirar a ter máis competencias, a ter máis autogoberno ou a negociar de igual a igual co Estado para garantir que neste país estean conectadas as cidades con ferrocarril ou a ter un tren de proximidade? Vostede cóntelle isto aos galegos, que vostedes, niso, que decida Madrid.

Queremos tamén falar do que vostedes nos contestan sobre o sector lácteo. Mire, nós propoñemos un plan industrial específico para o sector lácteo. ¿Sabe o que nos contestan vostedes e a onde nos remiten? A unha mesa para o fortalecemento do sector lácteo, é dicir, vostedes plantexan un plan estratéxico que van aprobar hoxe cos votos do Partido Popular sen facer ningunha aposta concreta para a industrialización do lácteo...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...porque din que o están estudando cos sectores. Despois de sete anos de goberno vostedes están estudando o plan industrial para o lácteo. Iso é moi definitorio.

Non teño moito máis tempo.

Nós imos apoiar as aportacións que fan os outros grupos. E imos votar que non, como xa anunciamos onte, a este plan

estratéxico que non serve para este país, que aplica as mesmas receitas que vostedes estiveron aplicando estes anos e que deron os resultados que xa vemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas.

Señor conselleiro, na interlocución entre os distintos grupos chegamos a dez acordos de transacción sobre a base das propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG. Concedemos especial relevancia á transacción co apartado a) da nosa proposta de resolución número 3, que propón –cito textualmente– “impulsar as medidas necesarias para facilitar o acceso a crédito a través da creación de instrumentos financeiros públicos que favorezan o financiamento da economía produtiva”. É evidente que a dificultade de acceso ao crédito é un dos factores que está estrangulando a economía produtiva e dificultando unha recuperación económica real; un problema que, ademais, en Galiza vai a máis. En Galiza aumenta o volume de aforro pero a concesión de crédito non fai senón diminuír. Os créditos só representan o 74 % dos depósitos existentes no noso país, a porcentaxe máis baixa de todas as comunidades autónomas. E o crédito concedido en Galiza apenas representa o 54 % do que nos correspondería por poboación, a peor ratio do Estado despois de Estremadura. A diferenza entre o volume de depósitos dos bancos en Galiza e o crédito concedido é xa de 14.729 millóns de euros, case 15.000 millóns de euros que emigran do noso país para fornecer de crédito a outros territorios.

Ben, na sesión desta mañá, na resposta do señor Feijóo á nosa pregunta, censurounos que non felicitásemos o Goberno a respecto do financiamento autonómico. O señor Feijóo quere converter as sesións de control ao Goberno en sesións de adulación. Pero permítame que lle diga, señor conselleiro, que estes datos revelan un dos grandes fiascos deste goberno autonómico, o fiasco das caixas, o fiasco da desaparición do

noso sector financeiro. Por iso consideramos básico a creación de instrumentos financeiros públicos que favorezan o acceso ao crédito e o financiamento da economía produtiva. E teña a seguridade, señor conselleiro, que imos facer un seguimento moi estrito do cumprimento deste acordo para que esta transacción non sexa un mero brinde ao sol.

Tamén ten unha relevancia singular a transacción á nosa proposta de resolución número 13, relativa ao sector primario. Nesta transacción propónse a adopción de medidas que garantan que as granxas galegas perciban unha remuneración xusta polo leite que cubra como mínimo os custos de produción, impulsar unha política de aproveitamento multifuncional do monte e de fomento de producións de calidade que permitan un maior valor engadido, establecendo unha ordenación de cultivos forestais respectuosa coa biodiversidade e fomentando o cultivo das especies autóctonas e caducifolias. E propónse, por último, nesta transacción desenvolver un plan estratéxico para a mellora do marisqueo e da pesca de baixura que permita unha maior recuperación das capturas e a obtención duns ingresos dignos para manter a actividade. Entre outras medidas, unha liña de actuación prioritaria será a mellora das canles de comercialización e de identificación e posta en valor dos produtos. E volvo facer a mesma reflexión: faremos un seguimento moi estrito desta transacción para que non sexa un simple brinde ao sol.

Outras transaccións fan referencia á potenciación de políticas activas de emprego destinadas á mocidade, a acadar o saneamento integral das rías galegas, ao impulso dunha industria cultural galega baseada nos servizos vinculados á lingua e á cultura de Galiza, con especial atención ao mundo lusófono. A nosa lingua e cultura non só son os valores máis representativos da nosa identidade senón que, ademais, permiten crear valor engadido e, xa que logo, emprego.

E comentadas estas transaccións, mantemos vivas para a votación o resto das propostas de resolución presentadas polo Bloque Nacionalista Galego. E neste sentido teño que dicir que nos chaman poderosamente a atención algúns dos argumentos utilizados polo Goberno e o Partido Popular para rexeitar algunhas das nosas propostas. Por exemplo, a que fai referencia á creación dun *pull* que integre os principais portos comerciais de Galiza, a que fai referencia ás medidas para acabar coas tarifas abusivas nas peaxes das autoestradas dependentes do Estado, ou a necesi-

dade de completar a modernización da rede ferroviaria interior impulsando a interconexión de todas as cidades galegas a través de vías de altas prestacións ferroviarias e a posta en marcha de servizos de cercanías ferroviarias na Galiza. Arguméntase por parte do Goberno e por parte do Partido Popular que estas propostas non son aceptables por afectar a competencias estatais. Pero, miren, estamos falando dos obxectivos estratéxicos do país, e a consecución de moitos deles está condicionada por competencias que dependen do Estado. E fronte a iso este Parlamento e o Goberno galego non se poden inhibir. Pregúntome, entón, señor conselleiro, como se vai acadar o obxectivo que se enuncia no plan que estamos debatendo de establecer un sistema de comunicación por vía terrestre que vertebre o territorio galego co fin de achegar á poboación as vías de altas prestacións. ¿Como se pode acadar este obxectivo se vostedes parten da base de que non pode haber ningún pronunciamento sobre aspectos que afectan a competencias estatais?

Imaxino que a apelación ás competencias estatais é tamén a razón para non aceptar reforzar o carácter estratéxico do sector naval galego –como propomos– impulsando os proxectos de centros de reparación naval nas rías de Ferrol e Vigo e a creación dun complexo integral do naval na ría de Ferrol que contemple a plena incorporación da construción civil nos estaleiros da ría. Van votar vostedes que non a estas propostas. Simplemente quero lembrar que moitas destas propostas foron compromisos anunciados polo Goberno Feijóo; polo tanto, van votar vostedes en contra dos propios compromisos contraídos polo Goberno Feijóo, en particular na comarca de Ferrol. Do mesmo xeito que van rexeitar impulsar a modificación da lexislación laboral para loitar contra a precariedade ou as nosas propostas en materia social, como desenvolver un plan de emerxencia social, revertir os recortes e a privatización de servizos na sanidade, garantir que todas as persoas que se atopan no chamado “limbo da dependencia” teñan a prestación pública que lles corresponde por lei, ou impulsar unha rede pública de servizos de atención á infancia que estableza unha distribución territorial equitativa.

Mire, señor conselleiro, unha reflexión simplemente a este respecto. O Plan estratéxico fixa como grandes obxectivos favorecer a cohesión social e loitar contra o devalo demográfico do país. Pois, mire, favorecer a cohesión social

é incompatíbel cos recortes nas políticas sociais. E o problema demográfico deste país non se soluciona só con incentivos fiscais, señor conselleiro. O problema demográfico solúciónase apostando de verdade polo emprego estábel e de calidade, e pola igualdade e a conciliación.

Xa para ir concluíndo, polo que respecta ás propostas presentadas polo resto dos grupos da oposición, imos votar a favor de todas elas. Moitas delas son coincidentes, nos seus contidos de fondo ou nas razóns que as inspiran, coas propostas presentadas polo BNG. E remato xa anunciando que, pese ás melloras introducidas, mantemos a nosa posición crítica con este plan e, por tanto, votaremos en contra. Cremos que este plan adoece dunha orde clara de prioridades na definición de actuacións e obxectivos. Márcanse tantos obxectivos e liñas de actuación que é imposible facer unha priorización real. Pero, sobre todo, este plan non é cribble, señor conselleiro, nin as políticas practicadas por este goberno son congruentes cos obxectivos que se enuncian nin moitos destes obxectivos están acompañados de medidas concretas, incluídas dotacións orzamentarias, que os fagan posibles. Por iso moito tememos que este plan estratéxico sexa un brinde ao sol, moito tememos que con este plan pase o mesmo que pasou co plan anterior, señor conselleiro, e é que o Goberno da Xunta non acertou nin unha, non cumpriu ningún dos obxectivos que se enunciaban. Moito tememos, como xa expresamos no debate de onte, señor conselleiro, que este plan sexa simplemente unha operación de propaganda ás portas do remate da lexislatura para que este goberno pretenda vendernos un horizonte de esperanza até o ano 2020 que tape a negrura que vai deixar este goberno en herdanza aos galegos e ás galegas, en herdanza a esta sociedade.

Moitas grazas, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro, dicíamos no debate de onte que, a xuízo do Grupo Socialista, os obxectivos que persegue este plan estratéxico reflicten unha emenda á totalidade da política seguida polo señor Núñez Feijóo á fronte do Goberno de Galicia dende o ano 2009, non só na diagnose da situación do país senón tamén en moitos dos obxectivos que persegue. E logo tiñamos a resposta do Grupo Popular de que lle parecía incongruente que coincidiramos nos obxectivos e non apoiáramos o plan. Claro, iso é porque probablemente o Grupo Popular non estivo atento ao cumprimento do plan estratéxico anterior. Porque se temos que fiarnos do aval do goberno do señor Feijóo para levar a cabo o Plan estratéxico, a realidade é que o plan anterior, o plan 2010-2014, tivo un desfase en cinco anos de practicamente un orzamento en canto ao que se perseguía, aos obxectivos, e ao realizado finalmente. Por iso, señor conselleiro, xa lle anunciamos dende agora que sería moi conveniente no desenvolvemento deste plan estratéxico que vostedes fixeran unha avaliación sistemática e anual do seguimento dos indicadores, precisamente para evitar os desfases que tivo o plan estratéxico anterior. Sería bo que o fixeran así para evitar eses desfases.

Mire, na meirande parte das 29 propostas de resolución que o Grupo Parlamentario Socialista presentou para mellorar o contido deste plan estratéxico, a resposta do Goberno galego, a través da súa persoa, foi que non encaixa coa lóxica do Plan estratéxico ou non se axusta á lóxica do Plan estratéxico. Esa é a resposta tipo, con máis ou menos argumentación á continuación, a resposta tipo ao que presentamos como propostas de resolución do Grupo Socialista é esta, claro.

Este plan preséntase nun contexto económico no que, como dicía no día de onte, como resultado da acción do goberno do señor Feijóo, temos hoxe en Galicia que en todos os indicadores económicos estamos cun peor comportamento que no ano 2009; nun contexto económico no que, ademais, coñecemos segundo os últimos datos da EPA –que non son estatísticas do Grupo Socialista senón que son do Instituto Nacional de Estatística– que na nosa comunidade autónoma temos 38.300 fogares nos que xa non entra ningún ingreso. E é o peor dato estatístico desde que se coñecen eses datos. Polo tanto, este plan tiña que responder a esa situación do país.

E, efectivamente, a diagnose é boa pero logo a priorización, a concreción e os antecedentes, señor conselleiro, impí-

denos ser optimistas na súa realización. Polo tanto, xa lle anuncio dende agora –a menos que vostedes neste debate sexan capaces de aceptar a meirande parte das nosas propostas de resolución, ás que dende onte non houbo ningún intento de achegamento pola súa parte–, que o Grupo Socialista non poderá votar favorablemente a este plan estratéxico.

É certo que conseguimos algúns acordos nestes días no traballo que fixemos. É certo que, das 29 resolucións presentadas polo Grupo Socialista, chegamos a transaccionar, de 11 desas resolucións presentadas, 32 propostas parciais, 32 propostas parciais que son importantes para nós e que melloran o contido do plan, pero que non son suficientes para ter un voto favorable do Grupo Parlamentario Socialista.

Quixera destacar no día de hoxe algunhas desas propostas transaccionadas. En materia de emprego, por exemplo, vostedes aceptan por fin –despois de levalo presentado neste Parlamento ao longo destas dúas lexislaturas en reiteradas ocasións e votar sempre en contra– que a formación en competencias clave para o tecido produtivo galego se poida facer en tempo de desemprego, promocionar que sexa así; ou promocionar a transformación dos contratos temporais en indefinidos nas empresas galegas; ou apostar, por exemplo, por programas específicos para a igualdade de mulleres e homes no ámbito laboral, así como poñer en marcha plans de volta ao estudo, de formación e de acreditación de competencias para a xuventude cuxa formación non se adapta a día de hoxe ás demandas do mercado laboral.

Tamén hai unha transacción para que a política de bolsas persiga que ningún rapaz ou rapaza quede sen acceder a estudos superiores porque non teña unha situación familiar que llo permita, e outra para promover o emprego no sector das TIC da mocidade galega e buscar o retorno de mozos e mozas que poidan estar traballando no estranxeiro en materias relacionadas coas TIC.

Tamén hai unha proposta de resolución que fala de incorporar a xente moza ás actividades do sector primario, nomeadamente na pesca, ou fomentar o aproveitamento multifuncional do monte e as producións de calidade que permitan precisamente xerar maior valor engadido.

En canto á sanidade, das transaccións feitas co Grupo Socialista quixera destacar a de potenciar o papel da enfer-

mería e da farmacia no seguimento das doenzas crónicas, ou a de traballar para conquistar a sostibilidade do sistema sanitario en cooperación con profesionais e coa cidadanía, e promover a educación e a prevención na saúde.

En canto á igualdade fixemos unha transacción que eu creo que é importante, porque vimos denunciando reiteradamente dende o Grupo Parlamentario Socialista neste Parlamento a incongruencia de ter á disposición das mulleres vítimas de violencia machista unhas axudas e que durante unha parte do ano, por unha cuestión meramente administrativa, esas axudas non estean á disposición das mulleres vítimas de violencia machista; porque a convocatoria da orde sae no mes de abril, ou no mes de marzo no mellor dos casos. Ben, pois finalmente fixemos unha transacción para dar cobertura desas axudas ás vítimas de violencia machista durante todo o ano e concienciar tamén a nosa sociedade na repulsa ante a trata e ante a prostitución.

Hai algunhas outras propostas transaccionadas co Grupo Socialista que teñen que ver con poñer a andar granxas de produción de semente para favorecer o cultivo dos bivalvos no noso país, ou coa seguridade na pesca, ou coa política turística de cruceiros para incrementar as estadias medias dos turistas e das turistas no noso país, ou sobre a administración electrónica e a promoción das TIC no rural entre a mocidade e nos sectores produtivos. E tamén sobre a lingua non só como patrimonio, como identidade, senón como oportunidade de relación entre Galicia e a lusofonía e tamén con outros territorios onde ten espazo o galego, como pode ser León, Estremadura ou Asturias.

E aquí remata o transaccionado co Grupo Socialista, señor conselleiro. Polo tanto, a meirande parte das nosas propostas de resolución que tiñan que ver precisamente co cambio de modelo que necesita Galicia para saír deste peor comportamento da economía, destas peores cifras en termos comparativos co conxunto do Estado en materia de emprego e en materia de desigualdade e en materia de pobreza, todas elas foron rexeitadas por vostedes. Citarei algunhas das que non aceptaron para que sexa evidente o motivo polo cal o Grupo Socialista non pode dar o seu apoio a este plan estratéxico.

Entre as nosas prioridades estaba, como tamén dicíamos no día de onte, recuperar os niveis de financiamento da I+D+i e recuperar a capacidade investigadora do sistema

universitario galego. Vouno dicir unha vez máis: se investimos máis na I+D+i pública axudaremos a que a I+D+i pública tire da I+D+i privada. Pero isto, dende logo, co goberno do señor Núñez Feijóo non foi así en ningún caso.

Tamén falabamos de reforzar o papel do Igape como axente financeiro do investimento produtivo galego e fortalecer o servizo público de emprego, que ao longo destes anos se foi desmantelando paseniñamente. E tamén de definir que actividades económicas había que relanzar no novo modelo produtivo, ou de volver rescatar os pactos territoriais de emprego. E logo diciámoslle, señor conselleiro, que para saír da situación na que está Galicia fai falta educación, educación, educación, consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar, recuperar o persoal e recuperar o talento que se vai do noso país. E a todas estas propostas e a outras moitas vostedes dixeron que non, dixeron que non nun contexto no que, insisto, Galicia se comporta peor en termos de emprego, en termos de economía, en termos de desigualdade e en termos de pobreza que a media do Estado.

Polo tanto, dende o Grupo Parlamentario Socialista, a menos que vostedes cambien radicalmente de estratexia neste debate, non podemos apoiar este plan estratéxico. Si podemos, pola contra, apoiar tanto as propostas de transacción dos demais grupos como as propostas de resolución dos demais grupos que non foron transaccionadas. E o que si tamén temos que lamentar é que as propostas de resolución que presenta o Grupo Popular sexan tan inconcretas, tan sen ningún tipo de indicador, o que nos impide dar o voto favorable. Porque se o fixeramos, o que estaríamos é contribuindo, señor Puy, á publicidade e propaganda que conleva este plan estratéxico, que, insisto, nos seus obxectivos e na súa diagnose é toda unha emenda á totalidade dos gobernos do señor Feijóo, malia que despois tamén o comportamento deste goberno co plan estratéxico anterior xa se viu no que quedou: no incumprimento do mesmo e en que practicamente en cinco anos detraeran case un exercicio económico para perseguir os fins que tiña aquel plan, e que foron tamén incumpridos. Polo tanto, non pensamos, dende o Grupo Socialista, que con este novo plan vostedes vaian ter un comportamento distinto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Bos días, señorías.

Ontes o que se debateu foi o plan no seu conxunto. Quedou claro que era un plan e que, ademais, a Xunta o que traía era, efectivamente, un plan que reunía os requisitos formais do que é un plan e os requisitos de fondo. É dicir, era un documento físico, que tiña elementos cuantificables, un instrumento que coordinaba as políticas da Xunta, que contiña elementos de racionalidade e prospectiva e que contiña, entre outras cousas, unha boa diagnose da economía de Galicia.

Hoxe todo o mundo se referiu a isto. A diagnose é a análise DAFO, que, como sabe todo o mundo, son catro columnas. Nunha pónense as debilidades, noutra as ameazas, noutra as fortalezas e noutra as oportunidades. Os membros da oposición, loxicamente, din que é unha diagnose estupenda, pero só citan as debilidades, fíxanse no DA e esquecense do FO, que é a análise de conxuntura, a análise de descrición da realidade galega. Entón, pasan cousas como as seguintes.

Na análise DAFO que acaban de eloxiar todos os grupos da oposición, nas debilidades en educación –ás que fixo referencia o portavoz socialista– o que di é que Galicia ten a debilidade que presenta un 18,5 % de abandono escolar, esquecendo que no ano 2009 presentaba un abandono do 25,8 %. Polo tanto, é unha debilidade porque hai que chegar á media do 10 %, pero, certamente, esa debilidade é moito menos feble que cando chegamos ao goberno.

Ou, por exemplo, cando di debilidades do sistema educativo, esquecen que esa magnífica análise que vostedes acaban de eloxiar di na seguinte debilidade que Galicia e España non dispoñen de avaliacións externas e estandarizadas, o que impide dispoñer dunha medida de calidade do ensino. Esta medida si a posúen 24 dos 34 países da OCDE, sen embargo esta debilidade vostedes queren potenciala suprimindo a proba de calidade que se estaba a celebrar no día de hoxe en Galicia. *(Aplausos.)*

E se imos ás fortalezas, se o Goberno de Feijóo ten que ver con que as debilidades sexan menos febles, terá algo que ver con que as fortalezas sexan máis fortes. Por exemplo, di

que temos no sistema educativo un sistema público de ensinanza eficiente; unha rede de centros que permite dispoñer deste servizo básico en proximidade ao domicilio familiar; que aposta pola posta en valor da formación profesional, cousa que vostedes deixaron coa metade dos ciclos, polo menos, dos que hai actualmente; nivel académico superior á media europea entre as mulleres, cousa da que especialmente nos sentimos orgullosos; ou, por exemplo, que o número de alumnos por profesor é do 9,3 % en Galicia, fronte ao 11,8 % de España.

Esta é a magnífica análise, a diagnose que foi eloxiada por todos os portavoces da oposición. Poderíamos seguir... Señora Gallego, agradeceríalle que me escoitara polo menos con tanto respecto como a escoitei eu, porque o único que estou facendo é ler o plan, a diagnose, que vostede acaba de dicir que era magnífica, e que describía o que deixaba o Goberno de Feijóo. Pois deixa mellor o abandono escolar e mellor o sistema educativo, desde logo, do que estaba antes.

Poderíamos seguir, por exemplo, coa agricultura. Entre as fortalezas, liderado no sector lácteo, forestal e pesqueiro. Seguimos. Iso é o que di a magnífica diagnose que eloxiaba o señor Sánchez. Importancia do sector agroalimentario, complexo marindustria, na economía galega. Ampla dispoñibilidade de centros públicos de investigación e formación agroforestal. Dispoñibilidade dunha rede de oficinas técnicas agrarias distribuídas no territorio. Liderado dos sectores lácteo e forestal no mercado español. Tenreira galega mantén o liderado do mercado español de carnes con distintivo de calidade. Dispoñibilidade de recursos xenéticos autóctonos de alto mérito, especialmente no ámbito de produción cárnica e vitivinícola.

Claro que hai problemas, claro que hai debilidades, pero hai fortalezas. E, ¿de onde veñen as fortalezas? Pois igual que as debilidades. Se as debilidades veñen do Goberno de Feijóo, as fortalezas tamén veñen da acción do Goberno popular. E moitas delas, grazas a unha acción que estivo baseada no Plan estratéxico 2010-2015, que foi un plan estratéxico pioneiro en España, ao que despois seguiron outras comunidades autónomas como Murcia, Navarra, etcétera, curiosamente todas aquelas que tiñan un goberno estable apoiado polo Partido Popular, e que no fondo o que fan ver é que a planificación estratéxica, que consiste en asignar recursos escasos para acadar resultados previamente

planeados en termos de crecemento e benestar para as persoas, é un magnífico instrumento de planificación.

Precisamente esa concepción do que é un plan é o que explica o noso posicionamento, tanto con respecto ás emendas que presentamos como ás da oposición. Nós, como sabemos que un plan ten que incluír todo tipo de actuacións da Xunta de Galicia, as nosas emendas o que fan é incorporar á planificación estratéxica as actuacións en materia de inmigración; as actuacións en materia de reestruturación parcelaria para incrementar o tamaño das fincas rústicas susceptibles de ser explotadas; ou, por exemplo, algunhas das iniciativas postas en marcha desde que se empezou a elaborar o plan, como a Axenda 20 para o emprego, o Plan estratéxico do audiovisual ou a Estratexia ambiental de Galicia. E tamén incluír a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia que está sendo elaborada.

Tamén explican o noso posicionamento coas da oposición. O afán de consenso eu creo que quedou claro coas intervencións dos portavoces da oposición, quedou tremendamente claro. E resulta chamativo que veñan aquí e digan as transaccións que fixemos para dicir que non houbo vontade de consenso. Evidentemente, houbo vontade de consenso, foi un plan moi participado, traballou a sociedade civil, traballaron expertos... E, por certo, cando vostedes votan que non, non votan que non só a un plan da Xunta, votan que non a un plan no que participaron as universidades, no que participaron os empresarios, no que participaron os sindicatos, no que participou a sociedade civil, e tamén onde participaron vostedes mellorándoo, porque tivemos un mes desde que se presentou por escrito ata que compareceu o conselleiro, outro mes completo para analizar as propostas de resolución, e outro mes máis de negociacións. Ese é o tempo que lle dedicamos, que demostra, certamente, que foi un plan aberto ás contribucións da oposición.

Mesmo houbo un documento de cen páxinas –como vostedes fixeron referencia a el– con contestacións específicas a cada unha das transaccións ou a cada unha das negativas ás transaccións. E os resultados son que, efectivamente –como acaban vostedes de describir–, co PSOE pactamos 32 melloras, que nós agradecemos, do Plan estratéxico en materia de igualdade, de traballo temporal, de acreditación de competencias dos xóvenes, de conciliación laboral, de sanidade, de violencia de xénero, de sector primario de pesca, de turismo,

de TIC ou de lingua. Con AGE, 29 melloras transaccionadas do Plan estratéxico, e iso que acaban de dicir esta mañá que co PP non queren pactar nada. Eu agradezo que no Plan estratéxico meteran 29. Comercio de proximidade, solo, pastos e montes, consumo local, vivenda, educación, carteira sanitaria, pobreza infantil, xénero, accesibilidade, etc. Co BNG, 7 –e 3 que foron comúns cos outros grupos–, de financiamento empresarial, políticas de emprego, monte e produción forestal, marisqueo, etc. E mesmo co Mixto pactamos 3 en publicidade e xénero na televisión pública e refuxiados.

O resumo é que, do total de 318 propostas específicas –non de resolución– que propuxo a oposición, nós aceptamos aproximadamente unha cuarta parte –71 delas–, o cal nós agradecemos e cremos que, francamente, mellora o plan. Pero esta concepción do plan tamén explica por que non votamos que non ás demais. Nese documento ao que acabo de facer referencia teñen especificada a resposta a cada unha delas. Pero gustaríame facer referencia xeral a por que non aceptamos as demais.

En primeiro lugar, porque moitas delas estaban recollidas. En segundo lugar, porque non obedecen á lóxica interna do que é tecnicamente un plan estratéxico; por exemplo, pola súa especificidade ou grao de concreción. Os dous motivos fundamentais quedaron tamén hoxe patentes neste debate.

En primeiro lugar, o debate competencial. O tren de cercanías, coordinar os portos do Estado, as peaxes públicas do Estado ou, por exemplo, os portos ou estaleiros do Estado, evidentemente non poden estar nun plan estratéxico que ten compromisos de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia. ¿Por que? Porque nestes momentos, con independencia de que un desexe que se incorporen ao noso ámbito competencial ou non se incorporen, o certo é que non están no ámbito competencial. É difícil desenvolver un plan estratéxico, que é aplicar recursos ás competencias que tes, e incluír cousas que non tes en competencias. Iso si que faría inverosímil o plan estratéxico.

Certamente, hai discrepancias nalgún dos obxectivos. Nós cremos que a economía galega debe estar aberta e debe incrementar as exportacións, e que o saldo exportador debe ser positivo porque exportamos máis. Vostedes queren que o saldo exportador sexa positivo exportando máis, pero tamén

importando menos, por exemplo, coa soberanía alimentaria. Nós, hai principios que non compartimos. É certo que iso está no plan, e o plan poderá nalgún momento ser modificado ou mellorado, se é que temos a desgraza, e vostedes a sorte, de ter responsabilidades ao respecto.

E o segundo principal motivo polo que non aceptamos moitas das emendas que se nos presentan é porque, se plan é aplicar uns recursos e unha evolución de recursos certa, cun crecemento do 2,5 do PIB, e unha previsión de recursos que se incrementan, o que non podemos é incluír accións cuantificadas monetariamente que superen notablemente os recursos que imos ter no futuro.

No caso do Partido Socialista –porque Bloque e AGE non poñen ningunha cuantificación dos cartos–, resulta que o Partido Socialista nos fai unha proposta xenérica –que votamos que non–, que é a 3.1, que queren alcanzar os niveis de gasto do ano 2009; é dicir, os famosos 1.700 millóns de euros dos que esta mañá tivemos outra vez recordatorio na intervención do presidente, que tivemos e estamos a devolver –salvo este ano, que por cumprir o déficit o Estado nos condona os intereses que hai que pagar–; 1.700 millóns de euros máis.

Eu comprendo que o mito do 2009 para algúns sexa... Foi o ano que perderon as eleccións e queren volver ao 2009, pero, certamente, financeiramente as súas propostas non se sosteñen. E tan non se sosteñen que, facendo unha proposta xenérica de volver ao 2009, que implicaría 1.700 millóns de euros máis, fan despois un desglose de cantidades específicas, e se un suma esas cantidades específicas, a suma non dá 1.700, o que dá é 1.200.

Temos dous custos de aceptación das emendas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PUY FRAGA: ...que, en calquera caso, evidentemente, non son aceptables.

Señorías, hoxe votamos un plan estratéxico participado, solvente, adaptativo, que vostedes poderán reformar no futuro, e certamente, polos obxectivos que persegue, moi ambicioso. Vai ser útil incluso para os que se rin agora de que imos aprobar este magnífico documento. Vai ser útil gober-

ne quen governe. Nós estamos seguros de que imos ter a responsabilidade de executar tamén este plan estratéxico.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación das propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rematado o debate sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, imos votar.

Propoñolles que votemos de acordo co seguinte esquema. En primeiro lugar, votaremos a proposta de resolución número 1, do Grupo Mixto, que pretende o rexeitamento do plan; despois podemos votar conxuntamente as propostas transaccionadas; e despois podemos votar, tamén conxuntamente, as propostas de resolución non transaccionadas dos distintos grupos. Se lles parece correcto, empezamos.

Votación da proposta de resolución número 1, do G.P. Mixto (doc. núm. 48142), sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que pretende o rexeitamento do plan.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta.

Votación conxunta das propostas de resolución transaccionadas sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas por unanimidade.

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. Mixto sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución non transaccionadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votación conxunta das propostas de resolución non transaccionadas do G.P. Popular de Galicia sobre o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Queda, polo tanto, aprobado o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Continuamos coa orde do día, co punto 5, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia lingüística

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente, moi boa tarde.

Señor conselleiro, hoxe facemos esta interpelación ante o que nos parece un silencio clamoroso. E é que vostede, como máximo responsable da política lingüística do Goberno galego, non teña comparecido nunca nesta Cámara especificamente para falar deste asunto, e máxime cando temos datos moi preocupantes, non só sobre a evolución da lingua senón tamén sobre os incumprimentos flagrantes da legalidade por parte do seu goberno, incumprimentos que poderíamos cifrar no ámbito da Lei de normalización lingüística. Mais hoxe facémolo sobre un aspecto como é a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, unha carta que, como saben, é un tratado europeo que foi ratificado polo Estado español no ano 2001 e que, ademais, representa unha política dos mínimos exixibles á hora de apoiar as linguas que neste caso non teñen o seu recoñecemento como linguas de Estado, que é a situación que lle pasa á lingua galega.

Facémolo, ademais, despois dun informe demoledor, non só do Comité de Expertos senón tamén do propio Consello de Europa, que o que deixa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu xa sei que é a hora de comer, e que é unha hora en que bolen moitas cousas no

noso interior, mais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, tamén o señor Feijóo safu a comer, parece, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque vostede bota de menos moita xente da oposición, pero ao máximo responsable da política lingüística do Goberno galego vostedes non o botan en falta. Entón, como mínimo, non sei, supoño que o mesmo dedo acusador que sinala para aí debería sinalar para o que ten vostede diante.

En todo caso, o problema e a nosa preocupación é que lle está pasando á lingua galega, e cal é a responsabilidade que ten a Xunta de Galiza nesta situación.

E nese sentido, nós o que cremos é que o que non se pode é seguir coa política antigalega que vén practicando a Xunta nin coa política da mentira e da manipulación que veñen vostedes facendo en relación coa realidade, coa realidade mesmo dos informes e da documentación que se envía a Europa.

Eu tiven ocasión estes días de ler o informe oficial que fixo o Goberno do Estado e que lle enviou á Comisión e ao Consello de Europa para avaliar o grao de cumprimento da Carta europea das linguas. E a verdade é que é demoledor e triste ler o informe que vostedes envían, porque imaxino que o informe que envía o Goberno central é un informe baseado na propia documentación que lle manda a Xunta de Galiza. Teño que dicir que nos parece gravísimo que se minta por exemplo na páxina 60, cando vostedes din que o gasto para dobraxe ao galego da CRTVG ascende anualmente a 3,3 millóns de euros, cando en propia sede parlamentaria teñen recoñecido que esa cifra se ten reducido dunha maneira moi grave, e que mesmo no último ano non se ten traducido ningunha película ao galego por parte da CRTVG, que simplemente está traducindo series. Hai, polo tanto, unha carencia moi importante e un retroceso nese ámbito, e veñen aquí enviando información falsa ao propio Consello de Europa.

Son moito máis, diría, sangrantes algunhas outras valoracións que se fan, por exemplo, en relación cos medios de comunicación, onde vostedes habilmente converten os síntomas do problema que hai –por exemplo do retroceso no

ámbito dos medios de comunicación– nunha noticia positiva. É, dende logo, todo un síntoma de como vostedes intentan manipular a realidade. Concretamente din, como un feito positivo, que naceu a primeira asociación de medios en galego no ano 2013, un medio para impulsar e coordinar os medios en galego. Cando realmente a Asociación de Medios en Galego nace para criticar a política de afogamento que estaban vostedes facendo no ámbito dos medios de comunicación, denunciar os pasos atrás que se levan dado no ámbito da presenza do galego nos medios, coa desaparición de xornais e cunha política de destinar cartos públicos, en teoría, á normalización lingüística na prensa escrita, que non se xustifica porque nunca avanza o galego nese ámbito senón que claramente esconde outro tipo de fins.

Son tamén moi rechamantes algunhas das cuestións que se poñen neste informe, que a realidade as desmente a diario. ¿Como se pode dicir que dá igual que un faga a súa hipoteca en galego que en castelán, que non hai ningún tipo de problema! A experiencia di –feitos denunciados– que calquera persoa, para poder rexistrar nunha notaría a súa hipoteca en galego, como media tarda dúas ou tres semanas ou un mes máis. Porque hai unha práctica constante que está retrasando en moitas notarías os trámites cando se fan en galego. Polo tanto, con este tipo de datos, efectivamente, xa comprobamos como vostedes están enviando información falsa a respecto da realidade do galego, e manipulando dunha maneira burda a realidade que existe neste ámbito.

Afortunadamente, desde o ámbito dos expertos que fan seguimento da aplicación da Carta, non só falan coa Xunta de Galiza, senón que tamén falan con outras entidades que lles desmontan as mentiras que o Goberno oficialmente transmite ao Consello de Europa. E é moi rechamante que entre estas mentiras estean algunhas relacionadas con outro tema do que temos falado moito neste Parlamento, porque nos preocupa, como é a situación do galego no ensino. E nese sentido, neste cuarto informe, que fai non só o Comité de Expertos senón que ratifica o Consello, o que están é recriminándolle os pasos atrás que deu o Goberno da Xunta de Galiza no ensino e en materia de presenza do galego no ensino, que ademais lle están dicindo que vulnera os principios da Carta Europea.

Sei que vostedes están dicindo tamén que nós manipulamos os informes. E, polo tanto, hoxe o que imos ler é exac-

tamente o que di non só o Comité de Expertos senón o que avalou o Consello, que é a primeira vez que o fai e que ten unha transcendencia moi importante a respecto da situación do ensino. O que di é que o Decreto 79/2100 limita a docencia en galego a un máximo dun 50 %, co obxectivo final de acabalo reducindo a un terzo. Este feito supón unha clara contradición cos compromisos asumidos polas autoridades no marco da Carta, que reclama unha educación predominantemente en galego.

E tamén di outras cousas que eu penso que son moi importantes, porque segue dicindo que seguen ocultando información ao propio Consello de Europa a respecto da situación do idioma nos centros de ensino. En concreto advirtéselles que, segundo a información que vostedes están facilitando, non é información real, porque basean os datos que envían ao Consello de Europa nunha aplicación informática, na aplicación XADE, que non se considera unha avaliación real e fiable da presenza do galego na educación. E o Goberno négase a proporcionar estudos independentes.

Ante a ausencia de información específica sobre os órganos de supervisión pertinentes no sentido da Carta e de produción e publicación dos informes periódicos, o Comité de Expertos mantén a súa conclusión previa e considera que este obxectivo non se cumpriu. Polo tanto, estamos ante unha posición moi clara das institucións europeas, que o que están é dicindo que o Goberno galego está non só practicando unha política de redución e de ataque á lingua, senón que ademais o está facendo vulnerando a legalidade e o marco vixente, que hai un incumprimento da Carta que ten consecuencias moi negativas para o noso país. Hai un incumprimento no relativo ao ensino, incumprimento no relativo á xustiza, incumprimento no relativo aos medios de comunicación ou incumprimento mesmo no relativo a un dereito básico, como é que os servizos sociais se ofrezan aos falantes en galego coa posibilidade de ser recibidos e atendidos na súa lingua.

Eu vou preguntarlle algo moi concreto, señor conselleiro. Eu non sei se lle parece normal que ante unha previsión dunha carta que di que se debe velar por que os servizos sociais se ofrezan aos falantes en galego, na súa lingua, o informe que vostedes envían é: *“Tal y como se detalló en el tercer informe de España de cumplimiento de la Carta, el idioma oficial de la comunicación externa y la rotulación de los centros de salud dependientes del Sergas es el gallego.”*

Ou sexa, que vostedes consideran que con que haxa unha rotulación que pon “centro de saúde” está cumprida a obriga e o dereito que teñen os galegofalantes a ser atendidos na súa lingua en todo o sistema de servizos sociais, incluído o sanitario. Ademais, sabemos que isto ten unha misión terapéutica moi importante que está estudada e que mesmo había recomendacións no Sergas.

Lamentablemente en dez minutos non nos dá tempo a expoñer con maior detalle todos os contidos deste informe e as advertencias que lles están facendo sobre un marco de mínimos como é a Carta Europea das Linguas. En todo caso, nós hoxe o que queremos saber é se van cumprir as recomendacións do Comité de Expertos e do Consello, e sobre todo se van facer algo para cambiar unha política que se ten demostrado que para o único para o que é eficaz é para reducir a presenza do galego. O galego é a creación máis importante que temos como pobo, como colectividade, e realmente doe moito...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ter un goberno que neste momento considera que o galego ten que ser unha lingua de segunda e que perpetúa unha política de discriminación e de marxinação da nosa lingua.

Estou convencida de que nalgún momento o pobo vai ser quen xulgue un feito de tanta gravidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, en primeiro lugar permítame felicitala polo feito de que o seu partido, a UPG-BNG, a elixise como candidata á presidencia da Xunta de Galicia. Deséxolle que

teña un bo resultado, porque o BNG, vostede e a súa formación, pese a ser unha formación política que está nos antípodas ideolóxicos nosos, é un partido de fiar. É un partido de fiar moito máis que algúns matrimonios de conveniencia, aínda que agora lles chaman confluencias ou lles chaman instrumentais, que xa ve que á primeira de cambio cambian de parella. Son moito máis de fiar vostedes, e desexámoslles un bo resultado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E, claro, sen dúbida, señora Pontón, a presenza e o debate desta iniciativa hoxe aquí non é unha casualidade, non pode ser unha casualidade.

Non sei se será polo motivo que acabo de dicir, ou pola proximidade das letras galegas, pola proximidade desta efeméride que nos une a todos. E tampouco sei se a súa preocupación é sincera, xa que este informe ao que se refire é un informe que se presentou en xaneiro. Hoxe estamos a mediados de maio. Houbo moitos plenos para traer esta iniciativa. E tamén quero dicirlle que este documento foi estudado e traballado nesta Cámara. O secretario xeral de Política Lingüística a mediados de febreiro compareceu nesta Cámara para falar del. Por iso digo que non sei se simplemente é unha casualidade ou simplemente é un intento de axitar unha bandeira e de mobilizar o nacionalismo dende unha visión entendemos que totalmente errada do que é a nosa lingua.

E, señora Pontón, cando vostede fai esas afirmacións sobre o incumprimento da Carta e de que facemos ilegalidades, non sei como entende vostede este incumprimento dunha carta, que é unha declaración de principios, e sen embargo vostede chama á insumisión respecto dunha lei orgánica. Non sei realmente que cualificativo se podería aplicar.

En todo caso, señora Pontón, dá a sensación, polo que acabo de dicir, de que este debate só vén aquí por un simple interese político partidista, e por un intento, habitual no Bloque, de apropiarse da lingua e intentar xerar un problema, alarmar sobre un problema, e ao mesmo tempo colocarse como a solución. Porque temos dito moitas veces, e eu non me cansarei de dicilo, que o galego, igual ca outros sinais de

identidade, señora Pontón, non é do Bloque Nacionalista, é de todos os galegos. Vostede esquece que é a lingua propia dos galegos, de todos, tamén dos do PP e do PSOE, que decidimos, ou deciden, en liberdade absoluta falar en galego e sen ningún problema na rúa e sen ningún tipo de problema en ningunha parte.

E vostede xa tamén coñece a valoración que ten feito a Xunta respecto deste cuarto informe elaborado polo Comité de Expertos da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias. Vou reiterar aquí uns argumentos xa presentados nesta Cámara e lamentar que na súa exposición vostede só falase do negativo, só falase daquilo que resta, e non falase daqueles aspectos que están no propio informe e que suman, que non falase dos aspectos positivos.

Mire, este documento felicita o Estado español e di textualmente que a situación mellorou considerablemente respecto do ano anterior, o ano 2012 –dí literalmente–. Este cuarto informe di que hai un moi elevado nivel de protección das linguas rexionais e minoritarias en España respecto doutros países. Tamén é certo que presenta algunhas carencias no uso cooficial das linguas en ámbitos como a xustiza ou a sanidade, aínda que afecta máis a outras comunidades autónomas que a Galicia. Tamén destaca, entre o positivo, que temos en Galicia a lingua coas mellores porcentaxes de coñecemento de todas as chamadas linguas minoritarias de Europa, moito por riba do bretón ou do catalán. E tamén nos di que hai un incremento do número de medios de comunicación privados que emiten a súa programación na lingua propia –dí literalmente o informe–. Así como tamén di que hai un notable aumento do uso do galego nas actividades culturais. Tamén di que hai unha certa moderación en ámbitos como o comercial, empresarial ou económico. Pero vostede só ve a parte negativa e centra a súa mensaxe só na parte negativa, creando un discurso que en certa medida é bastante falso.

Tamén di –e podémolo ratificar– que o Estado español, e por suposto a Xunta de Galicia, está cumprindo a Carta. E nas recomendacións do Consello de Europa –que plantexa seis recomendacións– quizais unha das máis importantes –na que vostede tamén fixo fincapé– ten que ver co modelo educativo. Di literalmente a recomendación quinta “que se debe” –como recomendación para o Estado– “continuar a garantir que a oferta da educación trilingüe non afecte nega-

tivamente a protección e promoción das linguas rexionais ou minoritarias”. Di “continuar a garantir”, “continuar asegurando”. Iso quere dicir que xa se está garantindo a aprendizaxe e o coñecemento da lingua galega no sistema educativo. Outra cousa distinta –na cal aí non compartimos a visión da Carta, e unha carta non é unha lei orgánica, señora Pontón– é que o que non compartimos é o modelo que plantexan os expertos do Comité, que é un modelo practicamente de inmersión monolingüista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o compartimos, non é o noso modelo, xa o dicimos. Non o di, en ningún caso o di. Co cal tampouco en ningún caso di, señora Pontón, que este modelo sexa malo, nin moito menos. E tamén vostede sabe que o modelo de inmersión monolingüe non é posible en Galicia. ¿Por que? Porque hai unha Lei de normalización do ano 1983 que o impide de xeito expreso. De xeito expreso impide a separación de nenos e de nenas en razón da lingua que falen.

Hai que ter en conta tamén que o noso modelo –e témolo dito moitas veces– se basea nun decreto que está avalado socialmente, foi sometido a dúas probas moi importantes, a dous procesos electorais. Axústase á legalidade. Para nós é un debate superado. E sobre todo ten unha cuestión importante: que garante un equilibrio das dúas linguas cooficiais, e funciona con absoluta normalidade e garantindo un equilibrio.

Hai uns datos que vostede coñece –tamén neses datos só colle os que lle interesa– respecto do uso e do incremento do galego. Os datos do ano 2014 publicados no IGE dinnos que Galicia ten o máximo nivel de coñecemento do galego, do coñecemento oral e do coñecemento escrito, e tamén que o 97 % o poden usar e ler. Dío. Temos o máximo nivel de coñecemento da lingua galega da historia. E tamén din estes datos que estamos a falar de que o galego é a lingua maioritaria de Galicia.

Agora, se vostede chega aquí, como chegou, a cuestionar os datos do XADE, eu sinceramente non sei se vostede coñece o XADE ou se os expertos deste Comité coñecen o que é o XADE. (*Murmurios.*) Porque falar alegremente do XADE e dicir que hai manipulación no XADE é realmente non ter nin idea do que se di. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Era mellor intentar dar maior cota de veracidade a un informe feito por quen sexa, por expertos, etc. Cuestionar o XADE é realmente unha aberración desde calquera

punto de vista. Co cal dígolle e recoméndolle que estas persoas vexan o XADE.

En definitiva, este goberno e a formación política que o sustenta, sen embargo, comparte con vostede unha cuestión. Comparte con vostede que o galego é a máis grande creación colectiva do noso pobo –compartímolo– e que a súa promoción e a súa proxección é unha responsabilidade dos gobernos, dos partidos políticos, das institucións públicas, do conxunto da sociedade. Agora, cada un e cada unha de nós ten que ser consciente da importancia que conleva o emprego da lingua e tamén do que se di da lingua. Porque, claro, se vostede aquí está falando e está lanzando mensaxes á cidadanía de que o galego –dío vostede, non o di este partido nin este goberno nin o digo eu, nin moito menos– é unha lingua de segunda, vostede estalle facendo un fraco, un fraquísimo favor á lingua galega, porque está contribuíndo a desprestixiala. E iso realmente sei que non é a súa intención, pero esa mensaxe ao final cala na sociedade e ao final vostede con esa mensaxe catastrofista, pesimista, fai lle un fraco favor.

Señorías, o galego, a lingua, é de todos. E ninguén debe intentar apropiarse dela. A lingua –témolo dito aquí e eu ténño dito aquí moitas veces– debe servir para unir, é un eixo vertebrador da sociedade galega. E todos estes principios, esta visión, foi compartida neste caso polo Grupo Parlamentario Popular non hai moito tempo. O 15 de xullo do ano 2015 todos apoiamos unha declaración, e nesa declaración, motivada polo 150º aniversario de Rosalía de Castro, dicíase literalmente: “O idioma é o mellor instrumento común que creamos todas e todos os galegos, é unha necesidade para avanzarmos xuntas as xeracións presentes en todos os ámbitos, na cultura, na educación, no progreso social, no económico e no político”. Eu creo que debemos recuperar este espírito, debemos traballar no que nos une e non no que nos separa. E ao día de hoxe sacar bandeiras para intentar apropiarse de algo que é de todos, señora Pontón, creo que ao final non é o máis prudente nin o máis positivo para a nosa lingua.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, señor conselleiro, o primeiro que teño é que lamentar a súa falta de elegancia política e de altura, teño que dicirlllo así, e que veña aquí, nunha interpelación sobre un tema tan serio como é o futuro da lingua, a facer de triste imitador do señor Tellado –agora ausente nesta tribuna–. Imaxino que xa está vostede na carreira sucesoria a ver se nalgún momento chega a ser secretario xeral do Partido Popular. (*Murmurios.*) Deséxolle sorte, señor conselleiro, (*Aplausos.*) porque evidentemente a súa maneira de vir aquí a debater a este Parlamento pois cualifica como conciben vostedes a responsabilidade de gobernar. E é facer de oposición da oposición continuamente. Sigán así, que xa lles queda pouco tempo. Nós o que agardamos, en todo caso, é que dentro duns meses estean sentados no banquillo da oposición, comodamente nese papel, que é o que máis lles gusta, facer de oposición.

Lamento tamén que veña aquí cargado cos tópicos de toda a vida do Partido Popular a respecto da situación do idioma. Se queren coller a bandeira do galego, cóllana, pero non a collan para traizoar a lingua. Collan a bandeira do galego para defender a nosa lingua e abandonen a política das mentiras que tanto dano lle fixo a este país. Porque quen máis dano lle fixo á lingua galega foi o señor Feijóo cando subiu na pancarta a dicir que o galego se estaba impondo ao español e que aquí había un problema gravísimo porque neste país, en Galiza, a xente non podía falar en español, que se perseguía os español falantes. De verdade que me parece que o que deben facer vostedes é saír, deixar de pisar tanta moqueta e ir pisar a rúa, poñerse do lado de xente que por querer asinar no Sergas un papel en galego para unha operación lle retrasan a súa operación; poñerse do lado de nenos e nenas que por utilizar o galego nun centro hípico os mandaron para a casa porque o galego non se podía utilizar nesas instalacións; poñerse do lado de mulleres que acaban de acabar a súa carreira, que van buscar traballo e que lles din que como pretenden que as contraten se entran nun despacho de avogados falando en galego. Isto, señor conselleiro, está pasando neste país. Nós témolo denunciado, e vostedes o que fan é mirar constantemente para outro lado.

Porque o galego é unha lingua igual de digna que o resto de linguas do mundo, exactamente igual, pero é que ten un

trato discriminatorio no Estado español. Para empezar porque vostedes nin legalmente defenden que o galego e o español teñan o mesmo trato, non o defenden, claro que non. Vostedes defenden para o español o dereito e o deber de uso; sen embargo, para o galego non o defenden, ¿verdade? Porque saben que esa é a arma para seguir mantendo a nosa lingua nunha posición subordinada. ¿Ou están vostedes dispostos a firmar que firmemos unha lei na que se diga que hai que darlles igualdade xurídica ás dúas linguas? Iso é o que vostedes teñen que dicirnos, pero non están dispostos e o que queren é manter unha situación de desigualdade desde o punto de vista legal e social para a lingua galega, porque iso para vostedes si que é estratéxico na súa posición política.

E mire, señor conselleiro, vostede pode vir aquí a manipular pero a xente sabe ler e entón pode ler o informe que fixo o Consello de Europa. É unha fortuna, porque, a verdade, déixaos a vostedes en moi mal lugar. Di aquí que o Consello de Europa está de acordo coa política lingüística que fai a Xunta de Galiza, que lles din que están cumprindo coa Carta europea. Pois di exactamente o contrario. Dise literalmente que non están cumprindo os obxectivos para o ensino infantil, primario e secundario. Din que teñen que modificar o Decreto do plurilingüismo porque non cumpre coas exixencias que están establecidas na Carta. E porque en ningún caso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira pode ir en detrimento da aprendizaxe dunha lingua propia.

Vostedes, ademais, están enganando a xente, porque no sistema educativo español non hai ningún trilingüismo, e vostede sábeo. Xa temos falado aquí sobre o que significa a aplicación do decreto, que está significando que lles están dando moitos cartos aos centros privados mentres nos centros públicos non hai ningunha aposta real polo ensino de linguas estranxeiras. Porque o único que están facendo en moitos sitios é dar o vocabulario de plástica, de pretecnolóxicas, en inglés. E, polo tanto, tamén están enganando a xente nese sentido e utilizando iso como escudo para xustificar unha política que o único que busca é que o galego cada vez teña unha menor presenza no ensino. E iso é, señor conselleiro, o que a nós nos preocupa, o que a nós nos ocupa e o que nós queremos cambiar.

Queremos cambiar a discriminación e a marxinação á que vostedes queren someter a nosa lingua, unha lingua na que, efectivamente, hai moitos galegos e galegas que a ama-

mos de ideoloxías diferentes. Pero o que non imos permitir e o que non imos tolerar é que nos digan que non podemos defender o galego, que é o que vostede veu aquí facer hoxe nesta tribuna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Ben, señora Pontón, eu simplemente a quixen felicitar polo seu nomeamento como candidata. Parece que non lle gustou e parece que se enoxa. Se se enoxa por iso e entende que lle faltei ao respecto, pido que se retire do *Diario de Sesións*. Pero simplemente a felicitei polo seu nomeamento para candidata á Xunta de Galicia. A partir de aí, pois, vostede pode interpretar e pode dicir o que queira. Pero, bueno, non había ningunha mala intención en toda esta cuestión, señora Pontón. (*Murmurios.*)

Mire, vostede fala de tópicos e, claro, o Bloque xa é especialista en falar de tópicos de quita e pon. Pero eu voulle dicir unha cousa na que seguramente ao mellor coincidiremos. Coincidirá comigo en que o galego nas últimas décadas ten avanzado moito, ten avanzado moitísimo. E ten avanzado nos grandes acordos que vertebran a sociedade: na Constitución española, no Estatuto de autonomía, na Lei de normalización, no Plan xeral de normalización. Creo que aí estes grandes paraugas normalizaron, potenciaron e levaron a lingua galega a lugares onde nunca estivo antes. E fala vostede de discriminación. O Estatuto, que vostedes non votaron, define que Galicia ten dúas linguas oficiais e unha lingua propia. Vostedes non o votaron.

En todo caso, no que si pode estar tranquila, señora Pontón, é en que este goberno está traballando en todo o que ten que ver coa potenciación e coa posta en valor da lingua galega, como non pode ser doutro xeito. E está intentado facer políticas de promoción naqueles ámbitos onde a lingua galega ten un uso menor, xa o temos dito en moitas ocasións.

E fala vostede do ensino. Mire, o sistema educativo en Galicia afortunadamente non ten conflitos polo uso indistinto dunha lingua ou da outra, hai un equilibrio moi, moi razoable. E, sobre todo, cúmprense os obxectivos: garantir o coñecemento. Iso é realmente o que se pretende. E sorpréndeme que vostede fale de persecución a unha lingua. Eu voulle dicir, neste caso, que afortunadamente non está pasando en Galicia o que pasa noutras comunidades autónomas, afortunadamente, onde aí si hai persecucións a linguas, onde hai escraches a familias ou a nenos que queren que a aprendizaxe dos seus nenos sexa nunha das linguas oficiais. Iso está pasando nalgunhas comunidades gobernadas por partidos nacionalistas. (*Aplausos.*) E iso aquí nunca, nunca, vai pasar. Non vai haber persecucións nin acoso, non o vai haber.

Mire, temos avanzado moito nos medios de comunicación, na Administración, na xustiza e, en xeral, na sociedade. Obviamente queda moito camiño por percorrer, queda camiño por percorrer. Agora, como tamén temos dito en reiteradas ocasións, nós pedímoslles que deixen de utilizar o galego como unha ferramenta política, que abandonen a polémica, que abandonen a politización, que abandonen o uso partidista. Porque esa postura non lle fai ben ao galego. Vostede definiu aquí o galego –intentando pasárnolo a nós, como que o dicimos nós– como que é unha lingua de segunda. Nós nunca diremos iso. Vostede dío, e esa é unha mensaxe tremendamente pésima, porque o galego, señora Pontón, o que precisa eu creo que é sentidiño, que teñamos sentidiño na forma de acercarnos a esta lingua, e o que necesita é un traballo compartido, un traballo onde debemos profundar e –vólvo repetir e repetireino sempre– que nos leve a traballar no que nos une e non no que nos separa. Iso realmente é o que entendemos que temos que facer. E con vostedes ás veces dá a sensación –utilizando unha comparativa con iso de “*la letra con sangre entra*”– de que a lingua con sangue entra. E non lle é así, non lle é así, porque algo tan íntimo, tan voluntario e tan libre como usar unha lingua ou outra non vai depender de que o Bloque Nacionalista diga unha cousa ou que o PP diga outra, vai depender da liberdade dos individuos. E mentres vostedes pensen ao final, con actitudes case negacionistas da realidade, que non hai galego, que se fala mal o galego, que non se potencia, etc., pois realmente ao final estanlle facendo mal porque o están situando nun mal lugar.

Eu o que creo, e así o cremos dende o Goberno, é que debemos traballar e impulsalo naqueles ámbitos nos cales

hai maior debilidade. E recoñecémolo, hai certos sectores sociais onde hai debilidade e estamos traballando neles. Por exemplo, no ámbito socioeconómico hai unha certa debilidade. Estamos facendo un plan de dinamización nese ámbito –por certo, desenvolvendo o Plan xeral de normalización–. Estamos traballando tamén nun ámbito que nos preocupa moito, que é o ámbito da xuventude. Os xóvenes saben falar galego, outra cousa é que o queiran falar, que é ben diferente. Pero saben. O sistema educativo é capaz de aprenderlles galego aos nosos xóvenes, absolutamente capaz. E o que temos que facer é, cunha perspectiva amable e positiva, potenciar accións en diferentes ámbitos nos xóvenes para que falen galego na súa vida cotiá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que o falen a través das novas tecnoloxías, nas redes sociais, no deporte, etc. Porque ao final o que si é negativo, señora Pontón –e incluso contraditorio pola súa parte, que en moitas ocasións defenden o Plan de normalización–, é caer nun erro, que é que están sempre practicando unha especie de vitimismo. E iso dío o propio plan xeral, que non se debe practicar o vitimismo.

E, señorías, xa para rematar, hai unha cuestión importante, e é que, se queremos que a sociedade fale máis galego, do que temos que ser conscientes é de que hai que lanzar mensaxes positivas sobre o galego. Se vostedes están constantemente proxectando liñas vermellas sobre o galego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...desprestixiando o uso do galego, ao final a xente asociará o galego ao Bloque e pensará que é a súa lingua. E non, o galego, afortunadamente, é unha lingua de todos. E todos estamos orgullosos de falala.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e catro minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a oferta de solo industrial

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, presidente.

Vexo que na bancada do Grupo Popular hai unha preocupación pola aritmética, o cal me gusta. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Dígoo porque estaban contando, e están ben os procedementos de aprendizaxe, sempre están ben. Eu... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Ben, tendo en conta que na intervención de control ao presidente da Xunta esta mañá, que ía sobre mercado laboral, el falou de sillas, coches e asesores, eu síntome perfectamente lexitimado para falar de iates, narcotraficantes e conseguidores, pero tranquilo, señor presidente, que non o vou facer, porque aínda somos un pouco diferentes uns e outros.

Señora conselleira, vostede onte tamén nesta liña de avance, no coñecemento científico ao que nos ten acostumados o Goberno galego, dixo dúas cousas moi relevantes: a primeira, dixo que vostede resolvía en vez de revolver, eu quero ensinarlle unha foto da PLISAN; efectivamente un exemplo claro de resolución fronte á revolución, son 17 metros de profundidade, un burato de nada, como vostede ben sabe.

Dixo logo, tamén, que vostede era de números, estou seguro de que se é de números e lle gustan os números, pois estará en condicións de, cando fale de números aquí, contar-nos as fontes dos mesmos, contarnos de onde saen, que publicación oficial os proporciona.

Esta interpelación ten que ver cun dos factores fundamentais na política industrial de calquera país, e a situación da industria é evidentemente coñecida, hai unha crise de

demanda que, efectivamente, non ten que ver coa súa conselleira, pero que está aí, aínda que o Goberno galego e o señor presidente –falándonos da conxuntura económica desta comunidade autónoma– pois practicamente a esquezan e sexamos incapaces de entender que hai problemas económicos moi serios nunha porcentaxe crecente de poboación, sexa por niveis salariais cada vez máis baixos, por taxas de paro de longa duración extremadamente prolongados, por conxelación das pensións..., en fin, todos eses pequenos detalles sen importancia que fan que a sociedade sexa cada vez máis desigual e máis pobre. Insisto, detalles sen importancia.

Pero hai problemas de oferta tamén, señora conselleira. Falamos aquí moitas veces de problemas en relación co custo enerxético, e hai un problema fundamental que si que lle corresponde ao seu negociado, e é o tema do chan industrial. Hai nesta comunidade autónoma, máis alá de carencias xerais, un desaxuste gravísimo entre a oferta e a demanda de chan industrial. Probablemente hai oferta de chan industrial en exceso en zonas onde non hai demanda ou onde a demanda é máis débil, e sen embargo hai unha escaseza absoluta de chan industrial en zonas onde, efectivamente, esta demanda é moi elevada.

E indubidablemente iso explica algunhas das situacións nas que se atopa a economía galega neste momento, máis alá dese optimismo radical do señor Núñez Feijóo.

Antonte mesmo aparecían datos, insisto –datos oficiais neste caso–, de que Galicia investía noutros países máis de cinco veces o capital estranxeiro que recibía. Eu creo que estaría ben reflexionar por que acontece isto, a pesar das políticas de internacionalización, das que estamos falando aquí constantemente, que o seu compañeiro de Goberno, o señor Francisco Conde, pois mostra como paradigmas de éxitos en política económica e que todos sabemos que teñen que ver, exclusivamente, co incremento da demanda de dous sectores industriais e dos resultados económicos de dúas grandes empresas, PSA Peugeot Citroën e Inditex, o resto vai, cando menos, discreto, e creo que estou sendo moderado.

Tamén da industria 4.0, que tamén ten que ver co chan industrial, porque todos sabemos –díño o voceiro da Alternativa Galega de Esquerda ás veces– que o 4.0 significa mecanismo errado ou mecanismo fallido, pero aínda que sexan fallidas teñen que instalarse nalgunha parte.

E tamén temos os últimos datos de industrias de tecnoloxía da información e as telecomunicacións. 14.000 postos de traballo, que é verdade que non descenderon, pero é verdade que non medraron, tendo en conta que é un deses sectores emerxentes dos que, por certo, se fala bastante no plan estratéxico que aprobaron vostedes esta mesma mañá e que move, aproximadamente, o 2 % do PIB.

De novo o Plan de chan industrial e as dificultades de chan industrial, pero logo, iso si, o que temos é publicidade e propaganda, páxinas e páxinas pagadas nos xornais. As pemes galegas buscan mellorar a xestión e dixitalizar os seus procesos para crecer –teñen que dicirles aos publicistas do Goberno do señor Feijóo que o que buscan é chan industrial–, pero ademais de buscar mellorar a xestión e dixitalizar os seus procesos, buscan chan industrial, buscan algo tan básico e tan elemental como os lugares nos que instalarse.

E, evidentemente, señora conselleira, neste contexto, e a pesar do que di o presidente da Xunta, os datos da industria son francamente malos. O número de ocupados neste momento na industria, e vou dar os dous datos –porque esta mañá o señor Feijóo nun alarde de diversificar fontes estatísticas falou da EPA e de para rexistrado, creo que confundiu un pouco o tema–, en todo caso o número de ocupados da EPA son 157.900, exactamente os mesmos que hai tres anos, e o número de rexistrados na Seguridade Social, porque efectivamente sempre é un pouco menor que a EPA, é de 131.000. Iso si, tamén exactamente mil máis que hai tres anos. Polo tanto, tres anos perdidos, ou polo menos non ganados, polo menos non ganados. Entón, eses discursos absolutamente triunfalistas dos que vostedes falan a min gustaríame que os matizaran o máis posible.

E neste contexto de dificultades de axuste entre a oferta e a demanda, pois indubidablemente nos atopamos con chan vacío, tres millóns de metros cadrados que nos custaron aos galegos e ás galegas aproximadamente 500 millóns de euros de investimento, e sen ningunha dúbida nos atopamos cunha estratexia territorial claramente equivocada en termos de oferta e demanda.

A Costa da Morte, Ferrolterra, as provincias de Lugo e de Ourense e a zona fronteiriza aparecen como zonas prioritarias. A demanda de chan industrial sitúase, fundamentalmente, na zona fronteiriza da provincia de Pontevedra.

E, lamentablemente, aí todos sabemos exactamente cal é a situación. Practicamente non hai chan industrial, señora conselleira, e a PLISAN, a cronoloxía eu creo que vostede xa a coñece. Comezou no ano 2000, hai 187 meses, deses 187 meses o Partido Popular en Galicia gobernou doce anos e o Partido Socialista tres anos e medio, dígoos porque cando nos conte que todo é culpa de Touriño e de Zapatero, eu espero que sexa capaz vostede –que sabe de números– de facer un índice de corrección matemático que permita axustar o período de goberno duns e doutros; insisto, doce anos de Goberno do PP e tres anos e medio do Goberno do Partido Socialista.

Dende o ano 2009, señora conselleira –eu estiven alí aínda hai quince días–, nada, a explicación que hai feita, os movementos de terra fixéronse no goberno de Emilio Pérez Touriño, e dende entón vostedes fixeron fotos, fixeron algunha viaxe, algunha presentación, en fin, estas cousas de atrezo que están ben tamén, pero ata hai practicamente un mes e medio alí non había máquinas, e hai quince días, en horario laboral, asegúrolla, había –e molesteime en recorrer o perímetro, que, como sabe vostede, está perfectamente delimitado por unha pequena estrada asfaltada– catro; salvo que haxa traballos subterráneos, que tamén pode, en superficie catro.

Iso si, vostedes comezaron dicindo xa no ano 2014 que ía haber un proxecto da primeira fase no que os servizos xerais custarían 18 millóns de euros, o 11-10-2014, e todo isto información de notas de prensa da Xunta de Galicia. Eu creo que vostede poderá entender así a confusión que este humilde portavoz ten ante esta profusión de anuncios.

O 27-12-2014 a Xunta fixa para o primeiro trimestre do 2015 a licitación das obras da PLISAN e comprométese a investir 44 millóns de euros. O 17-2-2015 di que vai actuar sobre 72 hectáreas e que vai investir 16 millóns de euros, de 44 baixamos a 16. Seguro que hai unha explicación, señora conselleira, eu por iso lle agradecería..., por iso, por iso isto é o que lle pregunto, claro.

O 5-6-2014 o Instituto Galego da Vivenda e Solo neste Parlamento di que non podía ofrecer nin datas nin proxectos concretos, insisto, oito meses antes xa había datas, proxectos, orzamentos e, polo que vexo, tamén fases, pero vese que as fases estaban no ámbito da intimidade, porque a señora

directora do Instituto Galego de Vivenda e Solo neste Parlamento non foi quen de falarnos desas fases. Alégrome...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ... –remato, señor presidente– de que agora xa se fale desas fases.

O 1-5-2015 o Consello da Xunta di que licitará a urbanización desas 70 hectáreas por 13,5 millóns de euros.

O 19 de setembro fanse unha foto.

O 22 de outubro fanse outra foto. Esa cun gran desprezo: ministra, conselleira, delegada da Zona Franca, en fin, todo o *staff* directivo.

E esta é a axenda, señora conselleira, dende entón unha lagoa de 17 metros de profundidade e catro escavadoras. A min gustaríame saber que lle ten vostede que dicir aos axentes económicos que necesitan desesperadamente chan industrial no sur da provincia de Pontevedra. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Reposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, fotos desta mesma mañá en diferentes estados da obra, son máis de catro máquinas, por suposto que hai máis de catro máquinas. Eu mandareilles todas as fotos, bastantes máis, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) o certo é que de parado nada de nada, en obras, vóuvolas ensinar, non pasa nada.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): En diferentes partes da PLISAN, que saben que son moitos metros cadrados. (*Aplausos.*)

En calquera caso, deixar moi claro que pouca realidade teñen as súas afirmacións. (*Aplausos.*) O que que fixo este Goberno, por suposto, que foi impulsar a Plataforma Loxística...

O señor PRESIDENTE: Un pouco de respecto.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...Salvaterra-As Neves, estamos implicadas tres administracións: Xunta de Galicia co 18 %, Autoridade Portuaria co 61 % e Zona Franca co 21 %, e por suposto que tivemos que traballar duramente, traballo duro, para superar os innumerables atrancos na PLISAN.

Fago tamén un breve relato, e espero que coincida coas datas de vostede: decembro 2014, reposición do réxime do condominio; novo paso en febreiro de 2015, trámite ambiental das primeiras obras; marzo 2015, porque temos que cumprir a lexislación e os trámites, asinamos o convenio de reposición da volta ao condominio. En abril de 2015 asinamos o documento que fixaba as obrigas entre as tres administracións: Autoridade Portuaria, Xunta e Zona Franca para a licitación das obras. En maio de 2015 licítanse as obras para a urbanización desta primeira fase do sistema xeral da PLISAN. O 21 de outubro iníciáanse as obras de forma definitiva, para avanzar no desenvolvemento da PLISAN, feito incuestionable, e, dende logo, non hai volta atrás.

Isto sen esquecer os máis de 20 millóns de euros que fixemos para conectar a PLISAN coa A-52 a través dunha vía de altas prestacións. Sabe que hai unha vía de alta capacidade para conexión coa A-52 da PLISAN.

Polo tanto, señor Losada, paralización da PLISAN nada de nada, non sei se é descoñecemento, ao mellor, o que ten vostede; nada de nada –síntoo que lle moleste– porque fomos quen de resolver o bloqueo da PLISAN, fomos quen de resolvelo.

Eu voulle dicir, exactamente, o que nos atopamos no ano 2009 –porque si, en tres anos e medio que di vostede que gobernou o Bipartito, en tres anos e medio miren que fixeron vostedes, mirade o que fixeron vostedes–, atopamos o aumento de terra da PLISAN executado, si, pero sen presupostar e sen pagar por parte da consellería. Atopamos que a Xunta de Galicia xa non era titular de ningún dereito da PLISAN, porque lles venderon vostedes a Xestur para financiar a Consellería de Vivenda e Solo a través de endebedamento da sociedade pública.

Atopámonos que resolveran o réxime de condominio, só en tres anos e medio, mire vostede todo o que fixeron, e facía imposible o desenvolvemento racional da PLISAN, e ademais negociaron vostedes cos antigos propietarios sen coñecemento e sen consentimento do resto das outras dúas administracións, dos seus socios da PLISAN, que é a Zona Franca e a Autoridade Portuaria. Negociaron á custa dos outros promotores que pagarían 7 millóns de euros de dereitos mineiros. Sete millóns de euros de dereitos mineiros que negociaron sen consentimento das outras tres partes, e que logo houbo informes da Avogacía do Estado e tamén da Asesoría Xurídica Xeral de Galicia que foron seguindo criterios para eses 7 millóns que eran, realmente, ilegais.

Polo tanto, esa é a herdanza de vostedes, cualifique vostede a herdanza como queira, aí están os antecedentes, o que fixeron en tres anos e medio.

Por iso o primeiro que tivemos que facer nada máis chegar foi pagar as facturas pendentes, pagar facturas pendentes de 5,3 millóns de euros dese movemento de terras, que si que estaba feito, pero sen pagar. Redactamos e aprobamos a modificación do proxecto sectorial da PLISAN. Recuperamos para o Instituto Galego de Vivenda e Solo a titularidade deses terreos que lle vendera o Bipartito á Xestur, e sabe vostede perfectamente o lastre que tiña a Xestur co Bipartito, porque a deixou en situación absoluta de quebra.

Polo tanto, este Goberno xa traballou e está a traballar con dúas direccións: seguridade xurídica, que se converta a PLISAN no referente de solo industrial, seguridade xurídica a través de diferentes accións, pagando os terreos aos propietarios; levamos pagados 7,4 millóns de euros, temos en tramitación 1,5 millóns de euros, e nos próximos meses seguiremos pagando aos antigos propietarios.

O inicio da retroacción do expediente expropiatorio para incluír os dereitos mineiros, en cumprimento dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e a volta ao condominio, asegurando a participación efectiva e equilibrada das tres administracións que necesitaba para o desenvolvemento da PLISAN.

Entre as tres administracións investimos, dende o ano 2009, 7,8 millóns de euros, sen contar os 5,3 que tivemos

que aboar de débedas pagadas por ese movemento de terras que fixo o Bipartito.

Por outra parte, traballamos para poñer á disposición dos empresarios eses terreos, solo industrial, por iso estamos executando as obras de urbanización da PLISAN nesta primeira fase.

Como antes sinalaba, en abril do 2015 acordamos entre as tres administracións implicadas as obrigas para a licitación destas obras; en maio de 2015 licitábanse; a 21 de decembro iniciábanse as obras –estas obras de urbanización dos sistemas xerais, sabe que son viais, alumeados, conducións, abastecemento, saneamento e telecomunicacións– para deixar habilitados 700.000 metros cadrados, que é a zona máis próxima ao enlace a esa vía de altas prestacións para conectar coa A-52. Tamén conducións por máis de 3,7 quilómetros e superficie pavimentada de 110.000 metros cadrados.

Polo tanto, obras en marcha, paradas nada de nada, avanzamos segundo o previsto, están traballando a día de hoxe máis de 50 persoas na zona, e nestes momentos hai ao redor de 30 máquinas mobilizadas.

A actuación cun prazo de execución de 18 meses, investimento 13,5 millóns de euros, o obxectivo é telas finalizadas no ano 2017.

Non é esta a única actuación, tamén na última reunión da comisión de seguimento da PLISAN se acordou licitar a redacción do anteproxecto da depuradora EDAR á ETAP, a depuradora de augas residuais á estación de tratamento de augas potables, para que posteriormente o instituto licite ese concurso de proxecto e obra para dar á ETAP, por iso as fases que lle comentaba para desenvolver a PLISAN.

E tamén a urbanización da primeira fase, da zona L-E, a zona loxística empresarial, para que se poidan comezar a instalar as empresas no ano 2017.

Queda, polo tanto, acreditado que a paralización de PLISAN nada de nada, están en marcha as obras e non hai, dende logo, volta atrás.

Claro que, a verdade, podería estar máis adiantada, aí coincidimos en que poderían estar as obras máis adiantadas

se o goberno do que vostede formaba parte non realizara esta xestión en tres anos e medio, que xa teño comentado, porque puxeron en perigo totalmente a plataforma loxística. Se así non fora, se non se resolvera o condominio, (*Murmurios.*) se non se resolvera o condominio por suposto que isto estaría moito máis avanzado.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): En calquera caso, na Xunta somos conscientes da importancia do solo empresarial, e estamos a actuar en liñas de traballo, en impulsar a plataforma loxística.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio, señor Gallego, por favor! ¡Xa está ben!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): E saben que o ano pasado xa empezamos con sistemas de incentivos para a bonificación do solo empresarial en Galicia, bonificacións que en Galiza chegan ata o 50 %.

A finais do ano 2015, tamén ademais desde as bonificacións do 50 % do chan industrial, puxemos en marcha tamén unha nova fórmula, o dereito de superficie, seguro que coñece esta medida, unha medida pioneira, que consiste nunha forma semellante a un alugueiro a prezo simbólico con dereito á compra, e un canon anual durante 30 anos e ampliable a outros 30, e que durante os 10 primeiros anos hai dereito á compra. O obxectivo é facilitar a posta en marcha de novos proxectos, diminuír os riscos de investimento nestes primeiros anos, que é cando hai que realizar o investimento para que se instale a empresa, porque ademais o primeiro ano permitimos que sexa un ano de carencia, polo tanto a cero euros metro cadrado.

Así é, bonificacións e dereito de superficie. Na provincia de Pontevedra, no sur, a compravenda media é de 35 euros metro cadrado grazas a estas bonificacións, o canon ou o dereito de superficie medio é de 90 céntimos por metro cadrado.

Polo tanto, o prezo do solo empresarial non é a causa de que certas empresas se asenten no norte de Portugal, en vez

de facelo en Galicia, como di a súa pregunta escrita; non sei se ese é o modelo que vostedes defenden, é o modelo de hai 50 anos que impera en Portugal. Nós realizamos parques empresariais modernos, con todos os servizos, e tampouco en Portugal os prezos do solo empresarial son unha ganga que algúns nos queren facer ver. Podemos poñer moitísimos exemplos, pero tampouco teño moito tempo.

En calquera caso, eu o que lle teño que dicir é que poñemos chan industrial nas condicións máis vantaxosas, tamén o terá a PLISAN, os 100.000 primeiros metros cadrados da PLISAN serán a un prezo bonificado, a 50 euros metro cadrado, porque xa foi un acordo do Consello de Administración.

Tamén se poderá acceder a PLISAN a través do dereito de superficie, cun canon simbólico anual. Polo tanto, traballando en serio, de forma decidida para conseguir que estas primeiras empresas na PLISAN se asenten no menor tempo posible.

Polo tanto insisto, paralizada a PLISAN, nada de nada.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bueno, señora conselleira, láméntoo moito, pero eu esta mañá non puider facer fotos a PLISAN, *(Risos.)* recoñezo que estiven aquí no pleno e non puider ir facer fotos, non sei se agora hai 50 persoas e hai 30 máquinas, hai 15 días non as había. Se hoxe están, ¡welcome!, ¡perfecto! Hai 15 días non estaban, insisto, eu non minto, non estaban, salvo que estiveran na lagoa esa facendo traballos de drenaxe subterráneo, que tamén pode ser, porque falta lles vai facer.

Mire, o desastre é tal, señora conselleira, non sei se foi por alí, que as tomas das alcantarillas están a un nivel de case 2 metros por debaixo da estrada, teñen alí tanto traballo que facer, que os prazos que dá vostede son pura e simplemente de risa, por moitos enxeñeiros que llo aseguren a vostede.

Eu, primeiro, quero saber as datas de posible instalación legal de empresas na PLISAN, porque para a estación depuradora de augas e para a estación de subministración de augas non está, nin sequera, o proxecto aprobado, señora conselleira. Entón, ¿de que me está falando vostede?

Eu vou volverlle dar as datas, porque parece que dixo algo de que vostedes eran modernos e que nós queríamos o modelo portugués, a verdade é que..., en fin. *(Risos.)* Imos deixalo.

Non, non, a páxina téñoa perfectamente. O 11 e outubro do ano 2014, proxecto da primeira fase, primeiro *Power-Point*, ano 2014, hai ano e medio, íase licitar xa.

O 27 de decembro, a Xunta –a Xunta, non este portavoz, nin os grupos da oposición– fixa para o primeiro trimestre de 2015 –é dicir, hai un ano, señora conselleira– a licitación das obras da PLISAN.

Vólvoo repetir, xa sei que vostede me vai dicir que son fases, agora non me quedou claro cal era a primeira fase, a segunda, *encuentros en la tercera o vuelta a la cuarta*. O que si é que primeiro faláron de 44 millóns e despois faláron de 16. Entón, eu preguntolle, ¿cal é a diferenza?, ¿que ían neses 44 millóns?, ¿que vai nos 16? E, polo tanto, ¿que non fan nesta primeira fase? Eu creo que é bastante fácil, se a vostede lle gustan os números, é cuestión de restar, nin sequera fai falta ser enxeñeiro, ¡eh! En fin, aritmética básica.

De novo fotos, o 5 de marzo do ano 2015, hai máis dun ano. Son tan desastres que o mesmo día, en dúas notas de prensa simultáneas, a Xunta de Galicia falou de 16 millóns de euros e o Ministerio de Fomento de 36. Insisto, *Encuentros en la tercera fase*.

A Xunta falou de 16 millóns de euros e o Ministerio de Fomento de 36, e non era investimento dun e doutro, era o investimento total, pode revisar as notas. En fin, insisto en que non teño afección pola literatura fantástica.

O 9 de abril, un mes despois, de novo acordo para licitar as obras, outra nota de prensa da Xunta, xa son 20,5 millóns de euros. 4 millóns de euros máis nun mes. ¿De que son eses 4 millóns de euros, conselleira? Eu creo que as preguntas son bastantes fáciles, ¡eh! Creo que para alguén a quen lle

gustan os números, para sacar matrícula de honor aquí con comodidade.

O 1 de maio de 2015, hai máis dun ano. Consello da Xunta –o Consello é do 30 de abril–, a Xunta licitará este mes, ou sexa en abril de 2015, cando anunciara que se ía licitar en setembro do 2014, a urbanización de 70 hectáreas por 13,5 millóns de euros.

A finais do 2015, e está textual na nota, “os empresarios interesados poderán optar ás primeiras parcelas”. ¡Olé! Todos sabemos que os empresarios interesados, a finais do ano 2015, masivamente, optaron ás primeiras parcelas. Non lles ensino a foto de novo da lagoa, porque creo que é bastante ilustrativa.

O 19 de setembro do 2015, adxudicadas pola Xunta de Galicia, por 10 millóns de euros, as obras da primeira fase da PLISAN, que comezarán en outubro.

Mire, se esas obras comezaron en outubro do ano 2015, tal e como estaban hai 15 días, rescíndanlle o contrato á construtora, porque alguén está estafando a alguén, e non sei por que me dá, coma sempre, que os estafados son os cidadáns, señora conselleira.

Entón, se de verdade empezaron en outubro, como vostedes dixeron nunha nota de prensa súa, teñen algún problema de control das obras da PLISAN. Pura e simplemente non empezaron, sobre todo non empezaron porque un mes despois –o 22 de outubro de 2015– foi cando o desfile con todos os altos cargos do Partido Popular. Home, había tantos altos cargos, que mesmo estaba a voceira do Partido Popular do Concello de Vigo, que me imaxino que en calidade de *manager* principal, porque Consorcio da Zona Franca de Vigo, Porto de Vigo e Xunta de Galicia, eu creo que esta señora é concelleira do Partido Popular no Concello de Vigo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É dicir, a utilización propagandística e partidista desta obra, á parte de ser inexistente a obra, é absolutamente escandalosa, e iso si, agora xa avanzaron un pouco, xa dixeron hai dous meses que as parcelas da PLISAN se porán en venda en xaneiro do ano 2017. ¿Pode vostede asegurar iso? ¿Pode vostede asegurar que a

ETAP e a EDAR da PLISAN estarán funcionando a principios do ano 2017? Porque seguro que sabe –señora conselleira, vostede é unha alta funcionaria da Consellería de Política Territorial– que sen esas instalacións non é posible vender e instalar empresas na PLISAN.

Polo tanto, déixense de publicidade e propaganda, e rematen esa obra, porque o que se fixo, o pouco que fixo, fíxoo un goberno presidido por un socialista. Vostedes ata agora fotos e notas de prensa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Losada, non hai ningún problema, porque programaremos unha visita e invitareino a que nos acompañe a ver as obras, a velas alí fisicamente, para que vexa toda a maquinaria e todo o persoal que está alí traballando e desenvolvendo as obras.

Tamén me gustaría non seguir botándolle nin a Zapatero nin ao Bipartito ningunha culpa, pero o que máis me gustaría é non ter que estar pagando, oito anos despois, débedas que deixaron vostedes, iso gustárame máis, ¡claro que si! (*Murmurios.*)

En calquera caso, é o que teño que dicir, vostedes foron os que fixeron a xestión comprando metros cadrados a esgalla, solo adquirido inutilmente, sen criterio, sen control, promoción de parques empresariais a prezos que dobran os que existían en 2015 e graves problemas en Xestur. Iso foi o que deixaron, e reitérolles que foi unha xestión, na miña opinión, dende logo, pésima; obras realizadas sen pagar, e parte correspondente do IGVS vendida á Xestur, que estaba en quebra técnica, con dominio da PLISAN resolto, negociacións da Xunta sen consentimento e sen coñecemento dos outros dous promotores, Autoridade Portuaria e Zona Franca, que están implicados no proxecto. E dende logo que este Goberno tivo que adaptarse á seguridade xurídica, pero o que tivemos que facer é arranxar os desaguizados que deixaron vostedes na PLISAN. (*Murmurios.*) E agora mesmo están as obras de urbanización por suposto que en marcha.

Estase a executar esta primeira fase dos sistemas xerais, e traballos –como lle dixen na miña primeira intervención– de viais, servizos afectados, conducións de pluviais, pozos de bombeo, etc., estanse a executar segundo o previsto e rematarán o vindeiro ano, co prazo previsto de execución.

E tamén temos traballos técnicos, por suposto que a estación depuradora de augas residuais e a estación potabilizadora. Sei que son obras importantes, e por iso temos os estudos previos xa contratados e en redacción. E por iso acordamos licitar ese anteproxecto de estación depuradora de augas residuais e de augas potables para que posteriormente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo se licite o concurso de proxecto de obra. E todo isto licítase –claro que si– este mesmo ano.

E tamén a urbanización da LE a finais do 2017. Polo tanto, no ano 2017 eu espero –e así estaremos en disposición– que se poidan instalar de forma totalmente definitiva no ano 2017 as empresas. Polo tanto, no ano 2017 a PLISAN estará totalmente operativa para que as empresas se poidan instalar con garantías xurídicas, con solo urbanizado, con boas conexións e boas comunicacións, coa estación de tratamento de auga potable e coa estación depuradora de augas residuais, e a prezos competitivos, a prezos competitivos tanto prezos para a venda como dereito de superficie; prezos bonificados para venda de 50 euros metro cadrado, un prezo que só superan os parques empresariais promovidos e urbanizados polo Goberno bipartito, porque estes parques promovidos por vostedes son os que duplican e triplican os parques feitos anteriores ao ano 2009 e os que viñeron despois.

Eu voulle poñer soamente un exemplo. En Lugo había un acordo entre a Xunta e o Concello para que o Concello participase como promotor no parque das Gándaras, xa que era propietario dunha boa parte dos terreos do ámbito. Pois o Goberno bipartito rompeu este acordo e decidiu mercarlle ao Concello de Lugo todo o solo da súa propiedade. E ¿o resultado? Pois encarecer o prezo do solo empresarial do parque das Gándaras en máis de 14,1 millóns de euros. Foi o que fixeron vostedes para incrementar substancialmente os prezos de solo empresarial.

En calquera caso, a PLISAN vai ofrecer 100.000 metros cadrados a prezos bonificados de 50 euros metro cadrado, estes primeiros 100.000 cadrados. Grazas a ese esforzo dos

tres promotores –Xunta, Autoridade Portuaria e Zona Franca–, o resto pois rondará os 80 euros metro cadrado, lonxe dos 154 euros metro cadrado do polígono de Veigadaña, en Mos, que promoveron vostedes; por iso é tan caro.

E, polo tanto, este goberno, traballando para facilitar o asentamento das empresas no noso territorio, novas empresas no solo industrial, por iso estas novas fórmulas bonificando solo empresarial. E grazas a esta política de venda de solo con bonificacións, temos adxudicados máis de 545.000 metros cadrados de superficie industrial nos parques de Xestur e do IGVS, con bonificacións que chegaron a 16 millóns de euros, e hoxe mesmo adxudicamos 10.000 metros cadrados.

Eu remato xa, que non teño máis tempo. O que queremos é crear riqueza e emprego, e por iso, señorías, na PLISAN estamos a poñer todos os esforzos para que o ano 2017 pois estea en pleno funcionamento, para o dinamismo económico, xerar emprego e xerar riqueza no sur de Pontevedra.

Pola miña parte, nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

A seguinte interpelación é do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Gallego Calvar e dous deputados máis, sobre a política de loita contra a pobreza que está a levar a cabo o Goberno galego.

Interpelación de D^a María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política de loita contra a pobreza que está a levar a cabo o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

Señor conselleiro de Política Social, teño comigo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 31 de

decembro do ano 2013, unha lei que é froito dun acordo entre os axentes sociais e o Goberno daquel entón, de cando se aprobou a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, porque nunha das súas disposicións adicionais establecíase a obriga para o Goberno galego de revisar a normativa do que daquela se coñecía como Risga, a renda de integración social de Galicia, e que hoxe se coñece como renda de inclusión social de Galicia.

Esta lei establecía algunhas cuestións, pero fundamentalmente era unha ferramenta –díxonos o Goberno naquel momento– para loitar contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Ben, pois esta ferramenta para loitar contra a pobreza e a exclusión social en Galicia que regulaba a nova renda de inclusión con novos conceptos no que ten que ver coa loita contra a pobreza e a exclusión social, que tiñan que ver máis coa inclusión sociolaboral das persoas en risco de pobreza ou exclusión social, establecía no seu desenvolvemento normativo que a Xunta de Galicia tiña un prazo de seis meses –seis meses– dende a publicación da lei –31 de decembro de 2013– para desenvolver esta lei. É dicir, en xuño de 2014 a lei para loitar contra a pobreza e a exclusión social en Galicia tiña que ter un desenvolvemento regulamentario e, polo tanto, tiña que haber un decreto, dous ou tres, que desenvolveran o que se dicía nesta lei e que puxeran enriba da mesa as ferramentas para que tanto ONG, gobernos locais, Goberno autonómico e demais entidades do terceiro sector de acción social puideran traballar no noso país na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Estamos en maio de 2016 –como todos e todas sabemos– e aínda a día de hoxe ese decreto que tiña que estar feito en xuño de 2013 está non nato. Sabemos que existe un borrador que leva tempo e tempo –falo de anos– rulando polos despachos das consellerías do Goberno de Galicia, do que o terceiro sector que ten que traballar con el coñece pouco ou nada, e do que o único que se sabe é que unha e outra vez tanto a Asesoría Xurídica como a Intervención Xeral da Xunta pois poñen pegadas e máis pegadas e máis pegadas e nunca chega ese borrador de decreto a ver a luz e, polo tanto, a desenvolver esta lei.

Pero é máis, esta lei establecía un compromiso, que, ademais, foi froito de transaccións na ponencia antes da aprobación desta lei, de que cada ano o Goberno galego tiña que informar. Na disposición adicional segunda díxose: “A Xunta

de Galicia informará anualmente o Parlamento de Galicia sobre o desenvolvemento desta lei no seo da comisión correspondente”. Tiña que ter pasado isto en decembro do 14 e en decembro do 15. Non pasou tal cousa, non houbo ningunha petición de ningún membro do Goberno de Galicia para vir á comisión correspondente –que neste caso sería a 5ª– deste Parlamento para que alguén do Goberno viñera explicar como estaba o desenvolvemento desta lei e que está pasando para que esta lei non se desenvolva.

E dado que isto non sucedeu, pois o Grupo Socialista vese na obriga de interpelalo a vostede para que nos explique aquí, señor conselleiro, que está pasando con esta Lei de inclusión, que cando naceu se nos dixo que era a ferramenta política que tiña o noso país para loitar contra a pobreza e a exclusión social e que está dende o 31 de decembro de 2013 sen desenvolver e sen explicar o seu desenvolvemento ou non desenvolvemento neste Parlamento. E este é o motivo desta interpelación.

¿E por que nos preocupa que estea sen desenvolver esta lei? Porque a situación no noso país é moi grave. Vostede sabe –eu teño os datos que me deu o seu departamento na última Comisión 5ª, que se celebrou hai escasas datas– que temos a 31 de marzo deste ano arredor de 10.000 persoas receptoras da renda de inclusión social en Galicia e que, sen embargo, o Instituto Nacional de Estatística, a través da publicación da enquisa de poboación activa deste primeiro trimestre de ano, acábanos de dicir que en Galicia, por vez primeira desde que hai datos estatísticos, temos un dato aterrador, que é que en 38.300 fogares galegos xa non entra ningún ingreso; 38.300 fogares galegos nos que non entra ningún ingreso e apenas 10.000 persoas receptoras da renda de inclusión social de Galicia a 31 de marzo deste ano.

Señor conselleiro, de 10.000 persoas a 38.000 fogares todas esas persoas que teñen o dereito subxectivo a percibir unha renda de inclusión no noso país non a perciben. ¿Ninguén no Goberno se está preguntando por que pasa isto? ¿Ninguén no Goberno reflexiona sobre por que lle custa tanto ás persoas que non teñen ningún ingreso acceder a unha prestación da renda de inclusión social de Galicia, que é –por dicilo dalgún xeito suave–, en termos cuantitativos, máis ben escasa?

¿Non será que a burocracia, a ralentización da concesión nalgúns momentos da Risga e as exclusións que se fan

de determinados conceptos que non están contemplados na lei, pero que a través dunha circular interna si que se exclúen, están favorecendo que persoas que teñen dereito no noso país a percibir esta renda, porque están en pobreza ou en exclusión social, non sexan capaces de chegar a ela? Porque eu creo que o seu departamento, xa que non é capaz de desenvolver a lei, cando menos se debera de estar preguntando que está pasando para que de 38.300 fogares nos que non entra ningún ingreso tan só haxa 10.000 persoas receptoras desta renda de inclusión social. E gustaríame que hoxe aquí nos falara acerca de por que cre vostede que se está dando esta situación.

Despois da publicación desta lei –con moita publicidade e propaganda por parte da anterior conselleira, non de vostede–, díxosenos que se ía empezar a traballar coas entidades locais para que tamén os concellos foran partícipes da acción do Goberno na loita contra a pobreza e que a través dunha liña de axudas dirixida ás entidades locais se vai empezar a contratar persoas nos concellos que eran receptoras da Risga para sacalas precisamente da renda de inclusión e incorporalas ao mercado laboral.

¿Vostede sabe o que está pasando con esas contratacións nos concellos? ¿Vostede sabe que, por exemplo, as primeiras ordes publicadas no *Diario Oficial de Galicia* –cando aínda vostede non era conselleiro– establecían a prioridade non daqueles concellos nos que houbera unha maior porcentaxe de persoas en risco de pobreza ou exclusión social, non, establecían a prioridade en función dun orzamento dispoñible, que era –creo que o inicial– de 3 millóns de euros, daqueles concellos que chegaran primeiro coa solicitude, dos que chegaran primeiro? Ou sexa, non importaba priorizar aqueles concellos onde houbera unha porcentaxe maior de persoas en risco de pobreza ou exclusión social, non, non; a prioridade era os que chegaran primeiro coa solicitude ao portelo único ou á ventanilla correspondente da Administración da Xunta de Galicia; a eses era aos que se lles daban as axudas.

Pero, lonxe diso, que xa o criticamos aquí por activa e por pasiva, porque é unha decisión absolutamente inxusta, arbitraria e destinada única e exclusivamente a favorecer os concellos que estaban mellor informados nese caso polo Partido Popular ou polas redes do Partido Popular, lonxe diso, o que está pasando este ano –en 2016–, que estamos en maio

–señor conselleiro, a mediados de maio–, é que os concellos teñen dende principios de ano unha notificación do Goberno galego dicíndolles que lles corresponden equis persoas para contratar cando menos durante sete meses, persoas que están percibindo a Risga e que van deixar de percibila para ter eses contratos, e que a día de hoxe non saben onde están esas persoas nin onde están os recursos económicos. Co cal o dos sete meses, pois se facemos as contas ata 31 de decembro do 2016, señor conselleiro, tampouco cadran aquí as contas.

Entón, a min paréceme que está moi ben que vostede, dende que chegou á consellería, trate por todos os medios de lavar a imaxe do Goberno e de facerlles esquecer aos galegos e ás galegas que vostedes reduciron en oito puntos o orzamento destinado á política social. É que non é certo que invistan máis en política social que os gobernos anteriores, senón todo o contrario. Vostede está dedicado exclusivamente desde que chegou ao Goberno a tratar de lavar esa imaxe de Goberno antisocial que ten o Goberno do señor Feijóo. E creo que nalgunhas cousas o consegue, porque hai páxinas e páxinas e páxinas nos medios de comunicación cheas de noticias súas cada semana acerca do marabilloso que é o bono Concilia, o cheque non sei que, o cheque non sei canto. Pero as estatísticas din...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: ...que hoxe temos, segundo a EPA, o INE, o peor dato de fogares sen ingresos en Galicia, o peor dato da historia, con sete anos de goberno consecutivos do Partido Popular e cunha lei que estaba destinada a loitar contra a pobreza, que leva dous anos e medio publicada, sen desenvolver, e nin unha soa vez veu o Goberno galego...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...a este Parlamento dar explicacións do porqué.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Gallego.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):
Señora presidenta.

Señorías, señora Gallego, non estou de verdade aquí para lavar a imaxe de ningún goberno, senón que estou dirixindo a nova Consellería de Política Social para impulsar un xiro social de Galicia e trasladar un incremento dos recursos públicos existentes neste momento ás persoas que máis o precisan.

Faime vostede catro preguntas na súa interpelación.

¿Que balance fai o Goberno da súa política de loita contra a pobreza? Como ben saben, a loita contra a pobreza e a exclusión constitúe un dos obxectivos principais de calquera goberno. Pero non só o compromiso, ten que ir máis alá das palabras. Eu o que lle podo dicir é que as partidas destinadas á inclusión se ven incrementadas dende o ano 2013. Hai un incremento dun 21 %, concretamente neste 2016, dos gastos destinados á inclusión social e, polo tanto, á loita contra a pobreza e ás persoas que peor o están a pasar.

E por primeira vez na historia da Autonomía existe unha dirección xeral que exclusivamente se dedica a isto, á inclusión, ao contacto e colaboración co resto de administracións e co sector social, para o cal é fundamental unha colaboración moi estreita.

Mire, a verdade é que a min non me gustan moito as taxas, non me gustan moito os números, pero existen, ¿non? E a taxa AROPE, o indicador de uso a nivel europeo, que amplía o concepto de risco, amplía o concepto de risco de pobreza e exclusión social, vén diminuíndo o seu valor por dous anos consecutivos; pasa do 23,58 %, no 12, ao 22,11 % no 14, que é o último dato que temos publicado.

Por suposto, creo que calquera goberno responsable o que non pode facer é vangloriarse deste descenso, pero o certo e verdade é que estamos nun momento no que, afortunadamente, temos indicadores que nos demostran que se está a reducir ese alarmante incremento que tivemos ao longo da crise e que xa tiñamos antes da crise sen a suficiente visualización.

O marco de referencia para o traballo de inclusión é a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada polo Consello da Xunta en decembro do 14, en sintonía coas recomendacións da Unión Europea, que ten previstas 300 medidas.

Esta non é unha estratexia que poidamos deseñar por nós mesmos. Dende a Consellería de Política Social contamos con todo o tecido social para poder elaborar os documentos e guías de actuación que sexan máis acertados, precisamente para que isto teña un impacto na sociedade. Por iso, a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 é o resultado dun proceso que, como vostede sabe, é moi participativo, e no que unha das medidas fundamentais dese proceso, desas 300 medidas, é a concesión directa da renda de inclusión social de Galicia, da Risga, e as axudas de inclusión.

De feito, hai poucas semanas aprobamos no Consello unha orde para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social, aqueles que están sobre o terreo e que moitas veces atenden situacións de emerxencia, que aumenta nun 61 %, a convocatoria que acabamos de aprobar do 16 ao 17 con respecto á que había do 15 e do 16. E todas estas medidas permiten que en 2015 moitas persoas conten con acompañamento técnico ou participen en distintas accións de inclusión.

Pregúntame tamén cal é o motivo de por que a día de hoxe aínda non se ten desenvolvido a estratexia de inclusión. Mire, creo que llo comentou precisamente o director na Comisión 5ª que se celebrou a finais do mes de abril. Existe ese compromiso, que é un compromiso dunha lei de finais do ano 13, pero nós estamos traballando en diferentes ámbitos de modificacións legais moi importantes neste momento da área social. Voume referir a dúas importantes: unha que ten que ver co concerto social e outra, tamén moi importante, que ten que ver coa repartición competencial dos asuntos sociais baseada nunha axenda social que estamos a desenvolver coas entidades do sector e dos concellos, onde se inclúen incrementos orzamentarios importantísimos, e que nos parece que iso é o absolutamente prioritario: poñer medidas enriba da mesa, porque é verdade que tamén, ademais deses, hai outros textos normativos nos que estamos traballando que teñen tamén un impacto moi importante na área de inclusión. Ben o saben os concellos, cos que estamos

traballando precisamente para impulsalos e que, de verdade, téñolle que dicir, teñen preferencia sobre este outro texto, sendo tamén o texto por suposto este moi importante. Estoume referindo á carteira de inclusión, da que esperamos a súa aprobación definitiva nas próximas semanas, que ten medidas concretas, medidas concretas sostidas por ordes concretas que sairán tamén nas próximas semanas.

E tamén outra medida que levamos ao Consello moi recentemente, a historia social única, un traballo de anos que vai permitir desburocratizar moitísimo o traballo da Risga, o traballo de prestacións sociais.

Eses son os motivos polos que existe un atraso na aprobación deste decreto, pero –xa lle digo– forma parte da axenda do Goberno, e, polo tanto, temos a previsión de que este ano quede complementado. Pero –xa lle digo– nós desenvolvemos xa dende a creación da Consellería un acordo no marco de escolas infantís; un acordo no marco de centros de día dos concellos; estamos ultimando unha nova axenda social dos concellos, que pasa de 128 millóns de euros a 160 millóns de euros, o primeiro incremento en materia de persoal, que permitirá fortalecer considerablemente a atención primaria que se recibe nos concellos; temos a carteira de inclusión e temos a implantación da historia social única.

Polo tanto –xa lle digo–, está dentro das nosas prioridades, pero de verdade que os textos teñen unha tramitación que vostede, que formou parte tamén dun goberno, coñece perfectamente.

Tamén me pregunta pola Risga. Pois mire, o que lle podo dicir con respecto á Risga é que non temos constancia da existencia de lista de agarda en materia de renda de integración social de Galicia, que estamos a cumprir os prazos que están establecidos, prazos que, como vostede coñece, os deputados e deputadas coñecen, son dous meses.

Tamén é verdade o seguinte. Temos que ser capaces de fortalecer os servizos sociais municipais, porque non se trata de que botemos a culpa uns a outros. É dicir, logo, como non recibimos a documentación do concello equis, pois non podemos dar a Risga; non. Por iso imos aumentar, por primeira vez en moitos anos, o plan concertado. E por iso vai haber máis de cen contratacións en concellos financiados pola Xunta para fortalecer os servizos sociais. E por iso esta-

mos impulsando a historia social única, que permitirá que non sexa necesaria semellante cantidade de papeleo para solicitar unha renda destas características.

Mire, poderalle parecer moito ou poderalle parecer pouco, pero pasouse dende 2009, en que tiñamos 23,7 millóns de euros para a Risga, 23,7, a 52,7 no presente exercicio. Polo tanto, duplicouse o que destinamos á Risga. Se me di: ¿é suficiente para atender todas e cada unha das necesidades? Aínda temos que seguir avanzando, pero o que lle podo dicir é que este goberno nos últimos anos duplicou e que neste momento o que non temos é lista de espera.

Eu o que desexo de verdade é que, coa aprobación definitiva da carteira, todas as administracións nos poñamos como obxectivo que esas rendas para evitar a pobreza e a exclusión sexan un tema de todos, non só un tema da Xunta de Galicia.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vaia rematando, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): E a cuarta pregunta –moi brevemente–, ¿como está a funcionar a orde de axudas de concellos para a Risga? Pois mire, trátase dun tema que non leva a Consellería de Política Social, senón que leva a Consellería de Economía. Pódolle dicir que está en tramitación, moi cercana á súa finalización esa concesión, e que, polo tanto, o que esperamos é que iso axude a moita xente que neste momento está percibindo unha Risga a ter unha formulación diferente, a ter un contrato de traballo coa Administración pública durante uns meses que poida facilitar a súa posterior inserción.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Señora Gallego, ten vostede a palabra.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo.

Bueno, señor conselleiro, polo menos vostede reconece, efectivamente, dous anos de atraso no desenvolvemento da lei que debía ser a principal ferramenta para loitar contra a pobreza e a exclusión social.

Logo dixo algunhas cousas aquí que eu quero matizar.

Fálame do incremento orzamentario. Claro que hai incremento orzamentario, é que houbo incremento de pobreza e, polo tanto, evidentemente cada ano tiveron que estar –vostede non estaba daquela no Goberno, pero poderanllo contar os seus compañeiros– facendo incorporacións de crédito e mesmo transvase doutras partidas da propia Consellería de Política Social á partida de renda de inclusión social, porque eran inabarcables as solicitudes que chegaban. Chegou a haber atrasos de oito meses, conselleiro. E grazas á pelexa que fixemos tanto as entidades do terceiro sector como os grupos da oposición neste Parlamento, que conseguimos por fin que houbera un acordo unánime aquí, no verán pasado, para eliminar as listas de espera, na Consellería contrataron persoal de reforzo polas tardes para evitar precisamente esas longuísimas listas de espera. Estamos falando de persoas que estaban esperando oito meses por percibir unha renda, que non tiñan ningún tipo de ingresos e que tiñan que estar tirando das axudas de emerxencia social dos concellos, porque, evidentemente, se non, non terían que levar á boca.

Vostede fálame de que estamos mellor agora porque a taxa de AROPE... Mire, eu deille o dato do INE –é brutal–: 38.300 fogares galegos nos que xa non entra ningún ingreso, o peor dato desde que hai serie estatística. Analicen vostedes que está pasando.

¿Vostedes non pararon a pensar como se está comportando a nova pobreza? ¿Vostedes non son capaces de relacionar as políticas que fan co incremento da pobreza? ¿Vostede non pode concluír que cando se reducen as prestacións por desemprego en contía e en tempo, cando desde o Goberno central se reduce todo o que ten que ver coas prestacións por desemprego e co plan Prepara, isto directamente vai repercutir en que as persoas que teñen un paro de longa duración queden sen prestación e, polo tanto, sen ningún tipo de ingreso? ¿Vostedes non pararon nunca a pensar que cando se suprimen dereitos relacionados coa saúde ou coa educación, co acceso á educación, coas becas, co copago de medicinas,

o que se está incrementando é o risco de pobreza ou exclusión social da cidadanía?

Porque en Galicia temos un país en que todos sabemos o que pasa coa demografía, co envellecemento poboacional, coas pensións máis baixas do Estado, con réximes especiais con moitos cotizantes –como pode ser o réxime especial do mar ou o agrario– que teñen pensións moi baixas. E todo iso repercute, esas decisións políticas que se adoptan repercuten en que hoxe teñamos máis persoas que non teñen ingresos.

Non serve de nada crear unha Consellería de Política Social, crear unha Dirección Xeral de Inclusión Social, se ao mesmo tempo, coa outra man, o mesmo goberno o que está facendo é quitándolle 8 puntos ao gasto social da Comunidade Autónoma, conselleiro. Pode servir para facer titulares nos medios de comunicación, pero para, de verdade, en serio, a fondo e con rigor, loitar contra a pobreza, non. Serán parches as súas políticas, señor conselleiro, non serán máis que parches, porque, en realidade, quen contribuíu máis a que se incrementara o risco de pobreza e exclusión social foron as medidas que fixo o Goberno; esas foron as medidas que máis contribuíron a que se incrementara a pobreza.

Mire, fálame vostede da estratexia de inclusión. Pásalle exactamente o mesmo que á lei: inaplicada. Probablemente a súa predecesora a fixo porque había un momento no que había que xustificar unha serie de planificación estratéxica cara a conseguir os fondos europeos do novo marco comunitario de apoio e había que facer tamén unha estratexia para a inclusión.

E fálame vostede do concerto social. ¡Home, conselleiro! O concerto social trouxémolo o Grupo Socialista a este Parlamento. O Grupo Popular non quixo apoiarnos naquela proposición de lei sinxelamente porque era unha iniciativa do Grupo Socialista e agora de volta volveu vir de man do Grupo Popular o que viñera antes de man do Grupo Socialista. Polo menos, efectivamente, conseguimos que se falara disto.

E dime vostede que agora están traballando na repartición competencial cos concellos dos servizos sociais e que a preferencia diante da lei é a carteira e a historia social única. Bueno, alégrome de que alguén estea traballando no lío que montaron vostedes coa reforma da Administración local –o señor Rajoy, o señor Rajoy–...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...eliminando as competencias aos concellos de menos de 20.000 habitantes en materia de servizos sociais.

Pero mire –insisto–, o principal e o que máis nos preocupa é como explica o Goberno galego que haxa hoxe no noso país 38.300 fogares nos que non entra ningún ingreso e tan só 10.000 persoas percibindo a renda de inclusión, por que toda esa poboación obxectivo non é capaz de chegar a percibir esa renda, que sería o xusto, porque o dereito subxectivo o teñen.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Gallego.

Turno de peche para o señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

A verdade é que hai unha parte que non entendo demasiado ben, ¿non? É que di vostede que o orzamento social de Galicia diminúe un 8 %. A verdade é que hai un motivo polo que está ben ter unha consellería na que estean concentradas as políticas sociais: é que polo menos non temos que estar collendo partidas dun lado, partidas doutro, para xustificar o que un goberno destina a política social.

Eu o que lle podó dicir é que este goberno aumentou o orzamento deste ano nun 4 %. Por primeira vez en varios anos o orzamento da Consellería que se encarga das políticas sociais directas increméntase un 12 %. Polo tanto, non me cadran os números, terei que repasar economía política e facenda pública. Pero de verdade que o que lle podó dicir é que sobe un 12 % o orzamento das políticas sociais da Xunta de Galicia e que nunca, nunca, subira o orzamento destinado a inclusión social, é dicir, á loita contra a pobreza, en máis dun 20 %, ata acadar 97 millóns de euros. *(Aplausos.)* É outro dato que lle podó dar.

E o da Risga, claro, quedará moita xente, pero é que no ano 9 se destinaban 23 millóns de euros, con 12.000 millóns de euros do orzamento da Xunta de Galicia, e agora, con 8.000, destínanse 52 millóns de euros; é dicir, duplícase o destinado a esa renda.

E, efectivamente, non lle vou quitar mérito a ningún. Dende logo insistiron moito –eu non estaba practicamente nesta Cámara–, pero creo que foi un tema común das plataformas contra a pobreza, dos grupos políticos, pero tamén do Goberno. E hoxe creo que o que temos é que estar satisfeitos de que esas listas de espera xa non existan, e que podemos seguir avanzando e que imos seguir avanzando de acordo cunha estratexia de inclusión, con medidas, señora Gallego, concretas.

Acábolle de relatar a orde de entidades de iniciativa social, e que aumenta un 61 %, e as entidades coñecena. Polo tanto, o que imos facer é ese incremento orzamentario devolveo a aquelas entidades que están máis cerca das persoas que están en situación de exclusión social ou en risco de exclusión social. E os concellos verán duplicada a orde de inclusión social con respecto á que había no ano anterior.

É que, ademais, cos concellos e coas entidades temos pechada unha axenda social que inclúe toda unha serie de medidas nas que se implica a Xunta de Galicia e nas que se implican outras administracións, medidas que teñen que ver coa pobreza enerxética, medidas que teñen que ver cos desafiuzamentos, medidas que teñen que ver con axudas directas de inclusión, medidas que teñen que ver con aumentar o persoal que traballa en inclusión social nos concellos, medidas que teñen que ver coa loita contra a pobreza infantil. Acabo de asinar sete convenios con seis alcaldes e unha alcaldesa das sete cidades de Galicia precisamente para a loita contra a pobreza infantil.

Estamos traballando nunha orde que evite a dificultade de acceder a medicamentos por parte das persoas que máis o precisan.

Polo tanto, o que lle intento transmitir é que non só temos a Risga ao día, senón que temos todo un paquete de medidas que contribúen a loitar contra a pobreza e a loitar contra a desigualdade económica, e que niso imos seguir traballando con toda a intensidade, porque a nosa responsabili-

dade dende logo é que en Galicia eses datos que, dependendo que estatística miremos, nos dan dunha maneira ou nos dan doutra, pero o certo é que hai persoas que o están pasando moi mal, e o que temos que facer os responsables públicos é traballar con intensidade para que cada vez esas persoas sexan menos.

E tamén lle vou dicir outra cousa: é verdade, é verdade que coa crise aumentou moito o número de persoas en situación de pobreza e de exclusión social, pero aumentou moito máis a súa visibilización, e aumentou moito máis a demagogia existente en materia de desigualdade e de loita contra a pobreza. Iso creo que tamén é algo que nos debe de levar a ser capaces de poñernos de acordo no imprescindible. Estámolo facendo, de verdade, con toda a rede de entidades que traballan para a erradicación da pobreza, estámolo facendo cos concellos e agardo que poidamos moi pronto dar boas novas neste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto 7, preguntas ao Goberno, coa primeira, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o persoal que vai atender as persoas do colectivo LGTBI nos centros de información ás mulleres.

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o persoal que vai atender as persoas do colectivo LGTBI nos centros de información ás mulleres

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Boa tarde.

Señor vicepresidente.

Mire, ¿sabe canto custa facer unha lei, en concreto pois esta lei da que teño aquí unha copia, a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bixesuais e intersexuais de Galiza? Pois o traballo que levou ás persoas que trouxeron aquí este texto por

parte do Partido Socialista, os deputados e deputadas desta Cámara que traballamos nesta lei, pero que evidentemente nos vai na nosa responsabilidade. Podíamos dicir que ese custo pois case é un custo cero.

Como non tiña memoria orzamentaria, non sabemos canto custa desenvolver unha lei, pero iso é o realmente importante, non soamente o que poñamos no papel, que efectivamente é moi importante e un paso a adiante aínda coas limitacións que tiña esta lei, pero o importante é desenvolverla, levala á práctica, e van dous anos.

Entón, atopamos que hai un decreto de modificación dos centros de información ás mulleres onde aparece recollido que desenvolverá o artigo 8 desta lei, o artigo 8 desta lei que di exactamente que se dará información e apoio ás persoas LGTBI.

E a nosa pregunta é moi sinxela, e como lla fixemos á secretaria xeral de Igualdade e non nos contestou, agardamos que hoxe vostede si que nos conteste. ¿Que persoal e con que orzamento se vai incluír nos centros de información ás mulleres unha atención especializada para o desenvolvemento desta lei, que vai dende dar información a esas persoas ata apoialas, por exemplo, se se ven diante dunha agresión homófoba ou calquera outra circunstancia que teña que ver co desenvolvemento desta lei ou a realización de actividades para o desenvolvemento desta lei?

Como comprenderá, é duplicarlle ou triplicarlle o traballo ao persoal que traballa nos centros de información ás mulleres, que ata o de agora desenvolvía fundamentalmente accións dirixidas pois á igualdade, á inserción laboral das mulleres e fundamentalmente á prevención e acompañamento en casos de violencia de xénero e agora atópanse con esta realidade, que ten que influír no seu traballo cotián, sen aumento de persoal, sen aumento de orzamentos, a atención e desenvolvemento dunha nova lei. Como comprenderá, é unha cuestión importante. Deixarei despois o tema de por que os centros de información ás mulleres, que tamén é un tema que debemos debater polo miúdo.

Pero diante dun novo decreto que está en fase de borrador, queremos saber como contempla o Goberno galego dar atención ás persoas LGTBI nos centros de información ás mulleres sen dotalos de máis persoal, de máis orzamento,

ademais das actividades propias. Por iso, señor vicepresidente, a pregunta é moi clara: ¿que persoal vai atender as persoas LGTBI segundo o novo decreto de centros de información ás mulleres que está en fase de borrador?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Para responder ten a palabra o vicepresidente da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Adán, a pregunta é moi clara e agradézollo, porque eu teño costume –creo que é o que hai que facer– de ler ben a exposición de motivos da pregunta para saber o que está preguntando. E teño que dicir que a exposición de motivos non ten nada que ver co que despois pregunta. Agradézolle que a pregunta sexa clara.

E para dicirlle que eu non sei o que custa facer unha lei, supoño que moito, e estou seguro de que isto foi efectivamente unha iniciativa do Grupo Socialista e se fai coa mellor vontade. Supoño que custará moito, porque no tempo en que vostede foi responsable de todos estes temas no Goberno bipartito nin unha soa lei, por suposto, pero ningún regulamento, ningún protocolo, ningunha campaña referida a este colectivo LGTBI, co cal supoño que será moi difícil facer a lei e tamén será moi difícil atendelos; se non, tería feito algo en catro anos, e teño que dicirlle que non fixo absolutamente nada. Non, dígoo porque parece que hai que chegar e facelo todo de golpe. E neste caso, si, hai que facer moitas cousas e hai que facelas rápidas, pero está claro que isto non era unha das súas prioridades cando tiña máis recursos e agora ten que ser e vai ser unha prioridade deste goberno, señora Adán.

Estamos de acordo, polo menos, en que este colectivo debe ser atendido. Moi ben. Pois, entón, se estamos de acordo, atendámolo, agora. Antes non se atendía e agora aténdese desenvolvendo esta lei, e esta lei precisamente –vostede referíase ao artigo 8– que di: “Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gays, transexuais,

bisexuais, intersexuais e as súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais”. É dicir, isto é cousa de todos, non é cousa dunha soa administración, é cousa de toda a sociedade, pero dende logo na responsabilidade que temos a Administración será obriga de todas as administracións.

O certo e verdade é que nin un só goberno, e polo tanto ningún dos gobernos municipais que dirixe o BNG, tampouco do Partido Popular nin do Partido Socialista –pero vostede é do BNG e me está facendo a pregunta–, nin un só goberno dirixido polo BNG puxo en marcha absolutamente ningún servizo co que podería ter colaborado a Xunta de Galicia para atender este colectivo. Polo tanto, tivo que ser a Xunta de Galicia a que se fixera cargo. É unha obriga que está na lei, pero vólvollo dicir: non é unha obriga só da Xunta de Galicia, é unha obriga de todas as administracións, e ningún goberno municipal pola súa conta, ningún non, é certo que o Concello da Coruña antes de que entrara en vigor a lei tiña un servizo que funcionaba dúas horas e media á semana, polo tanto totalmente insuficiente.

A Xunta de Galicia impulsou a atención a este colectivo, e había varias opcións, había varias posibilidades, e estimamos que a máis axeitada para asegurar a atención a todas as persoas incluídas neste colectivo era facelo a través dos CIM, que xa estaban establecidos, que atenden 167 concellos e que chegan a moitos concellos onde sería imposible se non darlles atención ás persoas deste colectivo.

Coñece vostede, como coñezo eu, o informe da Valedora do Pobo, que di que precisamente nas zonas rurais é onde se produce unha meirande discriminación, polo contexto que alí se dá, e polo tanto nas zonas rurais é onde tamén actúan os CIM, e atopamos axeitado facelo a través desta rede. E o que non se pode é non facer nada, o que non se pode é dicir que hai que facelo a través doutros mecanismos e desbotar un que temos establecido, e loxicamente o que teremos que facer é darlle formación ao persoal dos CIM, darlle a preparación axeitada e asegurarnos de que o servizo se presta en colaboración cos concellos. Recórdolle que os CIM son un servizo municipal co que colabora a Xunta e non ao revés, en colaboración cos concellos atender este colectivo, que ata o de agora, e dende logo durante os anos do Bipartito, non tivo ningunha atención dende ningunha administración, e dende logo non dende a Xunta de Galicia, a pesar de que vostede é a responsable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor vicepresidente.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Mire, hai uns días celebrábase a conmemoración do nacemento de Sigmund Freud, eu estou absolutamente convencida de que se nacera agora e desenvolvera os seus traballos dedicaría unha parte especial da psicanálise a analizar o Partido Popular de Galicia e o problema que ten co Bipartito. Non, non, daría para unha teoría, pero non sei se na fase lacaniana do espello e do neno. Non sei cal delas, porque hai moito tempo que, realmente, non leo psicanálise, pero teñen vostedes un problema de diván, e teñen que sentarse e relaxarse, porque quero recordarlles que se abriron 18 oficinas de igualdade, que a atención ás persoas LGTBI se facían nos centros Quérote. ¿E que fixeron vostedes nada máis chegar? Pechar as oficinas de igualdade (*Aplausos.*), pechalas inmediatamente.

Non se pechou un só CIM, nin un só CIM, señor vicepresidente, mentres estivo o Bipartito, non se pechou un só CIM e abríronse as oficinas de igualdade, vale que nós aquí teríamos outro modelo, que non era o seu modelo, pero non houbo nin un euro menos e abríronse as oficinas.

Que se atendeu pouco o colectivo, efectivamente, e pido desculpas se fai falta, pido desculpas, pero aquí non lle estamos preguntando sobre o Bipartito e se se atendían ou non as persoas LGBTI, senón como se van atender agora. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, claro, é que ese é o problema. ¿Con que persoal?, ¿co persoal dos CIM? Eu si que lle digo unha cousa, é verdade que eu asumo que teño un problema cos nomes, pero atendelo nos centros de información ás mulleres é absolutamente delirante. Eu propóñolle que fale co conselleiro de Industria, que ten nomes para todo.

Entón, por exemplo, Igualdade 5.0, (*Risos.*) a min oco-réseme como centros de igualdade. Non, non, non o digo de

broma, dígoo en serio. Borren o de centros de información ás mulleres, é doutra época, é dos anos oitenta, dos noventa, e todo se move.

Eu formuleille unha pregunta con educación e vostede volveu ao pasado.

Mirando para o futuro, soamente lle pregunto, ¿con que persoal se van atender as persoas LGTBI nos centros?, que eu agardo que recolla esta proposta, que cambien de nome, que se chamen como queiran, centros de igualdade sería un inicio, ou como vostedes queiran, pero que deixen de chamalos Centro de Información ás Mulleres se van atender tamén as persoas LGTBI. É que non ten ningún sentido, é unha contradición.

Por favor, se imos falar do Bipartito, falemos en serio, e das cuestións que se fixeron. Agora non lle estou preguntando, nin tan sequera unha crítica, senón que era unha cuestión ben concreta: ante a preocupación deste colectivo...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...señor vicepresidente, ¿como se vai dar esa atención se non se aumenta o persoal nin os orzamentos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Para a réplica ten a palabra o señor vicepresidente da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora Adán.

Efectivamente, vostede fixo unha pregunta con educación, e agradézollo, porque iso ás veces non pasa, pero non por vostede, ¡eh!, que sempre as fai con educación, e eu voulla responder tamén con educación, como é a miña obriga-ción, e sen enfadarme, como se enfada vostede por recordarlle algo que –perdoe, pero téño-lo que dicir– é que non me parece normal que me diga que estamos deixando pasar

tempo sen atender este colectivo e que eu lle teña que recordar que vostede tivo catro anos –é así, señora Adán– con moitos máis recursos e non os atendeu, porque o que me está dicindo é que os atendía a través dos centros *(A señora Adán pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Adán, por favor, o seu turno rematou.

Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Se a resposta que me dá é que as atendía a través dos centros Quérote, pois...

(A señora Paz pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Paz, por favor, silencio.

(A señora Paz pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Paz, silencio. *(Murmurios.)*

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Adán, se me deixan seguir, respóndolle á pregunta.

Se cre que é estratexia, dígollo para facelo de cara ao futuro, é que están atendidos a través dos centros Quérote. Os centros Quérote estaban nos sitios onde estaban, estaban nas cidades e nalgún sitio máis –é o problema que lle dixen, e precisamente o di o informe do Valedor do Pobo, e xa non fai falta que o diga ninguén, está claro–, e a atención a través dos centros Quérote o que facía é deixar sen asistencia a todas as persoas LGTBI que estaban nos sitios onde non había centros Quérote, que son a inmensa maioría.

Nós o que facemos, precisamente, se o que vale é unha rede que está establecida –e a vostede valíalle, a rede dos

centros Quérote, o que pasa é que era moito menor e non chegaba nin sequera a unha cuarta parte do territorio–, é aproveitar a rede que está establecida, especializala, darlle formación.

Non me diga que hai menos recursos, porque os CIM teñen 1 millón de euros máis e, polo tanto, insisto que é algo que hai que facer en colaboración coas administracións. Non son un recurso da comunidade autónoma, son un recurso municipal que a Xunta complementa; polo tanto, isto haberá que facelo entre todos. O que pasa é que respecto á atención ao colectivo LGTBI, os concellos decidiron –polo que fose, ou porque aínda non o facían e había que facelo– que, efectivamente, había que desenvolver o artigo 8 da lei do ano 2014, e iso é o que estamos facendo.

Sabe vostede que só 19 centros dos case 70 que existen se manifestaron en contra de non atender este colectivo, ou dicindo que había que dar máis recursos, que se non non o podían facer. É dicir, nin unha cuarta parte, señora Adán, e supoño que os profesionais que traballan no resto –que é o 75 % que están de acordo, porque ven que é efectivo darlle atención ao colectivo LGTBI a través dos CIM–, supoño que serán tan respectables como esa cuarta parte que demanda máis recursos.

Seguiremos aumentando os recursos dos CIM, seguiremos especializando o persoal para atender o colectivo LGTBI, xa o fixemos en materia de sanidade, en materia de educación estamos asinando convenios coas asociacións; polo tanto, non creo que haxa dúbida da nosa vontade e da nosa disposición.

Gustárame, tamén, que nos acompañaran os concellos. Xa que vostede pode falar máis directamente, ao mellor fanlle máis caso que a nós nos concellos que dirixe o BNG, a ver se polo menos empezan dando exemplo por aí e se implican máis coa Xunta de Galicia na atención a un colectivo que o necesita, sen ningunha dúbida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor vicepresidente.

Silencio, por favor.

Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da recente viaxe do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Arxentina e Uruguai

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, polo Grupo Popular ten a palabra o señor Moreira Ferro.

Silencio, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señor vicepresidente.

Entre os días 21 e 26 de abril é sabido que o presidente da Xunta de Galicia realizou unha visita institucional a Arxentina e Uruguai, onde mantivo diversas xuntanzas cos emigrantes galegos residentes neses países, e na que se inclúe tamén unha recepción oficial por parte do presidente da República de Arxentina e do presidente da República Oriental do Uruguai, entre outras personalidades.

Hai que dicir, tamén, que grazas á Lei de transparencia e bo goberno todas as viaxes institucionais agora son publicadas na axenda institucional do Goberno de Galicia, e tamén semestralmente se dá conta ao Parlamento de Galicia, co cal, máxima transparencia imposible.

Pero, en todo caso, queremos remarcar que esta viaxe estivo tamén marcada polos contidos económicos e polos contidos culturais. Económicos, dadas as reunións mantidas cos empresarios galegos e arxentinos, e tamén na Cámara Oficial Española de Comercio en Uruguai. E tamén polo seu contido cultural, coa presenza do presidente da Xunta na cuadraxésima segunda Feira Internacional do Libro de Bos Aires, á que asistiu tamén –hai que dicilo– o alcalde de Santiago de Compostela, que foi a cidade invitada de honor, e tamén 27 escritores galegos que representan a vangarda da literatura e da poesía en galego, xunto con outras personalidades como o conselleiro de Cultura e Educación, o presidente do Consello da Cultura Galega e o presidente da Real Academia Galega.

Podiamos dicir que se tratou, por tanto, dunha auténtica misión cultural galega.

Pero, en todo caso, o que queremos é coñecer que valoración fai o Goberno desta recente viaxe do presidente da Xunta de Galicia á Arxentina e Uruguai.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois, señor Moreira, efectivamente foi unha viaxe recente do presidente da Xunta de Galicia a dous países cunha importantísima presenza da colectividade galega e con importantísimos vínculos coa nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, tivo unha dobre vertente, a institucional e a máis política, e outra tamén, cando menos igual de importante que a relación política, que é o contacto coa colectividade.

Referíndome á parte institucional, empezando pola primeira parte da viaxe á Arxentina, verá vostede que un dos motivos foi a celebración da Feira do Libro en Bos Aires, unha das máis importantes do mundo, este ano dedicada a Santiago.

Dende hai catro anos dedícase ás cidades máis importantes do mundo. Cidades como Amsterdam, como Sao Paulo, como México, e este ano tocáballe a Santiago, e polo tanto merecía unha resposta axeitada e unha correspondencia coa presenza institucional ao máis alto nivel por parte de Galicia. Así estivo o presidente da Xunta de Galicia, estivo tamén o alcalde de Santiago, estiveron 27 autores e autoras literarios galegos nesa feira, que tivo moitísima presenza de público, cerca dun millón de visitantes, 150 actividades no estand que montou a Consellería de Cultura –e de todo isto deu conta o conselleiro de Cultura nesta Cámara– e moitos visitantes tamén. Polo

tanto, moita presenza, e pensamos que ao nivel do que supoñía que se lle dedicara esta feira do libro este ano a Santiago de Compostela.

Despois, na outra parte institucional, sabe vostede que se reuniu coas máis altas institucións, co presidente da Xunta da nación Arxentina, empezando polo propio presidente Mauricio Macri, recién elixido, que ten claro que ten que abrir Arxentina, neste novo ciclo económico a Europa, moito máis do que estaba ata o de agora, e a canle normal de entradas –se o considera, e creo que para nós é unha vantaxe que nunca debemos esquecer– de Arxentina en Europa debe de ser a través de España, e especialmente a través de Galicia, polos vínculos e pola presenza que seguen tendo os galegos en Arxentina.

Polo tanto, esta canle quedou aberta co novo presidente de Arxentina –cremos que ten moitísimas posibilidades–, e ao mesmo tempo o presidente da Xunta aproveitou para reunirse co vicexefe do Goberno –non estaba o titular nese momento– da cidade autónoma de Bos Aires e coa Defensoría del Pueblo de Bos Aires.

En definitiva, as institucións máis importantes, as que poden darlle unha maior relevancia institucional a esta viaxe, e polo tanto máis oportunidades, dende certo punto de vista, para a nosa comunidade autónoma.

E por último, o presidente da Xunta estivo nun evento –no que eu tiven oportunidade de estar xa en anteriores ocasións–, no “Bos Aires Celebra Galicia”, no que se dan cita miles e miles de galegos, chegados de toda a nación arxentina e mesmo dos países veciños, onde se fai un recordatorio ás nosas raíces, á nosa identidade, á nosa cultura, que lle dedica tamén a cidade de Bos Aires a Galicia, e que supón alí, no centro desta cidade, e no centro de Suamérica, un recordatorio cada ano de que seguimos alí, de que seguimos tendo moita presenza e que os nosos valores merecen tamén ser conservados non só aquí, senón tamén ao outro lado do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor vicepresidente.

Saudamos, por tanto, o éxito desta viaxe, non só no eido institucional, senón tamén para os intereses económicos e culturais de Galicia, e especialmente por facilitar e manter o contacto coa colectividade galega, tanto en Arxentina como en Uruguai, e por manter vivo ese profundo vencello que hai cos galegos residentes nestes países.

Boa nova é tamén que esta viaxe, como di vostede, servira como plataforma de promoción exterior de 27 autores e autoras contemporáneos da nosa terra, e representantes tamén de editoriais e de distintas institucións.

Tamén temos que darlle a noraboa e felicitación, señor vicepresidente, por ese premio outorgado ao stand de Galicia na Feira do Libro de Bos Aires. Está claro que a marca Galicia segue sendo signo e símbolo da excelencia no mundo enteiro. Parabéns, polo tanto.

A visita ao presidente da república Arxentina cremos, dende o Grupo Parlamentario Popular, que abre, sen dúbida, novas posibilidades para as empresas galegas en Arxentina. Cremos que ese é o camiño, e agardamos que co tempo estas posibilidades vaian cristalizando en favor de oportunidades empresariais, porque iso será bo para toda Galicia.

Estamos seguros de que a participación do presidente da Xunta, xunto coa comunidade galega en Bos Aires na multitudinaria celebración cultural “Bos Aires Celebra Galicia”, estamos seguros de que a cidade de Bos Aires con todo isto reconfortou profundamente aos galegos residentes nesa marabillosa cidade.

Xa para finalizar, señor vicepresidente, interézanos coñecer tamén a valoración da viaxe e dos obxectivos da visita institucional a Uruguai, un país tamén con fortes vencellos con Galicia, non sen antes felicitar o seu Goberno pola transparencia, e por explicar aquí no Parlamento de Galicia todos os detalles destas viaxes e do seu interese estratéxico para Galicia.

Sen dúbida, as xestións e os contactos feitos polo noso presidente nos últimos anos deron moitos froitos, como por exemplo no caso dos contratos navais en México coa empresa Pemex, que logo cristalizaron en contratos.

Tamén estamos convencidos que neste caso esta viaxe a Uruguai e a Arxentina traerá tamén boas novas para o futuro de Galicia, para o tecido económico galego e para o benestar, polo tanto, dos galegos.

Galicia ten un gran presidente, ten un gran goberno que traballa e se preocupa por todos os galegos, os que viven en Galicia e fóra de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois agardamos que sexa así, señor Moreira.

A segunda parte da viaxe desenvolveuse en Uruguai, onde ademais exerce de embaixador, dende hai case catro anos, un perfecto coñecedor da realidade de Galicia, anterior responsable da Consellería de Cultura nesta comunidade autónoma, e polo tanto facilita moito o contacto non só cos uruguaios, senón coa importantísima colectividade que está en Uruguai.

O presidente chegou alí e tivo unha primeira xuntanza coa mocidade galega en Uruguai. Hai que recordar que neste país xa o 70 % dos galegos e galegas son nados en Uruguai, e polo tanto importa moitísimo ter ese contacto coa xente máis nova, non esquecer a xente que leva moito tempo alí, pero xa a xente que naceu en Uruguai pero que se segue sentindo tamén galega, e polo tanto eses vínculos hai que reforzalos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por iso esa foi a primeira... *(Interrupcións.)*

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Fajardo.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Fajardo, agora non o vou botar, pois ten que aguantar un pouquiño. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pero silencio, por favor. *(Murmurios.)*

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Lamento que manter estes vínculos non lle pareza ben ao señor Fajardo, el saberá por que. *(Murmurios.)*

Despois tivo o presidente da Xunta unha reunión coa Federación de Institucións Españolas en Uruguai, tamén son moi importantes –a maioría galegas– e exercen unha grande influencia alí. Polo tanto, ese contacto era obrigado.

Reuniuse tamén o presidente da Xunta de Galicia coa Cámara Española de Comercio en Uruguai para manifestar a disposición de Galicia a seguir tendo intercambios económicos, a facer tamén de canle de entrada ás empresas uruguaias e de toda esa zona de América en Europa e en España a través de Galicia, e, polo tanto, seguir dicindo que somos unha terra de oportunidades para todos aqueles que manteñen especiais vínculos con nós.

E na parte institucional –tamén relacionada coa parte económica– reuniuse, igual que fixera en Arxentina, co máximo mandatario de Uruguai, co presidente Tabaré, recentemente elixido, onde tamén incidimos na necesidade de manter eses vínculos privilexiados que temos coa nación urugaia. Ademais, tamén no desenvolvemento especial que está facendo Uruguai en materia de cortar a dependencia enerxética excesiva do petróleo que teñen, aposta moito pola enerxía eólica mariña, agora mesmo estanse construíndo moitísimas... *(Murmurios.)* Somos punteiros en enerxía eólica mariña –tampouco lle gusta ao señor Fajardo isto–... Eu laméntoo pero son oportunidades que temos que aproveitar. *(Murmurios.)* E, polo tanto, puxemos á disposición de Uruguai esas capacidades. *(Murmurios.)*

Agora mesmo a nación urugaia está proxectando un plan de investimentos de 12.500 millóns de dólares e hai que aproveitar esa oportunidade. É dicir, moitas empresas galegas poden ser executoras deses proxectos de infraestruturas, polo tanto, esa viaxe tamén serviu para poñer de manifesto e para abrírlles portas ás empresas galegas.

En definitiva, creo que estas viaxes, á parte de reforzar o vínculo coa colectividade galega, que alí segue sendo moi importante, segue tendo moita influencia, serven para ofrecernos como porta de entrada a todas as oportunidades que están buscando tanto Arxentina como Uruguai e todos os países que teñen especial vinculación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...coa hispanidade e con Galicia. E, polo tanto, é certo que estes resultados se ven un pouco non tanto a curto prazo como máis a medio, pero estou seguro de que hai que sementar para recoller oportunidades.

E os empresarios galegos e Galicia en xeral...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...agradecen que se manteñan estes vínculos, que se fomenten e que aproveitemos as oportunidades que outros non poden ter.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García e D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da inclusión da situación periférica, a dispersión e o avellentamento poboacional de Galicia como criterios para a repartición de fondos en concepto de participación dos concellos nos ingresos do Estado

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María Consuelo Martínez García e dona Mónica Fernández Rodríguez.

Ten a palabra dona Consuelo Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

A principal vía de financiamento dos concellos é a achega que reciben pola participación nos ingresos do Estado, pero os municipios galegos resultan penalizados por un sistema de financiamento que obvia factores como a dispersión e o envellecemento poboacional, que inciden no encarecemento da prestación dos servizos. Das entregas á conta de Facenda pola participación nos ingresos do Estado as sete cidades galegas recibirán xuntas en 2016 un anticipo menor que Zaragoza, Sevilla ou Valencia por separado. En cifras absolutas, as entregas á conta de Facenda aos municipios galegos suman 571,25 millóns, cun recorte de 11,6 millóns sobre o anticipo do ano pasado.

Os criterios de repartición favorecen os municipios de máis de 500.000 habitantes. As sete cidades galegas suman xuntas 989.926 habitantes e ingresarán 248,4 millóns. Zaragoza, con 325.000 habitantes menos que as sete cidades galegas xuntas, percibirá 259,1 millóns, máis de 10 millóns máis; Sevilla ingresará este ano unha entrega de 299,56 millóns, 51 máis que Galiza, aínda que ten 300.000 habitantes menos; Valencia recibirá 333,85, uns 85 millóns máis que Galiza, mentres que ten 221 habitantes menos que as sete cidades galegas. As diferenzas multiplícanse a favor das cidades que superan o millón de habitantes; é dicir, é un sistema que favorece a aquelas cidades máis desenvolvidas.

O agravio é máis claro se se atende ao importe medio por habitante. Así, Zaragoza recibirá por cada habitante 389 euros; Málaga, 404; Sevilla, 431; Valencia, 434; Madrid, 489, ou Barcelona, que chega aos 664 euros por habitante. Mentres que as cidades galegas, que son as que máis perciben, A Coruña percibirá 270; Ourense, 263; Vigo, 254; Santiago, 248; Ferrol, 227; Lugo, 228, e Pontevedra, 218 euros por habitante. É dicir, que canto peor é a situación económica da cidade galega, menos cartos recibe.

No plano xeral, Galiza, co 6,2 % da poboación, ingresa un equivalente ao 5 % na repartición dos ingresos. Deste xeito, penalízase a crise demográfica, a dispersión poboacional, o envellecemento e a situación periférica de Galiza en favor das grandes urbes. Pero o agravio tamén ten lugar dentro de Galiza, xa que os concellos menos poboados reciben menos por habitante que as grandes cidades.

Por iso preguntolle: ¿vai a Xunta exixir do Goberno do Estado unha modificación dos criterios de distribución que

garantan unha repartición máis equitativa, tendo en conta a situación periférica e a dispersión e o envellecemento poboacional de Galiza?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

En canto á revisión do sistema de financiamento local, xa se ten pronunciado este Goberno en numerosas ocasións diante deste Parlamento; nos últimos meses en varias ocasións precisamente en distintas iniciativas. Sen ir máis lonxe, a semana pasada na Comisión 3ª aprobouse unha PNL e vou ler textualmente o que se di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a exixir do Goberno central a inclusión do avellentamento e a dispersión poboacional dentro dos criterios que determinan a repartición dos fondos en concepto de participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado, para rematar co grave desfásamento existente entre os ingresos dos concellos galegos respecto da porcentaxe que representa a poboación galega dentro do Estado español”. Non hai máis que ler, señoría. Polo tanto, non dubide de que a Xunta de Galicia dará cumprimento –como non pode ser doutro xeito– a estes mandatos parlamentarios.

E xa para rematar esta primeira intervención, alégrame tamén comprobar que dende o Grupo Mixto teñen interiorizado nestes momentos o que significa o avellentamento e a dispersión poboacional respecto do custo real que temos para prestar os servizos, non só no ámbito competencial dos concellos, senón no ámbito competencial autonómico. ¡Benvidos!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Eu é que necesito uns segundos para poder rirme da contestación. É que, en primeiro lugar, xa o da PNL aprobada e que dará cumprimento, pois como a tantas outras cousas ás que non deu cumpri-

mento o Goberno galego. Pódolle dicir a cantidade de proposicións non de lei que se teñen aprobado neste Parlamento e que están esperando a que o Goberno empece a iniciar algo sobre elas.

Pero ademais, en concreto, vostedes levan gobernando sete anos de tremenda crise e permitiron e consentiron que o Goberno do Estado seguira con esta repartición que prexudicaba tremendamente a Galiza, mentres vostedes non facían nada. É máis: cumprimos o déficit, ¿verdade? Aquí todo recaeu sobre o pobo, os recortes; así está a sanidade galega, así está o ensino galego, así están os servizos sociais galegos, así está o noso país en infraestruturas.

Porque o gran problema é que vostedes simplemente son obedientes con Madrid; aquí aproban unha PNL pero despois non fan nada, ou chegan a Madrid e votan en contra. Coñecémolos xa. Polo tanto, non nos valen esas desculpas, queremos ver unha campaña da Xunta de Galiza que reclame para Galiza os cartos que lle corresponden destes fondos, e non que veña aquí facer propaganda e que diga que si pero despois non faga nada.

Somos o país que ten os concellos que cobran menos; de 400 euros por habitante que cobran a maioría das cidades cunha certa entidade, en Galiza estamos pola metade, sobre 200 euros. Un país que está en bancarrota, un país que ten unha pobreza tremenda, un país cos salarios máis baixos, un país onde hoxe nos dicían que na PLISAN para o 2017 vai haber empresas pero non se crean empresas.

Realmente, vostedes o único que son son xestores do Goberno de Madrid, aínda non empezaron a gobernar este país. Eu píddolles, por favor, que empecen a gobernar este país, exerzan de goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e non exerzan simplemente de mandatarios de Madrid.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):

Grazas de novo, señor presidente.

Tres cousas. A primeira, efectivamente, xa contemplada por vostede e que magnificamente expuxo na súa primeira intervención: o modelo de financiamento local nestes momentos no nivel estatal non contempla os parámetros de dispersión e de avellentamento no que é a repartición na participación para os concellos nos ingresos do Estado. Ese modelo foi aprobado –como ben sabe– no 2004 e afecta gravemente a prestación de servizos de todo o municipalismo galego. Pero para que sirva de exemplo, o noso Fondo de Cooperación Local si recolle o que depende da Xunta, ligado tamén aos nosos ingresos, si que recolle perfectamente nestes momentos ambos os dous criterios. Por exemplo, a dispersión está valorada cun 20 % e o avellentamento da poboación nun 10 %. Sirva, por tanto, de exemplo de cal é a postura da Xunta e a coherencia que tratamos de manter.

En segundo lugar, vostede tamén debe de saber que a Comisión Nacional de Administración Local, que é o órgano que nace da Lei de bases de réxime local e onde se pon en común entre a Administración xeral do Estado e o municipalismo español a través do seu representante, en concreto, a Federación Española de Municipios e Provincias, alí é onde se poñen en común todos os temas que teñen que ver co financiamento local, coas subvencións, coa participación en ingresos, etc. E é a través da nosa Fegamp como podemos incidir na Federación Española de Municipios e Provincias nesa comisión.

Polo tanto, son dúas ordes que se deben de destacar suficientemente para mirar efectivamente cal é a participación da Xunta. A Xunta, nin ningunha Comunidade Autónoma, participa de xeito directo nun ámbito competencial que é propio da Administración do Estado e do municipalismo como tal. Polo tanto, creámonos as cousas do que significa a autonomía do nivel local, e para iso todo o apoio da Xunta.

O que tamén debe de saber vostede é que xa no mes de abril a propia Federación Galega de Municipios e Provincias constituíu unha comisión para precisamente analizar e facer as propostas a través da Federación Española de Municipios e Provincias nesa comisión nacional á que me refería ante-

riormente, para que se teñan en conta estes factores diferenciais que inciden moi moito no que é a prestación de servizos de carácter municipal.

E como lle dicía tamén cando remataba a miña primeira intervención, non dubide, nin vostede nin ninguén en ningún momento, de que nós dende a Xunta sempre apoiaremos o municipalismo galego, pero ao mesmo tempo sempre respectaremos o seu marco competencial e a súa autonomía. Por favor, que quede suficientemente claro.

E, por certo, este Goberno no que respecta ás PNL sempre tratou de darlles cumprida resposta como a outras cuestións que están aquí. Podemos diferir en moitas cousas pero nunca no que é no carácter propositivo a iniciativa deste Parlamento pero sempre a través da Xunta de Galicia.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a decisión da Xunta de Galicia en relación co remate da execución do proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia en Ourense

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Noela Blanco Rodríguez, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas. Benvinda, señora conselleira.

O proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, ubicado en Ourense, comeza a súa andaina no ano 2007. Faino a Consellería de Medio Ambiente xunto coa Consellería de Industria do Goberno bipartito. O obxectivo deste centro de interpretación era claro, era o de poñer en valor os recursos naturais, os valores naturais da nosa comunidade autónoma.

Meses despois, no ano 2008, empeza tamén o proceso de cesión dos terreos, que foi por parte do Concello de Ouren-

se, daquela gobernado polos socialistas; un proxecto que remata en agosto do ano 2008.

No ano 2009 asínase un convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Consellería de Medio Ambiente. Un proxecto de colaboración para o que se solicitan tamén as axudas do programa operativo Feder de 2007 a 2013, unha subvención de máis de 7 millóns de euros.

É pois este un proxecto de consenso, de consenzo entre a Administración local, a Administración autonómica e estatal, e pódese dicir que polos fondos comunitarios que se perciben a nivel europeo tamén. Un consenso que racha o Partido Popular en novembro de 2011 coa paralización destas obras. Para quen non os coñezan, este era o proxecto e este é o estado actual no que se atopa o que tiña que ser o Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, ubicado en Ourense, un esqueleto de cemento, un vertedoiro de material de construción. (*Murmurios.*)

Ata o de agora, ata que rematou o programa operativo Feder, ata que xa perdemos definitivamente a subvención a data 31 de decembro de 2015, non obtivemos ningún tipo de explicación do porqué desta paralización. Agora dinnos que se atopa nunha zona inundable e que é preciso construír un muro de contención no perímetro dese edificio.

Ben, o inmobiliismo e o desprezo que tivo este proxecto por parte do Goberno do señor Feijóo leva a que este proxecto estea ameazado; a que haxa un orzamento malgastado, posto que a infraestrutura que está construída ascende, aproximadamente, a 2,2 millóns de euros, que imos ter que aboar todos os galegos e galegas; á perda da subvención e a posibles responsabilidades no que atinxe á cesión dos terreos.

Pois ben, tendo en conta isto e que a Xunta de Galicia segue sen aclarar o que vai facer ao respecto, hoxe, señora conselleira, a pregunta é moi clara e espero que a resposta tamén o sexa. ¿Abandona definitivamente a Xunta de Galicia o proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais ubicado en Ourense?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Nada máis lonxe, señora Blanco, de abandonar un proxecto que, efectivamente, é importante para o Goberno da Xunta de Galicia, non só para o Concello de Ourense.

Pero si que é verdade que máis alá de coincidir con vostede en que, efectivamente, este proxecto tivo certa complexidade e certos atrancos ao longo destes últimos anos, si que me gustaría tamén facer algunhas precisións nas súas afirmacións, mesmo por escrito, e agora mesmo tamén en canto ao que foi a tramitación e as razóns dos atrancos que houbo ao longo destes anos, posto que falaba vostede de que o convenio foi asinado no ano 2009, e non foi así, señoría. Máis que nada porque ese convenio foi asinado por parte da ministra Elena Espinosa e mesmo tamén o conselleiro Agustín Hernández, que no ano 2009, a partir de abril do ano 2009, xa non estaba; é dicir... Perdón, o conselleiro Pachi Vázquez foi o que asinou este convenio. É dicir, o convenio, efectivamente, data do ano 2008, que foi cando asinaron o conselleiro de Medio Ambiente daquela, Pachi Vázquez, e a ministra daquela, Elena Espinosa.

Tampouco foi que tardaran un ano en empezar as obras, senón que, efectivamente, houbo atrancos de dous anos, de feito ata o ano 2010 non foron quen de comezar esas obras. É dicir, insisto e coincido con vostede en que houbo distintos atrancos, foi o Goberno socialista o que no ano 2010 encarga unha encomenda a Tragsa para que comecen as obras. De feito, encargado polo ministerio, pero tamén é certo que foi o ministerio o que paraliza, e non o Goberno do señor Feijóo, esas obras, en concreto a Dirección Xeral da Natureza; a Dirección Xeral do Medio Natural e Política Forestal foi a que deu a orde de paralización.

Polo medio, no ano 2009, mesmo tamén no ano 2010, houbo intentos de asinar un novo convenio, de falar dunha modificación do convenio, porque como sabe vostede caducaba o convenio que se asinou no ano 2008, caducaba en decembro do ano 2011 e, polo tanto, era necesario darlle vixencia. De feito, xa no ano 2012 se tentou outra vez máis asinar un novo convenio entre o ministerio e o Goberno da

Xunta de Galicia, convenio que foi ratificado no Consello da Xunta por nós, pero que non foi levado adiante por parte do Goberno central. Polo tanto, eu creo que iso é unha proba clara que dende o Goberno da Xunta de Galicia non houbo nin hai ningunha intención de paralizar este investimento.

A realidade é que a día de hoxe non está amparado por ningún convenio, a día de hoxe esa infraestrutura non a contempla ningún convenio, porque foi o orixinal do ano 2008 e xa non está en vigor, caducou no ano 2011 e non se asinou ningún outro convenio.

Polo tanto, dende a Xunta de Galicia o que temos claro é que se daquela había o espírito e o compromiso do Goberno do Estado de apoiar este investimento, evidentemente nós temos que demandar que o Goberno do Estado volva apoiar ese investimento unha vez máis. Máis alá de que, efectivamente, as cousas hai que facelas ben e eu estou convencida de que vostede tamén quere que as fagamos ben, e temos que ter en conta que durante todo este tempo entrou en vigor ese decreto de inundacións que declara esa zona, que obriga tanto ao Goberno do Estado como ao da Xunta a facer unha nova modificación do proxecto.

Tentarei rematar e explicar na seguinte parte da miña intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Si.

Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira, á marxe das diferenzas nos prazos e nas datas, segue vostede sen aclarar cando o van facer e se o van facer. Se é unha cuestión, precisamente, por unha modificación legislativa, ¿en que ano se deu esa modificación legislativa? No ano 2013, señora conselleira, no ano 2013.

Estamos no ano 2016, perdeuse un investimento de fondos europeos pola súa falta de compromiso; pola súa falta de compromiso cun proxecto, e seguen vostedes xogando ao si, pero non.

A min recórdame isto un pouco a cando eu era pequena e pedía algo e me dicían, bueno, xa veremos. O xa veremos quería dicir que non, o que pasa é que non se atrevían a dicir-mo directamente.

Mire, ano 2007, señor Enrique Nóvoa, que mesmo felicitaba á Xunta de Galiza –e sábeo vostede, señor Nóvoa– por este proxecto.

Xaneiro de 2015, hai que reformular o proxecto. Maio de 2015, o programa de goberno do actual alcalde de Ourense, punto 161: vaise facer o Centro de Interpretación de Parques Naturais. 10 de novembro de 2015, un pleno nesta Cámara, unha iniciativa do Grupo Socialista á que o partido que sustenta o goberno votou en contra da reanudación das obras, en contra de executar o 100 % deses fondos europeos e en contra de rehabilitar unha ribeira do Miño que é, señora conselleira, clave para o termalismo da nosa cidade. Unha cidade, señora conselleira, que a nivel termal é unha das máis importantes de toda Europa, que recibe miles de turistas e eles e toda a cidadanía están vendo como vostedes a desprezan.

As súas palabras xa non teñen ningún tipo de valor, son demasiadas promesas durante moitos anos. Que si, que non, que si, que non. Co cal, como non nos podemos quedar coas palabras, quedámonos cos feitos, señora conselleira. E os feitos son que hoxe cando os ourensáns e as ourensás pasean pola ribeira do Miño isto é o que ven, señora conselleira.

O feito é que os miles de turistas que visitan a nosa riqueza termal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...o que ven é isto, señora conselleira.

E segue vostede sen aclarar cando se vai facer e se vai a Xunta de Galicia poñer os fondos necesarios –vólvolle repetir– para que se faga ese muro de contención, que segundo di o informe da confederación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ... é necesario.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Señoría, vaia por diante que nada máis lonxe da intención deste Goberno, por suposto nada de desprezo e nada de inmovilismo cos ourensáns e coas ourensás.

Evidentemente, o que queremos facer é facer as cousas ben, non imos renunciar ao centro, pero si imos renunciar a despilfarrar os cartos públicos de todos os galegos e as galegas. O que non se pode facer é levar adiante un proxecto como o que temos (*Murmurios.*) cando estamos nunha zona inundable.

Eu non sei se vostede, se estivera no meu lugar, tiraría para diante. Pode que si, pode que a filosofía do Partido Socialista fora levar adiante un proxecto, por certo, individualmente, é dicir, pagándoo con todos os cartos dos galegos e das galegas, independentemente de que ao día seguinte estivera inundada toda a primeira planta dese centro.

Sabe, ademais vostede, que esa primeira (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) planta, ademais do decreto e da normativa, vai quedar inhabilitada, e non porque o queira a Xunta de Galicia, senón porque di o decreto que é o que está prohibido nas zonas que se consideran inundables.

En definitiva, señoría, o Goberno da Xunta de Galicia quere tirar para diante, pero o que lle quere exixir ao Goberno do Estado é a mesma participación financeira nun proxecto, por certo de oito millóns e medio de euros, que tiña comprometido o Estado con Galicia, que é máis do 85 %; non que o financie a Xunta de Galicia, senón recadar unha vez máis o compromiso do Goberno do Estado para o financiamento dese proxecto.

E segundo, facer as cousas ben. Insisto, vostede igual se estivera no meu lugar tiraría para diante, pero o que non se pode é investir oito millóns e medio de euros de todos os galegos e as galegas nun centro que vai estar inundado ao día seguinte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, temos que encargar a redacción do novo proxecto.

Pola parte do Goberno da Xunta ao que me comprometo é: non renunciámos a ese centro, temos que, evidentemente, ir cara diante, pero si renunciámos a despilfarrar os cartos públicos dos galegos. Non renunciámos ao que prometeu o Estado, pero si, evidentemente, renunciámos a que o financiamento sexa único e exclusivamente do Goberno da Xunta de Galicia. E non renunciámos a facer as cousas ben, señoría. Temos que facer as cousas con rigor.

Eu espero que isto sexa para vostede o suficientemente claro como para garantirilles aos ourensáns e ás ourensás que ese centro non é de Ourense, é de todos os galegos e de todas as galegas; que é patrimonio da exposición dun dos patrimonios máis importantes que temos, que son os nosos parques naturais, e que, polo tanto, continuaremos apostando non só polos parques naturais, senón tamén pola tramitación deste centro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia para a execución do Plan de reforzo de firmes das estradas de titularidade autonómica anunciado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜIMIL: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, moi boa tarde a todos.

O pasado mes de marzo o departamento que vostede dirixe anunciou publicamente a posta en marcha dun plan de reforzo de firmes das estradas de titularidade autonómica, que contará cun investimento de vinte e tres millóns e medio de euros e que será desenvolvido pola Axencia Galega de Infraestruturas.

Esta importante actuación enmárcase dentro do Plan de seguridade viaria 2016-2020, impulsado polo Goberno de Galicia, tendo en conta as características da rede viaria galega, que é unha das máis extensas de toda España, con máis de 18.000 quilómetros, e que a cotío se ve afectada, directa-

mente, por unha climatoloxía moitas veces adversa, que exige unha atención máis intensa por parte do titular da vía.

Por iso mesmo, señorías, este grupo parlamentario está convencido de que é absolutamente imprescindible garantir un grao acaído de conservación das vías cuxa titularidade corresponde á nosa Administración autonómica, co fin de garantir a seguridade dos que as usan nos seus desprazamentos.

O que está en xogo é esa mesma seguridade dos usuarios que fan uso delas, é dicir, de todos nós, co cal entendemos e valoramos moi positivamente o esforzo orzamentario que está a facer o Goberno para garantir o perfecto estado das capas de rodaxe das nosas estradas. E este esforzo tórnase aínda de maior intensidade nunha comunidade como a nosa, que ten unha das redes máis extensas do Estado, como antes comentabamos.

Porén vanme permitir que poña en contraste esta actitude do Goberno de Galicia coa doutras administracións locais. Estamos asistindo nas últimas semanas ás xa incontables queixas e denuncias dos veciños de Compostela que, por mor dunha máis que deficiente conservación e mantemento das vías urbanas desta cidade, non fan outra cousa que ir aos talleres de reparación con danos nas rodas dos seus vehículos. E se van a eses talleres de xeito obrigado é pola cantidade de fochancas que existen nas estradas de titularidade municipal, e sen que os que terían que arranxalos fagan nada ou case nada.

Semella que para algúns gobernos das Mareas conservar axeitadamente as rúas e as estradas do seu concello é un tema menor e non urxente, aínda que o menoscabo que se lles ocasione aos seus administrados sexa importante.

Mais, señora conselleira, este grupo prefire, ao igual que o Goberno de Galicia, traballar para solucionar os problemas reais das galegas e dos galegos, os que teñen na vida real e non os que se din nalgúns platós de televisión.

Por iso as deputadas e os deputados lle formulamos a pregunta que consta na orde do día, ¿que previsións manexa a Xunta de Galicia para a execución deste plan?

Máis nada e moitas grazas polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Goldar.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, a conservación das vías de titularidade autonómica e a mellora da seguridade viaria por suposto que son eixes estratéxicos na política de estradas deste Goberno, porque estamos a falar da vida e da integridade das persoas. Eu creo que non hai nada por riba diso, dúas materias que están intrinsecamente unidas, porque investir na mellora das nosas estradas é investir en seguridade viaria, por iso cremos e estamos convencidos que manter en bo estado de conservación as estradas é importante para todos os territorios, pero aínda máis para a nosa comunidade, porque saben que Galicia conta cunha rede de estradas das máis extensas de España, e ademais tamén soporta unhas condicións meteorolóxicas que obrigan a un especial coidado das nosas estradas para garantir a seguridade aos usuarios que transitan nelas.

Na Xunta así o entendemos e, a pesar da complicada situación económica nos últimos anos, a seguridade viaria e a conservación de estradas sempre tiveron un lugar destacado, e agora intensificamos tanto esforzos como recursos para manter as estradas nas mellores condicións posibles. Por iso aprobamos en febreiro, en primeiro lugar, o Plan de seguridade viaria 2016-2020.

O obxectivo é reducir ao máximo o número de accidentes de tráfico e tamén minimizar os seus efectos, o principal obxectivo é reducir as vítimas ao 50 % con 49 medidas, 49 medidas concretas e 300 millóns de euros para o período 2016-2020.

Ten cinco principios básicos. Un deles é acadar vías de tránsito e mobilidade máis seguras. Aí, dentro deste pilar básico, é onde se atopa ese Plan de reforzo de firmes, e por iso este Plan de reforzo de firme que poñemos en marcha e que estamos a desenvolver ten actuacións destacadas tanto en travesías como en zonas interurbanas.

Especialmente importantes, polo seu investimento e pola poboación, son estes treitos urbanos, 180 travesías, 200 quilómetros de treitos urbanos. Un plan de reforzos de firme

que mobilizará, no ano 2016, 23,5 millóns de euros e actuaremos en 578 quilómetros de redes de estradas da Xunta de Galicia.

Estamos a avanzar no seu desenvolvemento, a pesar de que o puxemos xa en marcha hai só tres meses. Xa temos iniciada a contratación da maioría desas obras, de moitas estradas autonómicas incluídas neste plan, e continuaremos traballando para que a maior parte estean executadas, sobre todo executadas na súa totalidade, o presente ano 2016.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Grazas, presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Na miña primeira intervención tratei de facer unha sinxela comparación entre unha administración, a autonómica, que se toma en serio a súa obriga de mellorar a seguridade viaria e outra, a local desta cidade na que estamos, por exemplo, da que os seus responsables, precisamente, pouco ou nada saben, pouco ou nada fan.

Señorías, este é o paradigma do bo goberno das Mareas, dos *Podemos*, falando con propiedade. Eses mesmos que veñen salvar o mundo e arranxar os problemas dos veciños, mais unha vez que o pregoan, o repiten e convencen, esquecen misteriosamente facelo; senón, que llelo pregunten ás veciñas e aos veciños desta cidade, a ver que opinan. *(Aplausos.)*

Non hai máis que saír ás rúas... *(O señor Fajardo pronuncia palabras que non se perciben.)* O señor Fajardo falou pouco neste pleno, señor presidente. Debe querer seguir falando.

Dicía –se mo permiten– que non hai máis que saír ás rúas de Santiago para podermos comprobar, mesmo sufrir, o máis que lamentable estado do firme das vías interiores e das que dan acceso a Santiago, a maior parte de titularidade municipal. Case que un ano de xestión e non son quen de solucionar un problema que afecta xa a milleiros de

usuarios que asisten atónitos a tan maiúsculo desgoverno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E este xeito de gobernar –señor Fajardo, vostede é de Vilagarcía, non de Santiago–..., *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Siga, siga, señor Goldar, vostede siga.

O señor GOLDAR GÜMIL: ...señora conselleira, é o que queren estender a un hipotético goberno de Galicia. En fin, ogallá esta terra non teña que sufrir nunca isto. *(Murmurios.)*

Gustaríanos, xa para concluír... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Silencio, por favor. Silencio, silencio, por favor. Déixenlle rematar. Déixenlle rematar, senón isto faise largo. Déixenlle rematar a réplica.

O señor GOLDAR GÜMIL: Grazas, presidente.

Gustaríanos, xa para concluír...

O señor PRESIDENTE: Eu comprendo que isto cansa, pero tamén estou cansado eu, e estamos todos cansados.

Remate, remate a pregunta. Remate, remate a conclusión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor GOLDAR GÜMIL: Gustaríanos, para concluír *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que nos indicase... É que non me deixan falar, molesta.

O señor PRESIDENTE: Espere, espere, imos descansar un pouco. Estamos cansados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tranquilos, un pouco de tranquilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois si, salga vostede, que xa empezo a estar afónico. Tranquilidade.

Remate.

O señor GOLDAR GÜMIL: Co seu permiso, señor presidente. *(Murmurios.)*

Gustaríanos, dicía –intentaba dicir–, para concluír, que nos indicase, señora conselleira, se fora posible, que actuacións

máis destacable inclúe este Plan de reforzo de firmes, e, ademais dos obxectivos principais anunciados xa na súa primeira intervención, cales son as accións que ten programado o seu departamento para executar nos vindeiros meses neste Plan. E, por último, cando cre vostede que podería estar rematado.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señora conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):

Grazas, presidente.

Señoría, como dixen na miña primeira intervención..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...a Axencia Galega de Infraestruturas puxo en marcha o Plan de reforzos de firme –23,5 millóns de euros– e estamos a traballar no seu desenvolvemento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A pesar de que o Plan votou a andar hai só tres meses, o balance creo que podó dicir que é positivo, tanto se atendemos ás actuacións licitadas como no referido aos quilómetros, como no referido tamén aos orzamentos. *(Murmurios.)*

Agora mesmo, ata agora, levamos licitadas trinta e sete actuacións, e en fase de contratación avanzada catro actuacións. Polo tanto, case o 90 % dos reforzos de firme están xa licitados ou en fase de contratación avanzada. Temos iniciado tamén a contratación deste 90 % de actuacións, pero en quilómetros son 510 quilómetros dos 578 previstos; de inmediato engadiranse 58 novos quilómetros. Polo tanto, en porcentaxe de quilómetros, en total, o 98 % en licitación.

En investimentos, pois en investimentos temos licitado o importe de practicamente 20 millóns de euros, e tamén en avanzado estado de tramitación 1,3 millóns de euros. Polo

tanto, o que significa que o 90 % de orzamento total do Plan de reforzos de firme está licitado para executar neste exercicio.

Actuacións pendentes, pois as actuacións pendentes son practicamente o 10 %, que están en diferentes fases administrativas porque son diferentes tipos de proxectos, proxectos máis complexos e con certas particularidades. Por exemplo, actuacións que imos acometer na estrada Mondoñedo-Vilameá, na LU-124, Lindín-Cruz da Cancela, onde é necesario levar expropiacións e por iso neste mesmo momento está o proxecto en fase de información pública, ou tamén o acondicionamento da estrada entre Ordes e Cerdeda, por Mercurín, que estamos a tramitar a transferencia da titularidade da estrada por parte do concello. *(Murmurios.)*

Polo tanto, eu creo que podó dicir que é un bo balance, un bo balance en materia de contratación de obras deste Plan de reforzo de firme 2016 da Xunta de Galicia. O noso obxectivo é que se poidan executar a maior parte dos traballos en condicións meteorolóxicas favorables, para ter maior calidade e maior durabilidade nestas obras. Asinar os contratos, xa se están asinando practicamente todos. A nosa previsión é realizar a meirande parte de todas estas obras este mesmo verán, e que poidan estar rematadas antes de que remate o ano.

Estamos a falar dun plan de reforzo de firme que, xunto coa conservación ordinaria e a habilidade invernal, eu creo que podemos dicir que dende o Goberno galego traballamos en serio e traballamos duramente para que as nosas estradas teñan calidade e seguridade viaria, nas estradas da Xunta de Galicia. Porque priorizar en conservación, mellorar en conservación, é velar pola seguridade viaria e iso, dende logo, é prioritario para a nosa política de estradas da Xunta de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o pagamento, pola empresa concesionaria do servizo de limpeza de varios edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, das mensualidades debidas aos seus traballadores

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, si, vostede non ten por que superarse a si mesmo, home; porque non o vaia hoxe botar eu non ten por que superarse a si mesmo. Aguante un pouco que quedan dúas preguntas nada máis. *(Risos.)*

Señora Prado, cando queira.

A señora PRADO CORES: Pois moi boa tarde.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

A empresa Linorsa, como vostede sabe, Limpiezas del Noroeste S.A., ten a concesión do servizo de limpeza de numerosos edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia, en diferentes consellerías –Consellería de Sanidade, Consellería de Educación, de Medio Rural, de Política Social– e edificios ubicados en diferentes zonas de Galicia.

Esta empresa ten un historial de incumprimentos a respecto do pagamento de salarios e do incumprimento das condicións de traballo recollidas nos contratos asinados. Unha lista longa, permanente e reincidente.

Esta situación reiterada de incumprimentos co cadro de persoal ten sido denunciada en numerosas ocasións. As traballadoras de Linorsa levan moito tempo denunciando que a empresa concesionaria non lles abona unha parte importante dos seus salarios, ademais doutros incumprimentos. Levan, xa non meses, senón incluso anos, demandando o cumprimento por parte da empresa: continuos impagos, atrasos nas nóminas, de pagas extras, de atrasos recollidos en convenio e, a pesar de cobrar puntualmente as contías que lles transfire a Xunta polo contrato de prestación do servizo de limpeza, pois non lles abona puntualmente as cantidades ás traballadoras.

Diante desta situación, os comités de empresa decidiron convocar mobilizacións, que non tiveron a resposta por parte da empresa. Dirixíronse á Administración pública, neste caso á Xunta, reclamando a implicación, para que actuara, para que a empresa cumprira, e tampouco tiveron contestación. Estamos a falar de impagos a persoas –e cuns salarios, dende logo, nada psicodélicos, nin moitísimo menos–, que teñen como consecuencia situacións de emerxencia social

para moitas destas persoas que non poden facer fronte ao pagos das súas hipotecas, dos alugueiros, das facturas, de alimentarse, de vestirse, porque en moitos casos son o único ingreso que entra nas súas casas.

Diante da inhibición da Xunta de Galicia, que manifestou que non podía actuar, que era un problema entre empresa e traballadoras, que só podía actuar en caso de que o servizo se vira afectado, e cansadas de agardar, convocaron, pois, folgas en diferentes zonas –en Pontevedra Salnés, en Lugo, en Compostela–.

Esta situación viuse agravada, pois, tamén, polo embargo das contas por parte da Seguridade Social e por parte de Facenda e tamén coa petición da empresa de entrada voluntaria en concurso de acredores a mediados do mes de abril.

As traballadoras demandan a implicación da Administración, que se rescate o servizo e que se licite de novo o servizo ou que se faga cargo directamente a Administración. Non é de recibo que a Xunta manteña vixente contratos cunha empresa que sistematicamente incumpre as súas obrigas co persoal.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

A señora PRADO CORES: Por iso, señor conselleiro, o que lle preguntamos é: ¿que ten feito, que está a facer, que vai facer para solucionar o problema que teñen as traballadoras –fundamentalmente traballadoras– coa empresa de limpeza Linorsa? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, eu lamento, a verdade, que volva traer aquí unha situación difícil pola que están pasando os traballadores e traballadoras de Linorsa para facer demagogia política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Dígolle isto en primeiro lugar porque o que creo que unha oposición responsable non pode facer é pedirlle e exi-

xirille á Xunta de Galicia unha actuación sen ton nin son. Vostede sabe perfectamente que hai unhas leis que hai que cumprir e a primeira que ten que cumprir esas leis, loxicamente, é a propia Administración.

Pero ademais, señora Prado, creo que o que non pode facer é nesta Cámara plantexar este problema, que é un problema real, –e que, loxicamente, a Administración está a actuar–; pero o que non debería traer a esta Cámara é un problema intentado trasladar que é un problema exclusivo das contratacións da Administración pública galega, porque vostede sabe perfectamente que iso tampouco é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Polo tanto, é un tema de oportunismo, seguramente do nerviosismo que está a pasar o seu grupo ultimamente, pero eu creo que se queremos falar dunha forma seria, sobre todo cando estes problemas afectan a traballadores e traballadoras, creo que hai que facelo cun certo rigor.

Vostede sabe, señoría, que a Xunta de Galicia neste caso está implicada por unha dobre situación: en primeiro lugar, no eido laboral –loxicamente– e, en segundo lugar, no eido da contratación. Dende o punto de vista laboral, a Xunta, como sempre, está actuando; está actuando xestionando todas as denuncias que se presentaron na inspección de traballo. E, polo tanto, unhas denuncias que se están tramitando, que se están investigando e que –non teña ningunha dúbida–, se procede a sanción, loxicamente, sancionarse calquera infracción que se puidera ter cometido por parte desta empresa –como se fai, por certo, en todos os casos–.

No eido da contratación, sabe, tamén, que estes contratos se están rescindindo; estanse rescindindo cando os trámites legais así o permiten. E a Xunta de Galicia iniciou o procedemento de finalización deses contratos cando llo permite a lexislación, e sempre procedendo a unha nova contratación cunha subrogación por parte dos traballadores.

Polo tanto, señoría, eu lamento que vostede traia dunha forma intencionada esta situación. Sabe que a Xunta de Galicia está actuando e, por certo, está actuando igual que outras administracións públicas en casos similares, como por exemplo o BNG o está a facer no concello de Pontevedra, ou tamén se está a facer por parte da Deputación de Pontevedra.

Eu creo que, señoría, ten unha magnífica oportunidade para retirar esta pregunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousiña, señor conselleiro, ¿vostede para que cre que está este Parlamento? Está para fiscalizar o seu labor de Goberno. ¡Eu pedinlle explicacións na parte que lle corresponde a vostede! ¡Correspóndelle moita! Na parte que lle corresponde a outras administracións, corresponderalle a outros pedir explicacións.

O que vexo é que vostede leva moi mal que lle pidan explicacións. Porque vostede non está aquí posto para vir disimular, está aquí para dar contas. ¡Para dar contas! E eu teño a obriga de traer a este Parlamento os problemas dos galegos e das galegas e hai centos de traballadoras que teñen problemas porque están contratados por unha empresa que non cumpre e que non lles paga. E, como non lles paga, non chegan a fin de mes, e non poden vivir dignamente.

E vostede, se tivera un pouco de decencia, o que tiña que dicir é que actuar é solucionar o problema. E mire, a Xunta de Galicia non actuou diligentemente. Díxenlle ao principio que levan anos denunciando esta situación e a Xunta tiña que ter actuado dende hai tempo, e de momento segue sen rescindir-lle o contrato nin a Consellería de Ensino no que respecta aos centros de ensino, nin o Sergas, por exemplo, en Lugo, nin outras actuacións, co cal puido ter actuado e non o fixo.

E ademais, é que a Xunta tiña información, por terra, mar e aire, de cal era a situación desta empresa porque tiña comunicación de denuncias por parte das traballadoras, comunicación por parte da Consellería de Facenda e por parte da Axencia Tributaria, que lle embargou as contas. Polo tanto, a Xunta era sabedora e, a pesar diso, prorrogou-lle o contrato, así que non veña vostede aquí presumir porque non pode presumir neste caso.

E o que lle quero pedir hoxe aquí, en nome das traballadoras, é que axilice os trámites, que efectivamente rescinda eses contratos, que saque novas licitacións e que lles solu-

cione os problemas ás traballadoras. Que sexan dilixentes e que actúen de inmediato, que non sigan coa lentitude coa que o están a facer ata o de agora. Ademais, que introduzan nos novos pregos cláusulas sociais que permitan que, cando unha empresa incumpra coas traballadoras, cando non pague os salarios ou cando incumpra con outras condicións laborais, a Administración, neste caso a Xunta de Galicia, que é polo que ten que responder vostede aquí, actúe e rescinda eses contratos.

Cuestións moi sinxelas, señor Conde, das que vostede debe responder. Dos problemas do BNG xa nos ocupamos no BNG. Vostede ocúpese dos seus e do seu partido, que igual con iso xa lle chega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Prado, é unha cuestión de criterio, non é outra cousa. Vexo que vostede ten un criterio, pero loxicamente cando menos, cando traía este tipo de situacións, creo que un pouco de rigor é importante *(A señora Prado palabras que non se perciben.)* Eu, dende logo, non minimizo nin evito a situación que teñen os traballadores e as traballadoras de Linorsa. Estámonos ocupando e estamos preocupados, loxicamente, por esa situación *(A señora Prado palabras que non se perciben.)*, e dende o primeiro momento a Administración, a Xunta de Galicia, actuou e segue a actuar. Polo tanto, toda a solidariedade e todo o compromiso do Goberno galego, e, dende logo, dende o BNG non imos admitir ningún tipo de leccións de solidariedade nin de ocupación por parte da situación dos traballadores.

Contesteille, e fixeno con contundencia, o que pasa é que ao mellor non me expliquei adecuadamente. Pero, dende o punto de vista laboral, o Goberno está actuando onde ten que actuar, que é na Inspección de Traballo. A Inspección de Traballo está seguindo toda a tramitación das denuncias que se presentaron, 12 denuncias en concreto. Estase seguindo esa tramitación e, loxicamente, eu creo e entendo que vostede respectará tamén os procedementos que ten a Inspección de Traballo. Dende logo, nós, dende o Goberno, si que o facemos.

En segundo lugar, tamén lle trasladei que estamos cos expedientes de resolución do contrato por incumprimento, onde hai unha normativa que hai que cumprir. Eu entendo que o BNG sempre quere trasladar que as leis non están para cumprir. Señora Prado, as leis están para cumprir. Polo tanto, en canto se produciu unha situación de incumprimento, está actuando a Xunta de Galicia, e dende logo nós, no primeiro momento que é posible, estamos iniciando as novas contratacións. Isto é o que nos permite a lexislación, e nós está-molo aplicando dunha forma dilixente e dunha forma eficaz.

Como lle trasladaba, é o mesmo que está a facer tamén o BNG e outros partidos onde gobernan. O que eu non entendo, sinceramente, señora Prado, é que vostede veña aquí trasladar que o que está a facer a Xunta de Galicia non lles vale, e o que está a facer o BNG no Concello de Pontevedra si lles vale, cando estamos a facer o mesmo.

Señoría, eu creo que nese sentido nós estamos actuando –insisto– dilixentemente; estamos abrindo os expedientes de incumprimento por parte desta empresa; estamos iniciando novas contratacións, seguindo a propia normativa; e, loxicamente, estamos seguindo tamén o procedemento concursal para que o administrador concursal poida facer fronte á situación de pago dos salarios que teñen estes traballadores e traballadoras.

A Xunta de Galicia pódolle asegurar que vai seguir cumprindo estritamente a lei, preocupándose e ocupándose polos traballadores e mantendo os postos de traballo nos diferentes contratos que ten coa Administración pública galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e seis deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da demora do Goberno galego na apertura do Servizo de Medicina Nuclear comprometido no Hospital Universitario Lucus Agustí de Lugo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías, señor conselleiro.

Señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que as relacións entre os cidadáns da provincia de Lugo e o Goberno do señor Feijóo, dende o ano 2009, se caracterizan por unhas promesas incumpridas do Goberno do señor Feijóo e a loita dos veciños para ter os servizos sanitarios necesarios e conseguir a igualdade de acceso a eses servizos sanitarios.

Como vostede sabe perfectamente, señor conselleiro, o presidente Feijóo prometeu na inauguración do Hospital Universitario Lucus Augusti, en febreiro de 2011, que o hospital tería –incluso nese mesmo ano– os servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina nuclear. Máis de seis anos despois, os cidadáns da provincia de Lugo temos que seguir loitando con manifestacións e a través de ILP, de forma continua, e temos que seguir preguntando, reivindicando os nosos dereitos neste Parlamento, porque, como vostede sabe tamén perfectamente, hemodinámica tan só está funcionando en horario de oficina, a pesar de que os datos dados pola propia Xunta indican que os lucenses tardan máis de tres horas en recibir unha angioplastia primaria cando deberían de facelo en 90 minutos. Radioterapia tan só ten un acelerador, e ademais pagado pola caridade da Fundación Amancio Ortega, porque vostedes non pensaban pagar ese acelerador. Falta aínda un acelerador, que prometeron pero, coma sempre, non cumpriron. E do Servizo de Medicina nuclear, prometido tamén polo señor Feijóo en febreiro do 2011, deste xa non temos nada, absolutamente nada.

A anterior conselleira dixo que solicitara o permiso ao Consello Nacional de Seguridade Nuclear en xullo do 2015; hai un ano. Segundo o presidente Feijóo, a tecnoloxía necesaria adxudicouse en maio de 2015, hai un ano; e adxudicouse á casa Philips Ibérica. Ademais, o señor Feijóo dixo que Lugo tería prioridade. Un ano. Non temos nada.

E nunha resposta parlamentaria súa, en novembro de 2015, dixeron que todo estaba listo, tan só esperando as máquinas. Que cando chegaran estaría listo, e abriría todo ao mesmo tempo que radioterapia.

Non temos nada e non sabemos nada. Seis anos despois, non temos nin Medicina nuclear, que vostede sabe que é absolutamente necesaria e fundamental para diagnosticar e determinar a gravidade dunha gran cantidade de patoloxías

cardíacas, oncolóxicas, endocrinas, neurolóxicas; mesmo como terapia para tratar diversos cánceres, e non temos nada.

E o que queremos saber, señor conselleiro, é que pasa. ¿Ten ou non ten as máquinas? ¿Ten ou non ten o sitio? ¿Pensan poñer en marcha ou non Medicina nuclear, e cando?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Señor presidente.

Señorías, boa tarde.

En principio, señora Burgo, teño que desmentirlle a maior. Promesas incumpridas. Creo que, se en algo non podemos falar de promesas incumpridas, é na sanidade, e menos en Lugo *(Murmurios.)*

Dende que chegamos ao Goberno, puxémonos a traballar e fixemos todo o esforzo técnico e económico posible para poñer en funcionamento o novo hospital de Lugo, un edificio baleiro que equipamos e dotamos da máis alta tecnoloxía. Para isto foi necesario investir en conxunto máis de 80 millóns de euros, para rematar as obras do hospital e dotalo da moderna tecnoloxía asistencial e de seguridade de pacientes. Así, neste momento podemos afirmar que os cidadáns de Lugo contan co hospital máis moderno de España e un dos máis modernos de Europa. *(Murmurios.)*

En canto á Unidade de Medicina nuclear do hospital universitario Lucus Augusti, teño que sinalar que se atopa actualmente en fase de apertura. A devandita unidade está adscrita ao Servizo de Radiodiagnóstico. Actualmente está pendente unicamente da concesión de autorización de funcionamento por parte do Consello de Seguridade Nuclear.

Lémbrolle tamén, señoría, que este mesmo proceso se fixo para a posta en marcha do Servizo de Radioterapia nos últimos meses de 2015, sendo estes dous procesos distintos.

Como xa adiantabamos na resposta á pregunta que fai referencia á exposición de motivos, as instalacións están xa adaptadas e o equipamento necesario está tamén adquirido. Do mesmo xeito, está definido o Plan funcional da unidade, con todos os seus procesos definitivos.

A cronoloxía das actuacións levadas a cabo ata o de agora é a seguinte: Preparación da área en 2015. Preinstalación da gammacámara por parte do adxudicatario en xaneiro de 2016. Adquisición das instalacións de sistemas de tratamento de residuos e sistemas de illamento, rematados en marzo deste mesmo ano. E remisión da documentación e expediente ao Consello de Seguridade Nuclear, tamén en marzo deste ano.

En definitiva, tanto por parte do HULA en particular, como do Servizo Galego de Saúde en xeral, temos xa feitos todos os trámites previos á posta en funcionamento da unidade. A día de hoxe, por tanto, a posta en marcha da mesma está pendente unicamente da autorización previa e inspección do Consello de Seguridade Nuclear, situación allea ao Sergas; pero teño que dicirlle que será moi pronto.

Así, no HULA, o Servizo de Radioterapia dispón dunha superficie de 1.750 metros cadrados, e ao seu carón o Servizo de Medicina nuclear ocupa unha superficie de 1.625 metros. Creo que non hai en Galicia unha área tan ampla, tanto para radioterapia como para medicina nuclear. Coa posta en funcionamento de ambos, posibilitase que determinados procesos diagnósticos e terapéuticos poidan realizarse no Hospital de Lugo nas mesmas condicións que se facían ata agora noutros hospitais.

Deste xeito, mellórase substancialmente a atención sanitaria que se presta aos cidadáns; pónense á disposición dos profesionais da saúde as últimas tecnoloxías, e incrementase a produtividade e a capacidade diagnóstica dun hospital de vangarda, como é o Hospital Universitario Lucus Augusti.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vostede fala de que puxeron en marcha o HULA como se fose tamén unha caridade. ¡É que era a súa obriga! E quero dicirlle que esas instalacións das que vostede fala, de tantos metros, foron unha modificación do proxecto feito por ese tan malo Bipartito, porque vostedes, no proxecto do HULA, non tiñan previsto radioterapia nin medicina nuclear nin hemodinámica; ou sexa que foi unha modificación do proxecto feita por nós.

Pero ademais, señor conselleiro, coma sempre, non temos unha resposta. Vostede saberá –porque é a súa obriga sabelo– cando, máis ou menos, teremos ese permiso. Por certo, a súa antecesora dixo nos medios de comunicación que pedira en xullo de 2015. Entón, aquí alguén mente. Ou mentía a anterior conselleira ou mente vostede, pero alguén non di a verdade. ¿Pediuse en xullo de 2015, como dixo nos medios de comunicación en Lugo a señora conselleira anterior? ¿Ou pediuse agora?

Por outra parte, ¿teñen ou non teñen as máquinas no HULA? Parece que están mercadas, ¿están no HULA? Xa, soamente necesitan ese permiso. ¿E cando imos ter ese permiso? O que eu sei, e sabe toda a provincia e Lugo e os cidadáns, é que seguimos con hemodinámica en horario de oficina; unha promesa incumplida, porque tiña que ser 24 horas. E seguimos cunha radioterapia a medio gas, cun só acelerador pagado pola fundación Amancio Ortega. Se non chega aquí a fundación –por caridade, coma sempre–, non teríamos ese acelerador de partículas. Necesitamos outro e non está, señor conselleiro.

Incumpriron todas as promesas, unha detrás de outra. E incumprindo esas promesas, señor conselleiro, están poñendo en perigo a vida dos lucenses. Por iso nós imos seguir reivindicando todo o necesario para os servizos do hospital, imos seguir exercendo esta función de control, e ademais imos seguir denunciando as mentiras, unha tras outra, de vostedes.

E insisto, non cumpriron aínda nin a primeira. Nin Hemodinámica 24 horas nin dous aceleradores nin medicina nuclear. (*Aplausos.*)

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Grazas, señor presidente.

Vou empezar porque a verdade é que teño moitos datos que dar. Pero vou empezar dicindo o que vostedes acertadamente non coñecen. As máquinas de medicina nuclear, concretamente a gammacámara, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) está montada en Lugo, no hospital de Lugo. (*A señora Acuña pronuncia palabras que non se perciben.*)

¿Podo falar, señora Acuña? ¿Déixame?

O señor PRESIDENTE: Está dando unha información importante, señora Acuña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Se fai vostede a pregunta, respóndolle.

Está no hospital de Lugo a gammacámara.

Fala de máquinas. Isto non son máquinas, isto é alta tecnoloxía, que necesita ademais a atención de especialistas, (*Murmurios.*) xente preparada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, non, vamos ver..., (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, non lle estropee a pregunta á señora Burgo, que foi a que preguntou. Non interrompa.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A señora conselleira, a señora Mosquera, di que hai que pedir a solicitude de autorización (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) á Axencia de Medicina Nuclear, hai que pedila antes de; e posteriormente hai que instalar o que é a gammacámara e logo vir a Inspección para comprobar que a gammacámara ten as especificacións correctas. (*Murmurios.*) Non só a gammacámara, senón tamén ese espazo que grazas ao Bipartito ten o hospital de Lugo. (*Murmurios.*) O Bipartito foi por todas as instalacións, pero olvidouse de facer o importante, que é pór a gammacámara. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, viñeron os inspectores de medicina

nuclear da Axencia Española e agora teñen que emitir o informe. Proximamente estará aberto, e estará aberto como a radioterapia, estará aberto como a hemodinámica.

Non é verdade iso que vostede di, e ademais paréceme mal desde o punto de vista profesional que se fale de horario de oficina, con todos os respectos aos funcionarios. A atención de hemodinámica e de cirurxía cardíaca é de 24 horas, 365 días, en Galicia; noutros lados non o sei, aquí é así. E o que di o estudo –por certo, pedido por este Parlamento– é que a mortalidade dos pacientes de Lugo é exactamente igual que en todos os galegos e ademais tamén é inferior á dos españois. Polo tanto, creo que o labor que se está facendo é importante. E non debemos falar de horarios de oficina, con todos os respectos, porque creo que un sistema sanitario é outra cousa, moito máis importante.

E dicirlle tamén –porque creo que está moi equivocada– que da calidade do señor Ortega creo que temos algo importante que dicir: que hai unha empresa que consegue beneficios a nivel de todo o mundo e reinveste boa parte aquí, en Galicia. E nós utilizamos o que el reinveste en Galicia para ampliar a oferta tecnolóxica e a oferta de profesionais na sanidade galega. Creo que está desacertada tanto nunha cousa como noutra. (*Murmurios.*)

E dicirlle que a medicina nuclear estará como está funcionando xa a radioterapia en Lugo –importantísimo, como digo–, e vou darlle algún dato que seguramente non coñece –porque se non sabe que a gammacámara está instalada...–, pois voulle dar algún dato sobre iso. E dicirlle que a día de hoxe a unidade de radioterapia do HULA ten realizado as 65 primeiras consultas e administrado 298 sesións de radioterapia, e coa entrada en funcionamento da gammacámara estimárase que arredor de 2.000 persoas ao ano, 2.000 lucenses, serán beneficiados deste importante medio de diagnóstico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os resultados do modelo sanitario da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Eva Solla Fernández, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, parece mentira, despois do que acaba de dicir, pero a realidade é que a Consellería de Sanidade non cumpre practicamente en nada ao que se compromete. A súa xestión, a xestión sanitaria do Goberno Feijóo, fai augas. Estamos rematando xa a segunda lexislatura e o balance non pode ser máis indignante, non só polos recortes orzamentarios –que xa temos denunciado nesta Cámara, a pesar de que vostede incluso o nega–, que son da orde de 276 millóns de euros en termos nominais, que se incrementan en termos reais; increméntanse aínda por riba con eses compromisos de pago que vostedes adquiriron, como no caso do hospital público privado de Vigo, un hospital que debía custar 450 millóns e que custa agora 1.400, con 400 camas menos das que ía ter.

E o balance non só é indignante polos brutais recortes de persoal –témolos denunciado aquí en moitas ocasións–: 1.795 prazas menos, 1.154 delas en atención primaria, e cunha temporalidade elevadísima, insoportable para os traballadores e traballadoras, traballadores e traballadoras temporais que incluso denunciaban nos últimos días corenta contratos ao ano no caso dalgunhas delas, pendentes do teléfono e cada día nun servizo.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de condenalos a vostedes por fraude de lei nos contratos de dez celadoras de Vigo, obrigándoos a asumilas como persoal indefinido, acumulando contratos por acumulación de tarefas dende setembro de 2009. Así estamos: vostedes úsannos ao persoal sanitario con total impunidade, máis sobre todo ás que somos eventuais.

E non só tampouco nos parece indignante a súa xestión pola eliminación só das 400 camas dende que vostedes gobernan, peche de camas que se produce mentres se incrementan esas listas de espera. En Vigo pechaban agora dúas plantas máis, dúas salas máis dese Hospital Meixoeiro, a pesar do desdoblamento de camas. Coñecemos a día de hoxe tamén esa denuncia de demoras de tres anos para intervirse no hospital de Compostela ou oito meses de demora nas consultas de revisión de pacientes oncolóxicos. Non só é indignante polas privatizacións, e non só o é pola súa falida política farmacéutica –vacina da meninxite, fármacos de hepatite C, repagos–, e tampouco só é indignante por todo o resto

de políticas que nos levaron ao fracaso de planificación onde estamos instaladas.

Pero, sobre todo, é indignante porque vostedes seguen aí a pesar de teren dúas persoas imputadas na súa consellería, ás que vostedes amparan a estas alturas cando hai xa tres semanas desa imputación, e tamén pola maneira en que nos tratan, en que tratan as persoas enfermas, a cidadanía, os profesionais e as profesionais. Son quen de compararnos con Mans Limpas, de expulsalos do Parlamento, de mentirlles e logo cuestionar as súas protestas. Son incluso vostedes quen de ameazalos con sancións se seguen protestando nos hospitais.

Eu preguntome se ese é o seu compromiso coa ética. E preguntome, polo tanto –e habida conta de que todo o que veño de relatar evidencia a súa falida política en materia sanitaria, tamén a do señor Feijóo–, se vostede, señor conselleiro, vai asumir o fracaso do seu modelo sanitario e do señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Solla.

Resposta. Conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):

Con perdón, señora Solla, ten vostede unha ensalada na cabeza que a verdade non acabo de entender. *(Murmurios.)* Non sei por que teño que falar como conselleiro de Sanidade sobre sancións no Parlamento, expulsións..., non sei que ten que ver iso coa Consellería de Sanidade.

Pero mire, imos tratar de contestar ao que cremos que vostede non ten razón. *(Murmurios.)* En primeiro lugar, vostede afirma que a saúde da poboación non semella ser a prioridade para este goberno. É moi sorprendente, pois vostede sabe ben que, de feito, non só é unha prioridade, senón que é a primeira prioridade deste goberno. Os datos están aí. Sanidade constitúe a maior partida dos orzamentos. O feito de que a porcentaxe de orzamento destinada a sanidade ascendese ata o 40 % do total da Xunta é o mellor indicador de que este compromiso do Goberno consiste no sistema sanitario público.

Fala tamén de deterioración e de fracaso do sistema sanitario, outra afirmación claramente errónea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* aconséllolle que non crea a

súa propia propaganda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Resulta moi rechamante que aqueles que din defender a sanidade pública se empeñen sistematicamente en denigrala para usala como ferramenta electoralista, e máis vostede, que é da área de Vigo; só fala do hospital de Vigo –público privado, chámalle, non o sei–.

Pois ben, non é certo este fracaso, e os indicadores obxectivos aí poñémolos claramente de manifesto. Por exemplo, ¿pódese falar de fracaso cando incrementamos moi significativamente a actividade cirúrxica do Sergas? En 2015 fixemos 185.272 intervencións, case 17.000 intervencións máis que no 2009, alcanzando en 2013 o fito de que por primeira vez as intervencións ambulatorias superaron aquelas que requiren ingreso – importante para a calidade dos nosos pacientes–, e todo isto cun nivel óptimo no rendemento cirúrxico, superando o 75 %.

¿Pódese falar de fracaso cando conseguimos baixar a lista de espera dos pacientes con patoloxías máis graves á prioridade 1, os galegos e as galegas que permanecen en espera menos de 20 días para operarse?

¿Pódese falar de fracaso cando o número de consultas hospitalarias en xornadas ordinarias realizadas en 2015 foi de 4.237.000, que son 460.000 máis que en 2009? E os galegos esperan menos: en 2009 o tempo medio de espera para unha consulta era de 71 días e actualmente é de 51,4, case 20 días menos.

¿Pódese falar de fracaso na xestión cando favorecemos a participación dos cidadáns na xestión do sistema público de saúde de Galicia? Un gran fito é a constitución do Consello Galego de Pacientes en setembro de 2011, resultando ser a primeira comunidade autónoma que o levou a cabo. O Sergas tamén foi pioneiro coa creación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

¿Pódese falar de fracaso cando modernizamos de xeito moi importante as nosas instalacións, a pesar da crise que temos padecido? Equipamentos: puxemos en funcionamento os novos hospitais de Lugo e Vigo, continuamos o Plan director do Complexo Hospitalario da Coruña, iniciamos a ampliación do Hospital do Salnés e do Hospital de Ourense, estamos a traballar no futuro dos hospitais de Ferrol e Conxo, actuamos en 36 centros de saúde e 25 novos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):
...con outros 9 en construción.

¿Pódese falar de fracaso cando hoxe os galegos dispoñemos dunha historia clínica electrónica e dunha receita electrónica que son unha referencia? ¿Pódese falar de fracaso cando este ano vai cubrir toda a comunidade galega?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Solla.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Eu terei algún tipo de ensalada pero vostede debe revisar a súa audición, porque, mire, o fracaso non é da sanidade, o fracaso é do seu modelo sanitario. E voulle dicir, acabo de relatarlle os recortes orzamentarios, os recortes de persoal, a problemática das listas de espera e a situación na que nos teñen vostedes aos traballadores e traballadoras eventuais. (*Murmurios.*) Pero dígolle máis, que vostede fale de modernización das instalacións, ¡por favor! Pase vostede polos hospitais e polos centros de saúde; eu fágoo, parece que vostede non. Temos falado en múltiples ocasións na Comisión de Sanidade de como están: goteiras, incluso caída de radiadores, desprendementos de paredes; unha deterioración xeneralizada que é froito dunha falla de planificación durante anos; vostedes non fan absolutamente nada.

Non fixeron practicamente nada en canto a todos eses centros de saúde que ían facer. Dígalle vostede á xente do Hío por que están esperando aínda, cando xa teñen dende hai moitos anos terreos para construír o seu centro de saúde. Fálelles vostede aos cidadáns de Pontevedra de por que teñen que esperar para a ampliación do Montecelo e vostedes seguen porfiando nese modelo PFI de Monte Carrasco.

Pero, por certo, señor conselleiro, mire, que vostede trate aquí de dar algún tipo de lección é bastante lamentable. Cando chegou vostede hai seis meses, aínda podía ter o beneficio da dúbida; agora é vostede herdeiro das mesmas políticas que deron coa señora Mosquera na rúa. Ten mañá

vostede unha manifestación en Vigo contra a súa xestión, contra a súa política e contra a xestión da política do señor Feijóo.

E unha vez máis vostede toca de oído, porque non se entera de que vai isto da Consellería de Sanidade. Non teñen nin idea de planificación sanitaria, e vén aquí trasladarnos unha planificación ausente en dúas lexislaturas. Non presume do que non pode. E, sobre todo, por favor, que lle quede claro que mañá a cidadanía vai volver saír dicirlles o que non poden dicir nesta Cámara: vostede a nós non nos representa, aos sanitarios e sanitarias. E, por certo, señor Almuíña, mañá vai ter unhas cantas voces que llo van explicar bastante claro.

Espero que tome nota e non teñamos que esperar a outra mobilización para que vostede sexa cesado e para que o señor candidato Feijóo sexa cesado tamén do seu posto de presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Solla.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Bueno, señora Solla, vexo que vostede coñece moito máis ca min a realidade da sanidade, fundamentalmente en Pontevedra, porque outra cousa parece que non coñece. ¿Sabe a diferenza? Eu visito os centros, pero non levo cámaras, nin o subo ao Facebook. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Eu estiven moitas máis veces. *(Aplausos.)*

Mire, para falar tan mal do mellor centro sanitario que neste momento temos en Galicia, que é da súa área, eu nunca vin un comentario en positivo de vostede sobre ese centro, e paréceme lamentable, paréceme lamentable. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

E mire, o cese do presidente da Xunta de Galicia sabe que non é a dedo, ¿non?, é por votación popular. Esperaremos a cando haxa eleccións a ver se cesan o presidente ou a cesan a vostede, *(Aplausos.)* posiblemente. *(Murmurios.)*

Mire, señora Solla, nós queremos uns servizos sanitarios públicos equitativos, suficientes e de calidade, e utilizámo-

los de forma eficiente. En consecuencia, quero defender o respecto que merecen tanto o Sergas como os seus profesionais. Tachar o noso sistema como fracaso non é aceptable. *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Como máximo responsable do sistema público de saúde de Galicia, teño a obriga de defender o seu prestixio.

Pese á evidente dificultade e aos posibles erros que se poden cometer –todo aquel que toma decisións pode equivocarse–, durante o proceso penso que afrontamos este reto con solvencia. Lográmoslo grazas ao esforzo dos profesionais e xestores que traballan na sanidade pública galega. E as medidas impulsadas pola Consellería, e, en xeral, polo Goberno da Xunta, creo que son as aconsellables e as importantes. O feito de que a porcentaxe de orzamento destinada a sanidade ascende a máis do 40 % creo que é o primeiro indicador, *(A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* pero hai moitos máis.

Por iso é necesario seguir a transformar o modelo asistencial, pasando dun modelo de atención reactivo a un modelo proactivo, enfocado fundamentalmente á promoción da saúde e á prevención da enfermidade, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* á abordaxe da cronicidade, á autoxestión e autocoidado da enfermidade e á promoción dun envellecemento activo e saudable.

Mire, vostede fala mal da sanidade ou do modelo sanitario, como queira dicir; pero resulta que hai unha importante maioría de enquisados en Galicia que están a favor, ¡eh! Máis dun 70 % dos galegos pensan que a sanidade galega é boa. Igual se equivocan os galegos, ¡pode ser, pode ser! Incluso por encima do criterio que teñen os españois sobre o sistema sanitario do Estado. Por tanto, creo que non estamos facendo as cousas tan mal.

E dicirlle algo, mire, collo datos dunha asociación que creo que non é dubidosa: A Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública: informe de setembro de 2015.

Pois mire, no ano 2010, despois do Bipartito, estabamos no posto 15, segundo esta asociación, de 17. E neste momento, no 2015, estamos no posto sétimo. ¡Ah!, non nos chega. Nós queremos todavía subir máis. *(Murmurios.)* Pero no momento máis difícil, *(Aplausos.)* nunha situación económica

difícil, Galicia mellorou a relación co resto do Estado español. Polo tanto, creo que todo é mellorable, pero estamos na liña positiva. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por iso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña):
...grazas aos pacientes e grazas aos nosos profesionais.
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás sete e dezasete minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copá, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Paçín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermin	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25